50	929	13100	PLT Outras retribucións	39.000,00
51	929	48900	Funcións non clasificadas: Fondo Munic.de Coop.	65.000,00
10	929	50000	Imp. e func. non clasificadas: Fondo Continxencia	50.000,00
			TOTAL GRUPO DE PROGRAMA	159.000,00
			931 POLITICA ECONÓMICA E FISCAL	
50	931	12000	Política económica e fiscal. PF Retrib. Básicas A1	95.850,00
50	931	12003	Política económica e fiscal. PF Retrib. Básicas C1	32.280,00
50	931	12004	Política económica e fiscal. PF Retrib. Básicas C2	45.600,00

Presupuesto Trabajo :

PPTO 2020 ORZAMENTO XERAL 2020

Página : 58

Escenario Ingresos : 1

Partida			DESCRIPCIÓN	Importe
50	931	12006	Política económica e fiscal. PF Trienios	42.100,00
50	931	12100	Política económica e fiscal. PF complem. destino	110.220,00
50	931	12101	Política económica e fiscal. PF complem. específico	158.760,00
50	931	15000	Política económica e fiscal. Productividade	4.020,00
50	931	16000	Política económica e fiscal. Seguridade Social	126.000,00
50	931	16009	Política económica e fiscal. Complemento I.T.	10,00
20	931	22000	Política económica e fisc. Mat. oficina non invent	1.500,00
20	931	22001	Política económica e fiscal. Prensa, rev. libros	1.000,00
50	931	23120	Política económica e fiscal. Locomocion	200,00
20	931	35200	Política económica e fiscal. Xuros de demora	40.000,00

Presupuesto Trabajo : PPTO 2020 ORZAMENTO XERAL 2020

Página : 59

Escenario Ingresos : 1

Partida			DESCRIPCIÓN	Importe
20	931	35900	Política económica e fiscal. Outros gtos. Fin.	2.000,00
TOTAL GRUPO DE PROGRAMA				659.540,00
			933 XESTIÓN DO PATRIMONIO	
10	933	22706	Xestión do patrimonio. Estud. e trab.técnicos	30.000,00
60	933	63200	OOPP. Xtión Patr. Inv.Rep. Edif. e O.Constr.	982.000,00
TOTAL GRUPO DE PROGRAMA				1.012.000,00
			934 XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA	
50	934	12000	Xtión débeda e Tª PF Retrib. Básicas A1	15.980,00
50	934	12003	Xtión débeda e Tª. PF Retrib. Básicas C1	32.280,00
50	934	12004	Xtión débeda e Tª. PF Retrib. Básicas C2	36.480,00

Presupuesto Trabajo :

PPTO 2020 ORZAMENTO XERAL 2020

Página : 60

Escenario Ingresos : 1

Partida			DESCRIPCIÓN	Importe
50	934	12006	Xtión débeda e Tª. PF Trienios	23.820,00
50	934	12100	Xtión débeda e Tª. PF complem. destino	56.550,00
50	934	12101	Xtión débeda e Tª. PF complem. específico	81.300,00
50	934	13000	Xtión da débeda e Tª. Retribuc.básicas PLF	14.190,00
50	934	13002	Xstión da débeda e Tª. Outras retribucións PLF	14.100,00
50	934	15000	Xtión da débeda e Tesour. Productividade	2.300,00
50	934	16000	Xtión débeda e Tª. Seguridade Social	74.650,00
20	934	22000	Xestión da débeda e Tesour. Gts ord.mat.oficina	5.280,00
20	934	22001	Xestión da débeda e Tesour. Suscripc. Publicacións	1.030,00
10	934	22201	Xestión da débeda e Tesour. Comunicac.postais	70.000,00

Presupuesto Trabajo :

PPTO 2020 ORZAMENTO XERAL 2020

Página : 61

Escenario Ingresos : 1

Partida			DESCRIPCIÓN	Importe
20	934	22602	Xestión da débeda e Tesour. Gts div.public.	1.600,00
20	934	22708	Xestión da débeda e Tesour.Servizos de recadación	8.000,00
20	934	22799	Xestión débeda e Tesour. Outros contratos serv.	20.050,00
20	934	63300	Xestión débeda e Tesour.Invest. Reposic. Maq e ins	1.580,00
			TOTAL GRUPO DE PROGRAMA	459.190,00
			TOTAL GENERAL	31.830.400,00

ORZAMENTO 2020

BASES DE EXECUCIÓN



**BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL CONCELLO DE OLEIROS
EXERCICIO 2020**

TÍTULO I

NORMAS XERAIS E DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo 1º - Ámbito temporal

1.-A aprobación, xestión e liquidación do Orzamento Xeral suxeitarase á normativa aplicable á Administración Local: Lei 7/1985 do 2 de abril, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDL 2/2004 (en adiante TRLFL) , Real decreto 500/1990, do 20 de abril; Lei 47/2003, do 26 novembro, xeral orzamentaria , Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e estas Bases de Execución.

2. Estas bases terán carácter subsidiario das disposicións ditadas ou que se diten con carácter xeral, destinadas á regulación do réxime local.

3.-Se o Orzamento xeral de 2020 tivera que prorrogarse, estas bases rexerán no período de prórroga.

Se ao iniciarse o exercicio económico de 2021, non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior ata o límite dos seus créditos iniciais. A prórroga non poderá afectar aos créditos para gastos por servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou sexan financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no citado exercicio. Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse modificacións orzamentarias conforme ao que se dispón nos artigos 177, 178 e 179 do TRLFL, coas limitacións que se establecen na citada lei.

Unha vez aprobado o Orzamento xeral, terán que efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións realizadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Artigo 2º - Ámbito funcional

As presentes bases aplicaranse con carácter xeral á execución do Orzamento do Concello coas particularidades que se detallarán.

Artigo 3º - Do Orzamento xeral

1.-O Orzamento xeral contén a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pódense recoñecer con cargo aos créditos que se aproban para o exercicio de 2020 e dos dereitos que prevense liquidar durante o mesmo período. Sendo os seus respectivos importes os seguintes:

Estado de ingresos
31.830.400,00

Estado de gastos
31.830.400,00

Polo que a teor do previsto nos artigos 164.1 e 165.4 do TRLFL, o Concello aproba o Orzamento xeral sen presentar déficit inicial.

2.-Incorporaranse ao Orzamento xeral as obrigas pendentes de pagamento e os ingresos pendentes de cobro da liquidación do exercicio de 2019, así como os remanentes de créditos non utilizados que estean debidamente financiados.



3.- O réxime de competencias establecido nas presentes bases debe entenderse sen prexuízo das delegacións que se realizen ou se puidesen acordar por parte da Alcaldía.

Artigo 4º - A estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

De conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF en adiante), as Entidades Locais, como Administracións Públicas suxeitas a esta Lei, virán obrigadas a establecer nas súas normas reguladoras en materia orzamentaria, os instrumentos e procedementos necesarios para axeitalas á aplicación dos principios contidos nesta Lei, a saber: a estabilidade orzamentaria, a sustentabilidade financeira, a plurianualidade, a transparencia, a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, a responsabilidade e a lealdade institucional.

4.1. O marco orzamentario a medio prazo.

O Alcalde aprobará antes do 15 de marzo de cada ano, o plano orzamentario a medio prazo no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e Regra de Gasto.

O plano orzamentario a medio prazo abarcará un período mínimo de tres anos e conterá, entre outros parámetros:

- a) Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e Regra de Gasto, correspondente ás entidades locais nas que se encadre este Concello.
- b) As proxeccións das principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- c) Os principais supostos nos que se basean as devanditas proxeccións de ingresos e gastos.
- d) Unha avaliación de como las medidas previstas poden afectar á sostibilidade a longo prazo das finanzas públicas.

Darase conta deste Plano ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

4.2. Liñas fundamentais do orzamento

O Alcalde aprobará antes do 15 de setembro de cada ano as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio seguinte, co contido ao que fai referencia o artigo 15.1 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

4.3. Custo efectivo dos servizos

Antes do 1 de novembro de cada ano, deberá remitirse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información relativa ao custo efectivo dos servizos que prestan, que calcularase seguindo os criterios establecidos na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais, ou a normativa que a desenvolva.

A estes efectos, con anterioridade ao 1 de outubro, os distintos departamentos deberán remitir á intervención municipal a documentación necesaria para o dito cálculo. Serán responsables, nos termos recollidos no artigo 19 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, da remisión desta información, os xefes dos respectivos departamentos.

4.4. Límite de gasto non financeiro.

O Pleno por maioría simple aprobará, previamente á adopción do acordo de aprobación inicial do orzamento, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do Orzamento a aprobar. O límite de gasto non financeiro será o resultado de engadir á capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC que constitúa o obxectivo de estabilidade de cada ano para as corporacións locais, as previsións iniciais dos recursos non financeiros previstos para o exercicio anterior (suma dos



capítulos 1 a 7 de ingresos) deducido ou aumentado, segundo corresponda, cos axustes de contabilidade nacional. Porén, os gastos non financeiros ou gasto computable, terán como teito o menor dos importes calculados para o Límite de Gasto Non Financeiro e para a Regra de Gasto.

4.5. Regra do gasto

Calcularase como o produto da taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española pola diferenza entre os gastos non financeiros (Capítulos I a VII) menos os intereses da débeda e menos o gasto financiado con fondos finalistas doutras administracións públicas, de acordo coa Guía para a determinación da Regra de Gasto para Corporacións locais, aprobada pola IGAE.

4.6. Destino do superávit orzamentario

No suposto de que a liquidación orzamentaria en termos SEC 2010 se sitúe en superávit, este se destinará a reducir o endebedamento neto, sempre que exista RLTGX positivo e suficiente, ou se a normativa vixente o permitira, a gastos finalistas, así como outros destinos que se recollan na normativa vixente en cada momento.

4.7. Subministro de información

En orde a dar cumprimento á obriga de remisión da información recollida na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, deberase remitir á Intervención a seguinte información, polos seguintes servizos e coa periodicidade aquí recollida:

a) SERVIZO DE PERSOAL

Antes do 15 de xaneiro, a seguinte información referida ao orzamento inicial

- a) Retribucións básicas, complementarias, acción social, e achegas a plans de pensións, cotizacións ao sistema de Seguridade Social a cargo do empregador e indemnizacións.
- b) Efectivos por clases de persoal.
- c) Dotacións ou cadros orzamentarias de persoal, coa desagregación orgánica expresado no apartado a).

Antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano, esta mesma información referida ao orzamento executado no trimestre anterior, así como o acumulado do exercicio ata o trimestre anterior.

Antes do 15 de outubro, esta mesma información referida á liquidación do orzamento do ano anterior.

b) SERVIZO DE TESOURERÍA

Antes do 15 de marzo, a situación a 31 de decembro do exercicio anterior da débeda viva, incluídos os cadros de amortización.

Antes do 1 de setembro, o estado de previsión de movemento e situación da débeda para o ano seguinte, aos efectos de elaboración e remisión das Liñas Fundamentais dos Orzamentos.

Antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano, as actualizacións do seu Plano de tesouraría e detalle das operacións de débeda viva que conterà polo menos información relativa a:

- a) Calendario e orzamento de Tesouraría que conteña os seus cobros e pagos mensuais por rúbricas incluíndo a previsión do seu mínimo mensual de tesouraría.
- b) Previsión mensual de ingresos.
- c) Saldo de débeda viva.
- d) Impacto das medidas de aforro e medidas de ingresos previstas e calendario previsto de impacto no orzamento.
- e) Vencementos mensuais de débeda a corto e longo prazo.
- f) Calendario e contías de necesidades de endebedamento.
- g) Evolución do saldo das obrigas recoñecidas pendentes de pago tanto do exercicio corrente como dos anos anteriores.



h) Perfil de vencementos da débeda dos próximos dez anos.

Antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural, o informe trimestral, regulado no artigo cuarto.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, así como a información relativa ao período medio de pagamento, co detalle establecido no artigo 15.8 da citada Orde de remisión de información.

c) **SERVIZO DE POLITICA FISCAL E ECONÓMICA**

Antes do 15 de xaneiro de cada ano, os documentos do orzamento aprobado para o mesmo, cos investimentos previstos a realizar no exercicio e nos tres seguintes, súa correspondente proposta de financiamento e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Antes do 15 de marzo, os planos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado.

Antes do 15 de setembro, as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte.

d) **SERVIZO DE SECRETARÍA**

No prazo máximo dun mes a contar desde a creación, extinción ou modificación institucional, estatutaria ou financeira da entidade, remitirá o detalle que en cada caso sexa necesario para o mantemento da Base de Datos Xeral de Entidades Locais e do Inventario de Entes do Sector Público Local.

Remítanse, polo tanto, referidos á propia Entidade Local a todos os organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculados, dependentes ou nos que a Entidade local participe, así como as contidas no artigo 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento, de Estabilidade Orzamentaria, os seguintes datos:

a) A denominación das entidades, organismos, entes, institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculadas ou dependentes ou nas que participe.

b) Os códigos INE e NIF de identidade.

c) O enderezo e código postal.

d) O teléfono, fax e correo electrónico.

e) As datas de alta, baixa ou modificación, no seu caso.

f) A finalidade institucional, estatutaria ou societaria atribuída a cada suxeito.

g) As competencias e actividades que teñan encomendadas pola súa respectiva norma ou acordo de creación.

h) Os recursos que financian as súas actividades.

i) O réxime orzamentario e contable.

j) No suposto de entidades de carácter asociativo, a todo o anterior engadirase a súa composición e, no seu caso, a porcentaxe de participación de cada entidade.

Neste sentido, deberán especificarse os dereitos de voto, nomeamento ou destitución que o Concello ou calquera dos seus organismos ou sociedades mercantís integrantes, dependentes ou participados, posúan de forma directa ou a través doutras sociedades participadas ou dominadas por eles.

Para a determinación da porcentaxe de participación, naqueles supostos en que participen ou ostenten dereitos de voto, nomeamento ou destitución varios suxeitos dos enumerados con anterioridade, se sumarán as porcentaxes de participación e disposición de dereitos de todos eles.

k) Calquera outro dato de carácter xurídico, económico ou organizativo que, puideran resultar de interese para a análise económico-financiera dos entes integrantes do Inventario.

Serán responsables, nos termos recollidos no artigo 19 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, da remisión desta información, os xefes dos respectivos departamentos.



4.8 Fondo de continxencia

De conformidade co establecido no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, inclúese na aplicación 10.929.5000 do Orzamento Municipal, unha dotación en concepto de Fondo de continxencia de execución orzamentaria por importe de 50.000 €, para operacións non financeiras, que se destinará, cando proceda, a atender necesidades inaprazables de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que podan presentarse ao longo do exercicio, destinadas unicamente a financiar créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito. En ningún caso poderá utilizarse para financiar o dar cobertura a gastos ou actuacións que deriven de decisións discrecionais do Concello carentes de cobertura orzamentaria.

A apreciación da existencia de ditas necesidades e a aplicación do Fondo corresponderá ao órgano competente para a aprobación das correspondentes modificacións orzamentarias.

Artigo 5º - Estrutura orzamentaria

A estrutura do Orzamento xeral está axustada á Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e se estableceron os criterios de clasificación económica, orgánica e por programas, modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

1.-Gastos:

A clasificación por programas vincúlase ás políticas públicas de gasto que delimitan as distintas áreas de actuación do orzamento.

Os créditos incluídos no estado de gastos clasificáronse con arranxo aos seguintes criterios:

a) Programas -Distinguíndose: Área de gasto, Política de gasto, Grupo de programa.

b) Económica -Distinguíndose: Capítulo, Artigo, Concepto e Subconcepto.

c) Orgánica – Distinguíndose as seguintes unidades orgánicas:

- 10- Presidencia
- 20- Economía e facenda
- 30- Interior
- 31- Seguridade Cidadá
- 33- Tecnoloxías da información
- 40- Obras particulares
- 41- Planeamento
- 50- Recursos humanos
- 51- Cooperación e participación cidadá
- 52- Comunicación
- 60- Obras públicas e medio ambiente
- 61- Servizos
- 62- Parques e xardíns.
- 70- Servizos sociais
- 72- Sanidade
- 80- Cultura e normalización lingüística
- 81- Deportes.Formación e emprego. Turismo e promoci. económica
- 82- Ensino e xuventude

A aplicación orzamentaria, virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programa e económica, no nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente. Constitúe a unidade sobre a que se efectuará o rexistro contable dos créditos, as súas modificacións e as operacións de execución do gasto.

2.-Ingresos:

A estrutura de ingresos está adaptada á Orde EHA/3565/2008 do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.



Artigo 6º - Créditos do Orzamento e os seus niveis de vinculación xurídica

1.- Non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe dos créditos autorizados no estado de gastos. Estes teñen carácter limitativo, dentro do nivel de vinculación xurídica que se establece no punto seguinte.

2.- Os niveis de vinculación xurídica son:

Respecto da clasificación orgánica: para todos os capítulos de gasto, a unidade orgánica.

Respecto da clasificación por programas e económica, segundo se sinala a continuación:

Gastos de persoal (Capítulo I)

a) Respecto da clasificación por programas, a política de gasto, a excepción das aplicacións da política de gasto 13 que será o grupo de programa.

b) Respecto da clasificación económica, o artigo.

Gastos en bens correntes e servizos (Capítulo II)

a) Respecto da clasificación por programas, a política de gasto, a excepción das aplicacións da política de gasto 13 y las aplicacións do orgánico 80 que será o grupo de programa.

b) Respecto da clasificación económica, o artigo, a excepción dos orgánicos 80, 81 e 82 que será o capítulo.

Gastos financeiros (Capítulo III)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.

b) Respecto da clasificación económica, o artigo.

Transferencias correntes (Capítulo IV)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.

b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Gastos de investimento (Capítulo VI)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto, a excepción das aplicacións da política de gasto 13 que será o grupo de programa.

b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Transferencias de Capital (Capítulo VII)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.

b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Activos financeiros (Capítulo VIII)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.

b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

Pasivos financeiros (Capítulo IX)

a) Respecto da clasificación por programas, a área de gasto.

b) Respecto da clasificación económica, o capítulo.

3.- A efectos da vinculación xurídica dos créditos, todas as aplicacións orzamentarias derivadas da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, entenderanse creadas cun crédito inicial de cero euros.

Cando se trate dun gasto imputable ao capítulo 6 do Orzamento que exceda da consignación do correspondente proxecto de gasto previsto no anexo de investimentos, ou no caso de que este non estea previsto, sen superar o nivel de vinculación xurídica, deberá achegarse informe no que consten o/s proxecto/s de gasto e aplicación/s de gasto minoradas que financien aquel gasto, o cal deberá estar asinado polo técnico responsable do departamento correspondente, co visto e prace do concelleiro responsable da área afectada.

CAPITULO II - MODIFICACIÓN DE CRÉDITO



Artigo 7º - Das modificacións de créditos

1.-Cando se teña que realizar un gasto que non se poida demorar ata o vindeiro exercicio e non exista no orzamento crédito para aténdelo, ou sexa insuficiente e non ampliable ao consignado, o presidente ordenará a incoación do oportuno expediente de modificación de créditos, de conformidade coas particularidades reguladas no presente capítulo.

Procederáse coa máxima urxencia á modificación orzamentaria necesaria, cando o Concello fose condenado por sentenza xudicial ao pagamento de cantidade líquida concluíndose o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución, dando así cumprimento ao disposto no art. 106 da Lei de xurisdición contencioso – administrativa, Lei 29/98 do 13 de xullo.

2.-Calquera modificación de créditos esixe unha proposta razoada da variación, valorándose a incidencia que esta poida ter na consecución dos obxectivos fixados no momento de aprobar o Orzamento xeral.

3.-Todo expediente de modificación de créditos será informado pola Intervención Xeral, e axustarase na súa tramitación ao previsto no artigo 177 e seguintes do TRLFL.

Artigo 8º - Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

1.-Se no exercicio tivese que realizarse un gasto que non se puidese demorar ata o ano seguinte e para o que non existise crédito, poderase aprobar a modificación orzamentaria a través dun crédito extraordinario. No caso de que o crédito previsto resultase insuficiente e non ampliable, acordarase un suplemento de crédito.

2.-Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito financiaranse cun ou varios dos seguintes recursos: Remanente líquido de Tesourería, novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do presuposto ou anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do presuposto non comprometidas, cando as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo (transferencias de crédito).

3.-Os gastos de investimento aplicables aos capítulos VI e VII, tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito.

4.-Excepcionalmente, os gastos aplicables aos capítulos I, II, III e IV, poderán financiarse mediante operacións de crédito, sendo preciso o cumprimento destas condicións:

a)Que o Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, declare a necesidade e a urxencia do gasto e recoñeza a insuficiencia doutros medios de financiamento dos previstos no punto 2.

b)Que o importe total non supere o 5 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade.

c)Que a carga financeira total non supere o 25 % dos expresados recursos.

d)Que o vencemento da operación de crédito sexa anterior á data de renovación da Corporación.

Artigo 9º -Tramitación dos expedientes de créditos extraordinarios e suplementos de crédito

1.-Serán incoados nas unidades administrativas que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos obxecto de modificación, por orde do alcalde.

2.-Á proposta acompañarase unha memoria xustificativa da necesidade de realizar o gasto no exercicio e da inexistencia ou insuficiencia de crédito no nivel en que se atope establecida a vinculación xurídica.

3.-Os expedientes, aprobados inicialmente polo Pleno do Concello, expóranse ao público durante quince días hábiles. Durante ese período os interesados poderán presentar reclamacións. Se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, noutro caso, haberá de resolvelo o Pleno no prazo dun mes contado desde o remate da exposición ao público.

4.-Cando a causa do expediente fose calamidade pública ou outras de excepcional interese xeral, a modificación orzamentaria será executiva desde a aprobación inicial e, en consecuencia, a partir deste momento poderase aplicar o gasto.

5.-A aprobación destas modificacións no Orzamento do Concello compete ao Pleno do Concello.



Artigo 10º - Ampliación de créditos

1.-En cumprimento do que se establece no art. 178 do TRLFL, consideraranse aplicacións ampliables aquelas que correspondan a gastos financiados con recursos expresamente afectados, segundo a seguinte táboa:

Aplicación De Gasto Ampliable	Concepto De Ingreso Asociado
51.929.48900	48100 Achegas a programas de solidariedade
50.221.83000	83000 Reintegro anticipos a persoal Concello

2.-A ampliación de créditos esixirá a tramitación do expediente incoado pola unidade administrativa responsable da execución do gasto, no que se acredite o recoñecemento en firme de maiores dereitos sobre os previstos no Orzamento de ingresos, especificando o recurso que financiará o maior gasto e a súa efectividade.

3.-A Intervención Xeral informará ao respecto e, unha vez aprobado o expediente, será executivo sen máis, procedéndose a efectuar as modificacións previstas.

Artigo 11º - Transferencia de crédito.

1.-Cando teña que realizarse un gasto aplicable a unha aplicación sendo o seu crédito insuficiente e resulte posible minorar o crédito doutras aplicacións correspondentes a diferentes niveis de vinculación xurídica, sen alterar a contía total do estado de gastos, aprobarase un expediente de transferencia de crédito.

2.-A aprobación das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, ou entre aplicacións do Capítulo I, é competencia do alcalde .

3.-Os expedientes serán incoados polas unidades administrativas xestoras do gasto, debendo constar a conformidade dos concelleiros responsables das áreas implicadas na modificación.

4.-No inicio do expediente será preciso ordenar a retención do crédito na aplicación da que o crédito se prevé minorar, debendo constar o certificado expedido pola Intervención xeral.

5.-En canto á efectividade das transferencias de crédito que teñan que ser aprobadas polo Pleno, será de aplicación o réxime regulado no artigos 9.3, 9.4 das presentes bases.

6.-As transferencias de crédito aprobadas polo alcalde serán executivas desde a súa aprobación.

7.-Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica, segundo o previsto nos artigos sexto e sétimo.

Artigo 12º - Xeración de créditos por ingresos

1.-Podrán xerar créditos no estado de gastos os seguintes ingresos de natureza non tributaria:

a)Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xunto co Concello, gastos da competencia local. Será preciso que se tivese producido o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme de achega.

b)Alleamento de bens municipais, sendo preciso que se tivese procedido ao recoñecemento do dereito.

c)Ingresos procedentes da prestación de servizos polos que se tivesen liquidado prezos públicos ou privados en contía superior aos ingresos presupostados, ou estes non estivesen previstos no estado de ingresos do Orzamento.

d)Reintegro de pagamentos indebidos do orzamento corrente, podendo o seu cobro repoñer crédito na contía correspondente.

e)Reembolso de préstamos concedidos.

2.-Cando se coñeza o compromiso firme de efectuar unha achega a favor do Concello, que non estivese prevista no orzamento, ou se recadase algún dos ingresos descritos no punto 1 anterior, en contía superior á prevista, incoarase un expediente pola unidade administrativa xestora do servizo



correspondente no que se xustificará a efectividade dos cobros ou a firmeza do compromiso, así como a aplicación que debe ser incrementada.

3.-No devandito expediente será necesario tomar en consideración as consecuencias económicas de que o compromiso de achega non chegase a materializarse en cobro, precisando o financiamento alternativo que, no seu caso, será preciso aplicar.

4.-O expediente de xeración de créditos será aprobado polo alcalde ou concelleiro no que delegue.

Artigo 13 - Incorporación de remanentes de crédito

1.-Previamente á aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio anterior, a Intervención xeral elaborará o estado comprensivo de:

a)SalDOS de disposicións de gasto con cargo aos que non se procederá ao recoñecemento de obrigas.

b)SalDOS de autorizacións respecto a disposicións de gastos e créditos dispoñibles nas aplicacións afectadas por expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de créditos aprobados no último trimestre.

c)SalDOS de autorizacións respecto a disposicións de gasto e créditos dispoñibles nas aplicacións destinadas a financiar compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

d)SalDOS de autorizacións respecto a disposicións de gasto e créditos dispoñibles nos capítulos VI, VII, VIII e IX.

e)SalDOS de autorizacións respecto a disposicións de gasto e créditos dispoñibles nas aplicacións correspondidas coa efectiva recadación de dereitos afectados.

2.-Haberase de constatar, de acordo co anexo de investimentos, a existencia de ingresos afectados xa que os correspondentes créditos, terán que ser incorporados, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

3.- Os estados sinalados someteranse a informe dos responsables de cada área xestora co fin de que formulen proposta razoada de incorporación de remanentes, que deberá acompañarse de proxectos ou documentos acreditativos da certeza na execución da actuación correspondente ao longo do exercicio.

4.-No caso de existir recursos suficientes para financiar a incorporación de remanentes na súa totalidade a Intervención completará o expediente, que será enviado á concelleira de Facenda para a súa conformidade.

5.-Se os recursos financeiros non acadasen a cubrir o volume de gastos dimanante da incorporación de remanentes, a concelleira de Facenda, co informe previo da Intervención, establecerá a prioridade de actuacións, no que se terá en conta a necesidade de atender en primeiro lugar o cumprimento de obrigas resultantes de compromisos de gasto aprobados no ano anterior.

6.-A incorporación de remanentes que poida ser financiada con ingresos procedentes do orzamento do exercicio anterior será aprobada polo alcalde, xunto coa liquidación do Orzamento.

7.-A incorporación de remanentes poderá aprobarse antes que a liquidación do Orzamento xeral nos seguintes casos:

a)Cando se trate de créditos de gastos financiados con ingresos específicos, pola parte de gasto que conta con financiación específica.

b)Cando correspondan a contratos adjudicados no exercicio anterior ou a gastos urxentes, co informe previo da Intervención no que se avalíe que a incorporación non producirá déficit.

8.-A incorporación de remanentes tamén se poderá financiar con remanente líquido de Tesourería ou maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento corrente, cos requisitos e para as finalidades que en cada momento se establezan na lexislación vixente. A súa aprobación corresponderá ao alcalde da Corporación.

Artigo 14ª - Baixas de créditos por anulación

1.-Sempre que os créditos das diferentes aplicacións de gastos poidan ser diminuídos ou anulados sen perturbación do respectivo servizo ao que vaian destinados, poderán darse de baixa.

2.-Para iso, procederase á formación do expediente a iniciativa do concelleiro de Facenda, o informe do interventor xeral e a aprobación do Pleno municipal.



3.-Cando as baixas de créditos se destinen a financiar suplementos ou créditos extraordinarios, formará parte do expediente que se tramite para a súa aprobación e seguirase o procedemento legalmente establecido para a súa aprobación.

4.-No caso de que as baixas se destinen á finalidade fixada no acordo plenario non se precisará ningún novo trámite para que sexan inmediatamente executivas.

5.-En particular, recorrerase a esta modificación de crédito se da liquidación do exercicio anterior houberse resultado remanente de Tesourería negativo.

TÍTULO II

DOS GASTOS

CAPÍTULO I - NORMAS XERAIS

Artigo 15º - Anualidade orzamentaria

1.-Con cargo aos créditos do estado de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de gastos realizados no exercicio.

2.-Excepcionalmente, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a)As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal, correspondendo o recoñecemento destas ao alcalde.

b)As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores.

c)As procedentes de exercicios anteriores como consecuencia da realización dun gasto non tramitado con anterioridade, competendo neste caso o recoñecemento ao Pleno, sempre que non existira dotación orzamentaria no momento de producirse o gasto. No caso de que existira consignación suficiente no orzamento do citado exercicio, o órgano competente será o alcalde.

Artigo 16º - Fases na xestión do gasto

1.-A xestión do orzamento de gastos do Concello realizarase nas seguintes fases:

a) Autorización do gasto (documento A).

b) Disposición do gasto (documento D).

c) Recoñecemento da obriga (documento O).

d) Ordenación do pagamento (exclusivamente no ámbito administrativo e non contable).

As citadas fases terán o carácter e o contido definido nos artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

Con carácter previo procederase ás retencións de crédito correspondente.

2.-De conformidade co disposto no artigo 184.2 do TRLFL e aos artigos 67 e 68 do Real decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

3.-Os procesos administrativos e órganos competentes para a súa aprobación regúlanse no capítulo seguinte.

CAPÍTULO II - XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 17 - Inicio do procedemento de xestión

1.-Todo expediente de gasto iniciárase cunha proposta acompañada, no caso de gastos non habituais ou de carácter excepcional, dunha breve memoria xustificativa da necesidade da súa realización, emitidas ambas por parte do responsable da área xestora, e deberá contar co visto e prace do concelleiro delegado da área.

Para gastos superiores a 5.000 euros (IVE excluído), será preciso achegar, xunto coa proposta, os orzamentos de tres empresas que cumpran os requisitos de capacidade, solvencia, incompatibilidade e prohibicións que esixe a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



2.- Todas as propostas de gastos deberán tramitarse necesariamente a través da aplicación informática habilitada ao respecto, cos pasos, documentación e requisitos adicionais alí esixidos.

3.- Establécense as seguintes áreas xestoras de gasto dependentes das áreas de goberno establecidas por DA 2485/2011:

1/Alcaldía-Xerencia, 2/Planificación e Control, 3/Facenda, 4/ Interior, O.Público, Secretaría, 5/Seguridade, 6/Urbanismo, 7/Obras Públicas, 8/Servizos Municipais, 9/Servizos Sociais, Consumo e Sanidade, 10/Formación e Emprego, Turismo, 11/Cultura, 12/Ensino e Xuventude 13/RRHH, Cooperación e Participación Cidadá, 14/Prot.Civil, SPEI, 15/Parques, xardíns e Medio Ambiente, 16/Deportes, 17/Bibliotecas. Créase ademais a número 18/Museos e artes escénicas.

Artigo 18 - Retención de crédito. Procedemento xeral

Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento xeral do Concello, corresponderá á Intervención xeral a retención de créditos en base ás propostas de gasto ou de modificacións de crédito que efectúen as correspondentes unidades ou áreas xestoras.

Artigo 19 - Autorización de gastos

1.-**Autorización**, é o acto mediante o que se acorda a realización dun gasto por unha contía certa ou aproximada, reservando para tal fin a totalidade, ou parte, dun crédito orzamentario.

2.-É competencia do alcalde a autorización de gastos cando o importe non exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade, sen prexuízo das delegacións en materia de gasto efectuadas ao amparo do artigo 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, RBRL.

3.-É competencia do Pleno a autorización de gastos se o importe excede dos límites fixados no punto 2.

4.-Por delegación do alcalde, poden ser autorizados pola Xunta de Goberno Local, aqueles gastos se a súa contía non supera os límites da contratación directa, sempre que deban executarse dentro do exercicio.

Artigo 20 - Disposición de gastos

1.-**Disposición**, é o acto mediante o que se acorda a realización de gastos, previamente autorizados, por un importe exactamente determinado.

2.-Os órganos competentes para aprobar a disposición de gastos, serán os mesmos que se sinalan no artigo anterior.

3.-Cando no inicio do expediente de gasto, se coñeza a contía exacta e o nome do perceptor, acumularanse as fases de autorización e disposición, tramitándose o documento contable "AD".

Artigo 21 - Recoñecemento da obriga

1.-**Recoñecemento da obriga**, é o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido.

2.-O recoñecemento de obrigas distintas das referidas no punto anterior, é competencia do alcalde, sen prexuízo das delegacións en materia de gastos efectuadas ao amparo do artigo 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sempre que sexan consecuencia de compromisos de gastos legalmente adquiridos.

3.-Cando o recoñecemento de obrigas derive dun gasto realizado en exercicios anteriores, sen que se tivese tramitado no ano correspondente o expediente de gasto, a súa aprobación, corresponderá ao Pleno naqueles casos que non existía dotación orzamentaria. No caso de que existise consignación suficiente no orzamento do exercicio no que se realizou o gasto, o órgano competente será o alcalde.

4.-A fase de recoñecemento de obrigas esixe a tramitación do documento contable "O", se ben, no caso de presentación de facturas pola adquisición de subministracións, ou prestación de servizos, estas serán contabilizadas como documentos "O".

5.-Cando, pola natureza do gasto, sexan simultáneas as fases de autorización-disposición-recoñecemento da obriga, poderán acumularse, tramitándose o documento contable "ADO".



6.- As facturas expedidas polos contratistas recollidos no artigo 4 da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, presentaranse a través do punto xeral de entrada, creado por resolución da 1.ª tenente de alcalde delegada de Economía e Facenda, núm. 3925/14, de 17 de outubro.

Todas as facturas presentadas deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

- * Identificación clara do Concello, (nome, CIF).
- * Identificación do contratista: nome e apelidos, ou denominación social, CIF e domicilio do expedidor.
- * Número de factura, e no seu caso serie.
- * Data de expedición.
- * Data de operación, se é distinta da de expedición.
- * No caso de facturas rectificativas, a referencia á factura rectificada.
- * Descrición suficiente do subministro ou servizo.
- * Base impositiva, IVE, retención de IRPF, de ser o caso, e importe total da factura.
- * Centro xestor que efectuou o encargo.
- * Código do expediente de gasto (comunicado no momento da adxudicación).
- * Importe facturado con anterioridade, en relación ao citado expediente de gasto.
- * Lugar e data da súa emisión.
- * Entidade bancaria e número de conta onde transferir o seu importe, no seu caso.

No caso específico de facturas electrónicas, deberán cumprir tamén cos requisitos adicionais recollidos no Punto Xeral de Entrada do Concello, e especificados na sede electrónica do Concello.

7.-Para a tramitación da aprobación das facturas, seguirase o procedemento recollido na aplicación informática habilitada ao respecto, cos pasos, documentación e requisitos adicionais alí esixidos. Deste xeito, trasladaranse á oficina xestora co obxecto de que poidan ser conformadas polo xefe do servizo e o concelleiro/a responsable da área, implicando o dito acto que o servizo ou subministración se efectuou de acordo coas condicións contractuais. En canto aos prazos para a conformidade das facturas, recoñecemento da obriga e pagamento, estarase ao establecido en cada momento pola lexislación vixente.

8.- Unha vez conformadas as facturas trasladaranse á Intervención xeral para os efectos da súa fiscalización e contabilización, elaborándose unha relación de todas aquelas facturas que poden ser elevadas á aprobación do órgano competente.

Artigo 22 - Documentos suficientes para o recoñecemento da obriga

1.-Nos gastos do capítulo I, observaranse estas regras:

- a) As retribucións básicas e complementarias do persoal eventual, funcionario e laboral (artigos 10, 11, 12 e 13) xustificaranse mediante as nóminas mensuais, nas que constarán dilixencias acreditativas de que o persoal relacionado prestou efectivamente os servizos no período anterior.
- b) As remuneracións polos conceptos de produtividade e gratificacións (artigo 15) precisarán que, por parte do Servizo de Persoal, se acredite que foron prestados os servizos especiais ou que procede aboar a cantidade polo concepto de produtividade, de acordo coa normativa interna reguladora.
- c) As cotas da Seguridade Social quedan xustificadas mediante as liquidacións correspondentes, que terán a consideración de documento "O".

2.- Nos gastos do capítulo II en bens correntes e servizos, con carácter xeral, esixirase a presentación de factura. Os gastos de dietas e locomoción (artigo 23), que deberán ser aprobados previamente pola concelleira delegada de Persoal, incluíranse, unha vez xustificadas, na nómina correspondente e seguirán a mesma tramitación que esta. Igualmente poderán tramitarse mediante pagamentos a xustificar segundo o establecido no artigo 31 das presentes bases.

3.-Nos gastos financeiros (capítulos III e IX) observaranse estas regras:

- a) Os gastos por intereses e amortización, que orixina un cargo directo na conta bancaria, haberanse de xustificar coa conformidade de Tesouraría respecto ao seu axuste ao cadro financeiro. Tramitarase a



aprobación destes gastos pola Tesouraría Municipal, con carácter previo ao cargo da contía que corresponda.

b) Do mesmo xeito procederase respecto a outros gastos financeiros, se ben a xustificación será máis completa e o documento "O" deberá soportarse coa copia dos documentos formalizados ou a liquidación de intereses de demora.

4.- Nas transferencias correntes ou de capital, que o Concello teña que satisfacer, tramitarase o documento "O" que iniciará a unidade xestora cando se acorde a transferencia, sempre que o pagamento non estivese suxeito ao cumprimento de determinadas condicións. Se o pagamento da transferencia estivese condicionado, a tramitación do documento "O" terá lugar por cumprise as condicións fixadas.

5.- Nos gastos de investimento o contratista deberá presentar factura, que no caso dos contratos de obra deberá vir acompañada da correspondente certificación de obra, como se sinala no artigo anterior.

6.- A adquisición de accións esixirá para o seu pagamento que estas, ou o resgardo válido, obren en poder da Corporación.

7.- A concesión de préstamos ao persoal xerará a tramitación do documento "O", instado polo Servizo de Persoal, sendo o soporte a solicitude do interesado e a dilixencia de Persoal acreditando que a súa concesión se axusta á normativa.

Artigo 23 - Ordenación do pagamento

1.- **Ordenación dos pagamentos** é o acto administrativo mediante o que o ordenador de pagamentos, en base a unha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento.

2.- A ordenación de pagamentos do Concello é competencia do alcalde, se ben poderá delegar de acordo co establecido na normativa vixente.

3.- A ordenación de pagamentos, con carácter xeral, efectuarase en base a relacións de ordes de pagamento que elaborará a Tesouraría, de conformidade co Plan de disposición de fondos e a necesaria prioridade, por este orde, da débeda financeira, dos gastos de persoal e obrigas contraídas en exercicios anteriores.

4.- Se a natureza ou a urxencia do pagamento o require, a ordenación pode efectuarse individualmente.

CAPÍTULO III - PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

Artigo 24 - Gastos de persoal

1.- En canto aos gastos do Capítulo I, observaranse as seguintes regras:

a) A aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo polo Pleno supón a autorización do gasto dimanante das retribucións básicas e complementarias. Polo importe destas, correspondente aos postos de traballo efectivamente ocupados, tramitarase a comezos do exercicio o documento "RC" e/ou "AD".

b) As nóminas mensuais cumprirán a función de documento "ADO" ou "O", que se elevará ao alcalde, ao concelleiro/a delegado de Persoal ao amparo do art. 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, para os efectos da ordenación do pagamento.

c) O nomeamento de funcionarios ou contratación de persoal laboral orixinará a tramitación de sucesivos documentos "RC" ou "AD" por importe igual ás nóminas que se teña previsto satisfacer no exercicio.

d) Respecto ás cotas por Seguridade Social, ao inicio do exercicio tramitarase un documento RC por importe igual ao das cotizacións previstas. As posibles variacións orixinarán documentos complementarios ou inversos daquel.

e) En canto ao resto de gastos do capítulo I, se son obrigatorios e recoñecidos ao principio de ano, tramitarase o correspondente documento RC. Se os gastos fosen variables, en función das actividades



que leve a cabo a Corporación ou das circunstancias persoais dos perceptores, xestionaranse de acordo coas normas xerais recollidas nos artigos seguintes.

2.-Nóminas

- a) O pagamento de toda clase de retribucións aos empregados da entidade e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual, que se pechará o día que se determine no calendario de nómina, que se aprobará a principio de cada ano pola concelleira de Persoal. As alteracións que se produzan con posterioridade a esta data cursarán efectos na nómina do mes seguinte.
- b) Todas as nóminas confeccionaranse divididas nas seccións actuais ou naquelas outras que, a xuízo da Xerencia ou Intervención municipal, poidan considerarse máis axeitadas. Acompañarase un parte das variacións ocorridas nesta en relación ao mes anterior para a súa debida fiscalización.
- c) Cada relación de nómina levará a conformidade da xerencia municipal ou da oficina xestora de persoal pola que se acreditará que os empregados comprendidos nesta prestaron os servizos que se retribúen.
- d) Todos os haberes do persoal que figuran na nómina única serán pagados, pola entidade bancaria designada ao efecto pola Alcaldía, á data fixa ou día hábil inmediatamente posterior, no seu caso.
- e) O pagamento efectuarase pola entidade bancaria mediante o aboamento na conta que o perceptor tivese escollido. O pagamento, nestes casos, xustificarse co documento acreditativo do aboamento ou da orde de transferencia da entidade coa que se teña concertado o servizo do pagamento de haberes.

3.-Gastos de representación

Asignacións á Alcaldía e indemnizacións a membros da Corporación por asistencia a sesións ou reunións:

- a) En concepto de gastos de persoal, percibirán o alcalde e os concelleiros do grupo de Goberno as seguintes contías con cargo ao Orzamento xeral:

CARGO	IMPORTE ANUAL	RÉXIME
Alcalde	58.048,42	Exclusiva
1º Tte. de alcalde, responsable de área	42.998,51	Exclusiva
2º Tte. de alcalde, responsable de área	42.998,51	Exclusiva
3º Tte. de alcalde	32.248,85	Exclusiva
4º Tte. de alcalde	32.248,85	Exclusiva
5º Tte. de alcalde	30.690,00	Exclusiva
6º Tte. de alcalde	30.690,00	Exclusiva
Concelleiro delegad@	30.690,00	Exclusiva
Concelleiro delegad@	28.644,00	Exclusiva
Concelleiro delegad@	28.644,00	Parcial
Concelleiro delegad@	26.874,09	Parcial
Concelleiro delegad@	26.874,09	Parcial

- b) Importe de asistencia a Plenos, Comisións informativas, Xunta de Goberno Local, Mesas de contratación, así como calquera outro órgano colexiado legalmente constituído, segundo o acordo plenario do 27 de xuño de 2019:

Órgano	Contía
Por asistencia a cada sesión plenaria	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza das comisións informativas permanentes ou especiais	150,00 €
Por asistencia a cada xuntanza da mesa de contratación	120,00 €

No caso de celebración de dúas ou máis sesións dun órgano colexiado no mesmo día, unicamente abonarase a contía correspondente a unha dieta.



A modificación do réxime e contía das dedicacións, así como a asistencia aos órganos colexiados legalmente constituídos corresponde ao Pleno da Corporación, sen que as modificacións puntuais desta previsión inicial supoña a tramitación dunha modificación das presentes bases.

4.-Diets por manutención e estancia en comisión de servizos

Os gastos por manutención e estancia so inclúen o aloxamento e a manutención e o seu importe corresponderase co realmente xustificado con facturas. Os gastos correspondentes a “Gastos derivados de servizos ao Concello” indemnizarán outros gastos efectuados polos concelleiros. En todo caso, estes requirirán a autorización previa e expresa da Alcaldía.

Para os efectos en que puidese ser aplicable a Resolución o alcalde considerarase incluído no Grupo I, sendo os concelleiros asimilados ao grupo II.

Xestións fóra de Galicia

Gastos derivados de servizos ao Concello: **150,00 euros** (previamente autorizados pola Alcaldía)

Gastos a xustificar (aloxamento e manutención)

Xestión en Galicia

Gastos derivados de servizos ao Concello: **90,00 euros** (previamente autorizados pola Alcaldía)

Gastos a xustificar (aloxamento e manutención)

Xestión dentro da Mancomunidade

Gastos derivados de servizos ao Concello: **30,00 euros** (previamente autorizados pola Alcaldía)

Gastos a xustificar (manutención)

5.- Diets por celebración de vodas e acollementos civís

Acadarán os **100,00 euros** por xornada, entendendo por xornada a mañá ou a tarde, con independencia do número de eventos a celebrar nunha mesma xornada.

6.- Indemnizacións ao persoal ao servizo da Corporación e membros desta por viaxes

Aplicaranse os criterios regulamentarios establecidos sobre indemnizacións por quilometraxe, gastos de locomoción, segundo a lexislación vixente na materia, e terase en conta o disposto no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, sobre indemnizacións por razón do servizo, así como as sucesivas disposicións. Poderanse aboar os gastos de peaxe e estacionamento debidamente xustificadas.

7.- Produtividade.

O pagamento de produtividades ven consignado no subconcepto de gastos 150.00

8.-Gratificacións

O pagamento de gratificacións ven consignado no subconcepto de gastos 151.00.

9.-Anticipos de pagas ao persoal

A Alcaldía poderá conceder anticipos coas condicións establecidas polos acordos adoptados polo Concello Pleno en materia de persoal.

Estes anticipos deberán solicitarse nos formularios preparados para o efecto que, unha vez cubertos debidamente, servirán de base para o informe previo da concelleira de Persoal e para a posterior resolución da Alcaldía.

A concesión do anticipo solicitado axústase a regulación establecida no RD-Lei 2608, de 16 de decembro de 1929, sobre anticipos aos funcionarios públicos.

O importe total do anticipo recibido será dunha o dúas pagas ou mensualidades non poderá exceder de dúas pagas ou mensualidades do haber líquido que perciba o solicitante, entendendo por haber líquido o que disfrute como remuneración do seu cargo principal, sen a acumulación ou aumento de gratificacións, indemnizacións, dietas ou emolumentos que sexan acreditados por outros conceptos diferentes.



O reintegro das cantidades percibidas por este concepto descontarase en nómina, durante un máximo de dez mensualidades cando se trate dunha paga, o ben en catorce se se trata de dúas pagas.

Se o anticipo se solicita por persoal contratado, o prazo para o reintegro non poderá exceder do previsto para a terminación do seu contrato. Se se anticipase esta data por calquera causa, procederase igualmente á liquidación total do anticipo. No caso de que aínda así, non se producise o reintegro total do anticipo, iniciárase o procedemento de constrinximento regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Non poderá concederse ningún anticipo ao persoal desta clase a quen falte tres ou menos meses para o vencemento do contrato de traballo. Igual norma seguirase co persoal fixo de inminente xubilación.

Non poderá concederse un novo anticipo sen a cancelación previa do último concedido. No caso de amortización anticipada, non poderá solicitarse un novo anticipo ata a finalización do prazo inicialmente previsto de amortización.

Dótase a contía de 36.000,00 euros na aplicación 50.221.830.00, sendo esta ampliable cos reintegros producidos. En ningún momento os anticipos concedidos poderán superar o saldo dispoñible da aplicación.

10.-Subvención ao funcionamento de grupos políticos

Consígnase na aplicación 20.912.489.01 o crédito suficiente para a subvención de funcionamento aos grupos políticos, de conformidade co acordo plenario, polo cal se fixaron os seguintes importes:

Por grupo político 210,35 €/mes

Por concelleiro 90,15 €/mes

Artigo 25 – Autorización e Disposición do gasto en expedientes de contratación

1.-Naqueles gastos que deban ser obxecto dun expediente de contratación, mediante concurso ou poxa, tramitárase ao inicio do expediente o documento “A”, por importe igual ao custo do proxecto ou orzamento elaborado polos servizos técnicos.

2.- Coñecido o adxudicatario e o importe exacto do gasto, tramitárase o documento “D”.

3.- Sucesivamente, e na medida en que efectivamente teña lugar a realización da obra, prestación do servizo ou subministro, tramitaranse os correspondentes documentos “O”.

Artigo 26 - Autorización e Disposición noutros expedientes

1.- Aqueles gastos que respondan a compromisos legalmente adquiridos pola Corporación orixinarán a tramitación de documento AD polo importe do gasto imputable ao exercicio.

2.- Pertencen a este grupo os que se detallan:

*Gastos plurianuais, polo importe da anualidade comprometida.

*Arrendamentos.

*Traballos realizados por empresas (limpeza, recollida de lixo, mantemento, iluminación, etc.)

*Intereses de préstamos concertados.

*Cotas de amortización de préstamos concertados.

*Adquisicións ou servizos obxecto de contratación directa. Os documentos “O”, tramitaranse cando sexa efectiva a realización da obra, a prestación do servizo, ou a adquisición do ben contratado, sendo suficiente á presentación de facturas, ou o cargo efectuado na conta bancaria.

Artigo 27 – Autorización –Disposición -Obriga.

1.-As adquisicións de bens concretos, así como outros gastos non suxeitos a proceso de contratación nos que a obriga poida ser esixida de forma inmediata, orixinarán a tramitación do documento “ADO”.

2.-Pertencen a este grupo:

* Adquisición de pequeno material

* Dietas

* Gastos de locomoción



- * Intereses de demora
- * Outros gastos financeiros
- * Anticipos reintegrables a funcionarios
- * Gastos diversos, cualificados como contratos menores pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, nos que concorran as características sinaladas no punto 1.

3.-As subministracións dos conceptos 221 e 222 orixinarán a retención de crédito ao inicio do exercicio polo importe estimado dos consumos, a fin de asegurar a reserva correspondente. Á presentación dos recibos por consumos efectivos, tramitarase o documento "ADO".

Artigo 28 - Tramitación de achegas e subvencións

1.- Tramitarase o expediente administrativo de disposición do gasto no caso de achegas obrigatorias a outras administracións, sempre que o importe sexa coñecido ao inicio do exercicio.

2.- Se o importe da achega obrigatoria non fose coñecido instarase a retención de crédito pola contía estimada.

3.- A concesión de calquera tipo de subvención requirirá a formación de expediente no que conste o destinatario de fondos e os requisitos necesarios que se teñen que cumprir para que poida procederse ao pagamento, así como as causas que motivarían a obriga de reintegrar o importe percibido. A este respecto, é preciso subliñar que os fondos previstos na aplicación 929.489.00, poderán ser destinados a outras finalidades polo Pleno, que non sexan especificamente ao Fondo de Cooperación, mediante plans de actuación directa a través de Concellos do país de destino.

4.-As subvencións orixinarán documento "AD" no momento do seu outorgamento.

5.- Para que poida expedirse a orde de pagamento da subvención é imprescindible, que o servizo xestor acredite que se cumpren as condicións esixidas no acordo de concesión.

6.- Con carácter xeral, para xustificar a aplicación dos fondos recibidos, terase en conta:

a) Cando o destino da subvención é a realización dunha obra ou instalación no termo Municipal, será preciso que un técnico faga presenza no lugar e estenda acta do estado en que se atopa a obra executada.

b) Cando o destino é a adquisición de material funxible, a prestación de servizos ou outro de similar natureza, requirirase a achega de documentos orixinais acreditativos do pagamento realizado.

7.- O perceptor de calquera subvención deberá acreditar que non é debedor da facenda municipal, ou be poderase comprobar este extremo de oficio.

8.- Cando o beneficiario sexa debedor, con posterioridade á concesión da subvención, con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, o Concello poderá acordar a compensación no momento do pagamento.

9.- En calquera caso, para a concesión de axudas e subvencións apróbanse con carácter xeral as Bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas polo Concello de Oleiros e as seguintes: "Bases de financiamento de programas de cooperación ao desenvolvemento", "Bases reguladoras das axudas para asistencia a comedores escolares" e "bases reguladoras das axudas a deportistas para asistencia a competicións", que forman parte deste documento.

10.- Excepcionalmente, para o presente exercicio prevese a concesión das seguintes subvencións nominativas:

- Achega do Concello de Oleiros á Fundación Manuel María de Estudio Galegos para os gastos anuais de funcionamento, por importe de 500 euros, consignados na aplicación orzamentaria 80.3341.48100.
- Achega do Concello de Oleiros ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña para gastos xerais de funcionamento por un importe de 1.000,00 euros, consignados na aplicación orzamentaria 82.3260.42390.
- Subvención á entidade Marino de Mera, C.F. por importe de 2.500 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, para sufragar os gastos de consumos enerxéticos e de subministración de auga do campo de fútbol.



- Subvención á entidade CD Mariñeiro de Mera por importe de 5.400 euros, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, para sufragar o 60% do importe dos premios á organización da regata da liga galega na súa categoría
- Subvención á entidade Club de Regatas de Perillo por importe de **6.948 euros**, consignados na aplicación orzamentaria 81.341.48901, (**3.600** para sufragar o 60% do importe dos premios da regata da liga galega na súa categoría **-MASCULINA-** e **3.348 euros** sufragar o 60% do importe dos premios da regata da liga galega na súa categoría **-FEMININA**)

Corresponderá ao alcalde ao concesión destas subvencións nominativas segundo establece o artigo 6 das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros.

Artigo 29 - Gastos de investimento

1.- A autorización de gastos de primeiro establecemento e os de ampliación e mellora, condiciónanse ao resultado previo aos correspondentes estudos de adecuación á legalidade.

2.- No expediente deberá incorporarse, en todo caso, a seguinte documentación:

- a) Proxecto, planos e memoria.
- b) Orzamento, que conterà a totalidade do custo. Se se precisase da execución de obras de urbanización avaliarase o seu custo.
- c) Prego de condicións.
- d) Constancia de que se tivese incoado o expediente de imposición de contribucións especiais ou informe da súa improcedencia, no seu caso.
- e) Amortización, razoando a vida útil estimada. No caso contrario, aplicaranse as táboas de amortización existentes a efectos fiscais.
- f) Estimación dos gastos de funcionamento e conservación en exercicios futuros, contías que serán informadas pola Intervención relativo ao cumprimento do que establece o art. 30.
- g) Informe xurídico
- h) Memoria económica que xustifique que se trata dun investimento economicamente sostible, de ser o caso.
- i) No caso de que se trate dun contrato de obra, deberá achegarse tamén acta de comprobación do replánteo, acta de recepción e informe técnico sobre a execución das posible melloras ofertadas polo adxudicatario.

3.- Os materiais de reposición de importe inferior a 600,00 euros, que correspondan a bens ou equipos que forman parte dunha unidade e que a súa reposición sexa imprescindible para que se sigan prestando os correspondentes servizos, terán a consideración de gasto corrente, non podendo exceder por este procedemento un importe total anual de 6.000,00 euros. Se a reposición afecta a elementos da iluminación pública, o importe elévase a 2.000 euros co límite anual de 20.000 euros.

A proposta de gasto deberá ser tramitada de forma unitaria e independente, achegando unha breve memoria xustificativa e motivada da necesidade e urxencia da reposición que se propón, coa conformidade do concelleiro-a responsable da área.

Artigo 30 - Gastos plurianuais

Poderán adquirirse compromisos de gasto que teñan que estenderse a exercicios futuros para financiar investimentos e transferencias de capital, sempre que a súa execución se inicie neste exercicio e que o volume total dos gastos comprometidos para os catro anos seguintes non supere os límites do 70, 60, 50, e 50 por cen da suma de créditos iniciais consignados en cada exercicio.

En todo caso terase en conta o establecido no artigo 174 do TRLRFL.

CAPÍTULO IV - PAGAMENTOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Artigo 31 - Pagamentos a xustificar



- 1.- Só se expedirán ordes de pagamento a xustificar por mor de adquisicións ou servizos necesarios, cando o pagamento non se poida realizar con cargo aos anticipos de caixa fixa e nos que non sexa posible dispor de comprobantes con anterioridade á súa realización.
- 2.- A autorización corresponde á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións en materia de gasto ao amparo do art. 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, cando o importe non supere 1.500 euros.; á Xunta de Goberno cando o importe non exceda de 3.000 euros e ao Pleno nos restantes casos. No caso concreto de pagamentos derivados da participación en procesos electorais (axudas de custo aos membros das mesas electorais, representantes da Administración e outro persoal municipal que realiza traballos de organización do proceso), o órgano competente para a aprobación do pagamento a xustificar será o alcalde, independentemente da contía deste.
- 3.- No prazo de tres meses, e en todo caso antes do 31 de decembro, os perceptores haberán de achegar á Intervención os documentos xustificativos do pagamento (os cales deberán ser tramitados a través do procedemento implantado ao efecto na correspondente aplicación informática), reintegrando as cantidades non empregadas. De non xustificarse no dito prazo, aplicarase ao perceptor o xuro legal de demora, así como as recargas legalmente establecidas, sendo de aplicación a vía de constrinximento de acordo co regulado na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- 4.- Respecto á forma e contido da xustificación, é preciso que se axusten ás instrucións emanadas de Intervención tendo en conta, en todo caso, que os fondos só poden ser destinados á finalidade para a que se concederon e que os comprobantes deben ser documentos orixinais, e que deberán constar como pagadas as facturas contidas na conta xustificativa.
- 5.- Da custodia de fondos responsabilizarase a persoa perceptora.
- 6.- Non poderán expedirse novas ordes de pagamento a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, a perceptores que tivesen no seu poder fondos pendentes de xustificación.
- 7.- O seguimento e control dos pagamentos a xustificar realizarase a través do sistema de información contable.

Artigo 32 - Anticipos de caixa fixa

- 1.- **Ámbito:** os anticipos de caixa fixa destinaranse exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como material de oficina non inventariable, subministración de produtos perecedoiros tales como alimentación, combustible, material funxible, servizos de mantemento de edificios, instalación, etc., e calquera outro de similar natureza que non sexan imputables ao capítulo VI do Orzamento xeral de gastos.
- 2.- **Contía:** os gastos a atender mediante anticipos de caixa fixa non poderán ser superiores, con carácter xeral, a 901,52 euros por acredor, e o total anticipado cada mes non poderá ser superior a 10.818,22 euros. Con carácter excepcional, e só para as compañías e corredores de seguros, non operarán os precitados límites cuantitativos.
- 3.- Para situar os fondos procederase á apertura dunha conta restrinxida de pagamentos. Os fondos situados en tales contas terán a todos os efectos, carácter de fondos públicos e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do capítulo V do Orzamento xeral.
- 4.- **Disposición de fondos:** as disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior efectuarase mediante talóns nominativos ou transferencias bancarias, autorizada polas sinaturas do habilitado de pagamentos designado polo alcalde, a proposta do tesoureiro municipal e da concelleira de Facenda. Nos xustificantes de pagamento farase constar o número de talón ou transferencia na que se materializa a operación.
- 5.- **Control:** mensualmente, e acompañando a conta do período respectivo, axuntarase o estado demostrativo de movemento da conta bancaria e o seu saldo. En calquera momento, a Intervención xeral poderá solicitar os estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.
- 6.- **Xustificación:** As ditas contas seguirán a súa tramitación ordinaria, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento das cantidades a que ascende cada un dos conceptos, ingresándose o importe total na conta corrente do anticipo de Tesourería.



Desta forma reparañense os fondos gastados no período ao que se refire a conta mensual.

Os fondos non empregados que, a fin de exercicio, se atopan en poder do habilitado, utilizaranse por este no novo exercicio para as atencións para as que foi concedido o anticipo.

Os gastos efectuados con cargo aos fondos liberados como anticipos de caixa fixa, de conformidade ás presentes normas, non estarán sometidos á fiscalización previa nos termos sinalados polo artigo 190.1 do TRLFL.

7.-Contabilidade e control: o seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista na normativa vixente.

I - CUSTODIA E MANEXO DE FONDOS

A custodia e manexo de fondos corresponde conxuntamente ao alcalde, como órgano ordenador de pagamento -sen prexuízo das delegacións efectuadas ao amparo do art. 21.3. da Lei 7/85, do 2 de abril, ao interventor e ao tesoureiro, nas súas respectivas funcións. A estes efectos denomínanse “Claveiros”, e os tres deberán asinar os talóns, transferencias e documentos que permitan a retirada de fondos.

As entradas e saídas do Orzamento só poden producirse a través de mandamentos de ingreso ou pagamento, incluso as que se produzan en formalización de ingreso e pagamento simultáneo. O manexo material dos fondos en metálico corresponde ao tesoureiro e ao persoal habilitado ou delegado para este fin, coas seguintes limitacións:

- a) En ningún caso poderá ser habilitado para isto o interventor, e se o fixese, a solicitude expresa ou tácita do tesoureiro, a responsabilidade será exclusiva do tesoureiro xa que existe incompatibilidade entre as funcións de Intervención e Tesourería.
- b) Todos os ingresos e pagamentos efectuaranse coa expedición previa do correspondente mandamento de ingreso ou pagamento, ou talón de cargo.
- c) En xeral, os fondos estarán situados en contas correntes intervidos polos tres claveiros.
- d) Para facilitar o control de movemento de fondos, todos os pagamentos efectuaranse directa ou indirectamente a través das entidades de crédito que custodien os fondos municipais. Con este fin os pagamentos faranse por transferencia, cheque ou cargo na conta da letra ou recibo. Cando excepcionalmente, cun talón se retiren fondos para o pagamento de varios mandamentos, farase constar na matriz do talonario o seu destino concreto.
- e) A Tesourería mensualmente formalizará un documento de conciliación bancaria que contará coa conformidade do concelleiro de Facenda.
- f) A Tesourería controlará que non exista ningún pagamento pendente de formalización contable.

TÍTULO III

DOS INGRESOS

Artigo 33 - Tesouro público municipal

- 1.- Constitúen o tesouro público municipal todos os recursos financeiros do Concello e dos seus órganos de xestión directa, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.
- 2.- O tesouro municipal rexerese polo principio de caixa única.
- 3.-As normas de xestión, recadación e inspección reflectiranse nunha “Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público local”.

Artigo 34 - Plano de Tesourería

- 1.- Corresponderá ao tesoureiro elaborar o Plano trimestral de Tesourería, que será aprobado pola concelleira de Facenda.
- 2.- A xestión dos recursos líquidos levarase a cabo co criterio de obtención da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas dos seus vencementos temporais.



3.- Os recursos que poidan obterse en execución do Orzamento destinaranse a satisfacer o conxunto de obrigas, salvo que se trate de ingresos específicos afectados para fins determinados; teñen esta condición os indicados no anexo I.

Artigo 35 - Recoñecemento de dereitos

1.- Procederá o recoñecemento de dereitos tan pronto como se coñeza que existiu unha liquidación a favor do Concello, que poida proceder da propia corporación, doutra Administración ou dos particulares. En particular, observaranse as regras dos puntos seguintes.

2.- Nas liquidacións de contraído previo de ingreso directo contabilizarase o recoñecemento de dereitos cando se aproben as liquidacións.

3.- Nas liquidacións de contraído co ingreso previo por recibo, a contabilización do recoñecemento do dereito terá lugar tras a aprobación do padrón.

4.- Nas autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presentan e se ingresaran o seu importe.

5.- No caso de subvencións ou transferencias que se reciban doutra entidade, condicionadas ao cumprimento de determinados requisitos, recollerase na memoria que forma parte da conta xeral o compromiso daquela desde o mesmo momento da adopción do acordo formal. Ao cumprirse as condicións establecidas para que a subvención sexa esixible recoñecerase o dereito.

6.- Respecto á participación en tributos do Estado, mensualmente, no momento da recepción de fondos, contabilizarase o recoñecemento e cobro da entrega.

7.- Nos préstamos concertados, a medida que teñan lugar as disposicións, contabilizarase o recoñecemento de dereitos e cobro das cantidades correspondentes.

8.- En intereses e outras rendas, o recoñecemento de dereitos orixinarase no momento do devengo.

Artigo 36 - Tributos e prezos públicos de cobro periódico

1.- O departamento de Xestión Tributaria e Recadación elaborará os padróns de tributos de cobro periódico, por mor diso os servizos xestores comunicarán as incidencias coñecidas que puidesen afectar a aquelas.

2.- A comezos do exercicio aprobarase e publicarase o calendario fiscal dos tributos de cobro periódico, facendo constar que a exposición pública dos padróns terá lugar durante os quince días anteriores ao inicio da súa cobranza.

3.- Así mesmo, publicarase o período para pagar en voluntaria os prezos públicos de carácter periódico.

4.- A vía de constrinximento dos ingresos a que se refiren os puntos 2 e 3 iniciarase ao día seguinte da conclusión do período de cobro voluntario.

Artigo 37 - Liquidacións de ingreso directo

1.- A Intervención adoptará as medidas procedentes para asegurar a puntual realización das liquidacións tributarias e acadar o mellor resultado da función recadadora.

2.- O control da recadación corresponde á Tesourería que deberá establecer o procedemento para verificar a aplicación da normativa vixente en materia recadadora, así como o recuento de valores.

3.- Polo que respecta a anulacións, suspensións, aprazamentos e fraccionamentos de pagamento, será de aplicación a Ordenanza xeral de recadación.

Artigo 38 - Xuros de demora e recargas

1.- Estarase ao previsto na Ordenanza xeral de xestión e recadación e outros ingresos de dereitos públicos locais do Concello de Oleiros, así como na Lei 58/2003 xeral tributaria e regulamentos que a desenvolvan.

2.- A Tesourería dará instrucións para a súa liquidación, e o órgano recadador poderá cobrar intereses de demora e recargas no intre en que se satisfaga a débeda.



Artigo 39 - Ingresos a conta

1.- Terán a consideración de ingresos a conta, as cantidades satisfeitas nos seguintes supostos:

a) Cando dentro do período voluntario se satisfixese unha cantidade inferior á debida por unha débeda tributaria notificada correctamente.

Neste caso non se expedirá unha certificación de descuberto pola parte da débeda non ingresada.

b) Cando vencido o período voluntario se satisfixera a cota tributaria pero non o recargo de constrinximento. Neste suposto requirirase ao contribuínte para que aboe o dito recargo.

c) Cando o pagamento se efectúase en base a unha autoliquidación pero o importe satisfeito é menor do que resultaría correcto, en base aos datos da declaración. Neste caso a oficina xestora practicará liquidación complementaria.

Artigo 40 - Contabilización dos cobros

1.- Os ingresos procedentes de Recadación, en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como Ingresos pendentes de aplicación. Sen prexuízo do mesmo, os fondos estarán integrados na caixa única.

2.- En canto ao resto dos ingresos que teña que percibir a Corporación, formalizaranse mediante o mandamento de ingreso aplicado ao concepto orzamentario procedente e expedido no momento en que a Intervención coñece o ingreso efectivo dos fondos.

3.- Cando os servizos xestores teñan información sobre a concesión de subvencións haberán de comunicala á Intervención municipal, segundo as súas instrucións ditadas, co fin de que poida efectuarse o puntual seguimento e control sobre a xustificación e a percepción efectiva da contía que correspondese. Para estes efectos, estarase as instrucións ditadas pola Intervención.

4.- A Tesourería controlará que non exista ningún aboamento en contas bancarias pendentes de formalización contable.

TÍTULO IV

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Artigo 41 - Operacións previas no estado de gastos

1.- Ao fin do exercicio verificarase que todos os acordos municipais que implican recoñecemento da obriga tiveron o seu reflexo contable en fase "O".

2.- Os servizos xestores solicitarán aos provedores que emitan as correspondentes facturas xustificativas dos gastos realizados coa antelación necesaria para poder rexistrar as facturas e realizar o trámite de conformidade antes do último día hábil do ano. Aquelas facturas que se remitan conformadas á intervención con posterioridade á dita data, serán tramitadas e imputadas ao orzamento do ano seguinte, a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no art. 15.2.c) das presentes bases, agás aquelas obrigas derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No caso de contratos menores considéranse compromisos de gastos debidamente adquiridos aqueles que estiveran aprobados polo órgano competente (mediante a sinatura da correspondente proposta de gasto), e tiveran crédito axeitado e suficiente.

3.- Os créditos para gastos que o último día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados, sen máis excepcións que as derivadas dos puntos anteriores e da incorporación de remanentes a que se refire o artigo 13.

Artigo 42 - Operacións previas no estado de ingresos

1.- Todos os cobros producidos ata o 31 de decembro deben ser aplicados no Orzamento que se pecha, polo que se darán as instrucións pertinentes ao recadador para a puntual presentación das contas.



2.- Verificarase a contabilización do recoñecemento de dereitos en todos os conceptos de ingreso, de conformidade co previsto no artigo 35.

Artigo 43 - Peche do Orzamento

- 1.- O peche e liquidación dos orzamentos do Concello efectuarase o 31 de decembro.
- 2.- Os estados demostrativos da liquidación así como a proposta de incorporación de remanentes deberá realizarse antes do día 1º de marzo do ano seguinte.
- 3.- A liquidación do Orzamento do Concello será aprobada polo alcalde, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

Artigo 44 - Remanente de Tesourería

- 1.- Estará integrado pola suma de fondos líquidos e dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pagamento.
- 2.- Salvo que as especiais características do dereito do debedor xustifiquen outra consideración, para os efectos previstos no artigo 193.bis do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, consideraranse dereitos de difícil ou imposible recadación os seguintes:
 - a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 25 por cento.
 - b) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 50 por cento.
 - c) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto e quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 75 por cento.
 - d) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100 por cento.

A consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas, senón que se procederá á súa provisión.

- 3.- Se o remanente de Tesourería fose positivo, poderá constituír fonte de financiamento de modificacións de crédito no exercicio seguinte, segundo estableza en cada momento a lexislación vixente.
- 4.- Se o remanente de Tesourería fose negativo o Pleno haberá de aprobar, na primeira sesión que teña lugar desde a liquidación do Orzamento, a redución de gastos por contía igual ou déficit, de acordo co previsto no artigo 15.

TÍTULO V

CONTROL E FISCALIZACIÓN

Artigo 45 – Control interno

1.- No Concello executaranse as funcións de control interno na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

Artigo 46 - Normas particulares de fiscalización

- 1.- Non estarán suxeitas á fiscalización previa as fases de autorización e disposición de gastos que correspondan ás subministracións menores ou gastos de carácter periódico e demais de trato sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ao acto ou contrato inicial.
- 2.- Nos gastos correntes, imputables ao capítulo II, exercerase a fiscalización limitada, nos termos recollidos no artigo 219.2 do TRLFL.
- 3.- Pódese exercer a fiscalización por técnicas de mostraxe nos seguintes casos:



**Concello de
Oleiros**

BASES DE EXECUCIÓN

- a) Remuneracións de persoal.
- b) Liquidación de taxas e prezos públicos.
- c) Tributos periódicos incorporados en padróns.



ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS E AXUDAS DO CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 1. Obxecto da subvención

De acordo co establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, por medio das presentes bases establécense as normas reguladoras da concesión da totalidade de subvencións e/ou axudas polo Concello de Oleiros, cando a súa xestión corresponda na súa totalidade á dita corporación.

A concesión realizarase conforme aos principios de igualdade e non discriminación, publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, eficacia e eficiencia, recollidos na dita lei.

As bases específicas de cada convocatoria de subvencións e axudas serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local, agás que para determinadas subvencións e mediante a ordenanza específica ou a través das Bases de Execución do Orzamento se estableza un órgano distinto, e deberán conter como mínimo os seguintes extremos:

- *Definición do obxecto da subvención.
- *Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención ou axuda e forma de acreditarlos.
- *Prazos e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade pola que se concede a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
- *No suposto de contemplarse a posibilidade de efectuar anticipos de pagamento sobre a subvención concedida, a forma e contía de ditos anticipos e a forma e contía das garantías que, no seu caso, terán que achegar os beneficiarios.
- *Forma de conceder a subvención.

As mencionadas bases serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Oleiros e publicarase un extracto das mesmas no Boletín Oficial da Provincia e na web oficial do órgano concedente.

Para a concesión de subvencións e/ou axudas por parte do Concello de Oleiros, en defecto de normas especiais, serán de aplicación as normas contidas nas presentes bases:

- a) A toda disposición gratuíta de fondos públicos realizada polo Concello de Oleiros a favor de persoas físicas e/ou xurídicas e entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, para fomentar actividades recreativas, culturais, deportivas, e/ou para fomentar actividades de utilidade pública ou interese social, ou para promover a consecución dun fin público.
- b) A calquera outro tipo de axuda que se outorgue con cargo ao Orzamento xeral do Concello de Oleiros para a realización de obras de infraestrutura periódica.

Artigo 2. Criterios para a concesión de subvencións

A concesión e, no seu caso, o importe das subvencións ou axudas graduarase en función dos seguintes criterios: interese xeral da actividade, número de persoas que poden participar ou gozar desta, o seu custo en relación coa capacidade económica da entidade, a porcentaxe do gasto que se solicita como subvención ou axuda e certificación da actividade desenvolvida pola entidade nos últimos exercicios.

O órgano competente para a concesión das subvencións terá en conta especialmente, ademais do anterior, aquelas actividades que comporten un fomento, estudo, conservación, promoción e divulgación dos valores culturais, ecolóxicos, artísticos, deportivos, históricos ou folclóricos de Oleiros; especialmente os que resulten da súa pertenza á comunidade galega.



Artigo 3. Beneficiarios

1) Terá a consideración de persoa beneficiaria da subvención ou axuda, ou destinataria dos fondos públicos, quen teña que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento, ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Se así se recollese nas bases, poderán ser tamén beneficiarios:

- a) Cando a persoa beneficiaria sexa unha persoa xurídica, os membros asociados desta que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención, en nome e pola conta da primeira, terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias.
- b) As agrupacións físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou que se atopen en situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trata de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios.

2) Poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases e na convocatoria.

3) Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións as persoas ou entidades nas que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) As que fosen condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Os que solicitasen a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, estean suxeitos á intervención xudicial ou sexan inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Os que desen lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato realizado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/95, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do goberno da nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado; da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas; ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados por Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non atoparse ao corrente do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Ser sancionado mediante unha resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvención segundo esta lei ou a xeral tributaria.

En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións, as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendese o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de



ilícito penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia a resolución firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no rexistro.

Artigo 4. Entidades colaboradoras

Será entidade colaboradora aquela que, actuando no nome e pola conta do Concello a todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ás persoas beneficiarias, cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

Igualmente, terán esta consideración aos que denominándose beneficiarios, conforme á lexislación comunitaria teñan encomendadas, exclusivamente, as funcións enumeradas no parágrafo anterior.

A obtención da condición de entidade colaboradora e as prohibicións para obter a dita condición serán a sinaladas nos puntos segundo e terceiro do artigo anterior.

Artigo 5. Procedementos de concesión de subvencións

As subvencións poderán concederse de forma directa ou mediante o procedemento en réxime de concorrencia competitiva.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas, de conformidade cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, dentro do crédito dispoñible, aquelas que tivesen maior valoración na aplicación dos citados criterios.

Artigo 6. Concesión directa de subvencións

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As nominativas previstas nos orzamentos xerais da entidade, nos termos recollidos nos convenios e nestas bases.
O Orzamento municipal conterá o nome do beneficiario, ou no seu caso a finalidade que debe corresponder de forma inequívoca a un único e determinado suxeito que será obxecto da subvención, e a súa contía.
Nas bases de execución do Orzamento indicaranse as subvencións deste tipo que se formalizarán por medio de convenio no que se determinará a forma de pagamento e a xustificación da subvención.
As subvencións que non requiran a forma do convenio aboaranse no prazo de quince días hábiles desde a entrada en vigor do Orzamento. A xustificación da subvención efectuarase na forma e prazo que determinen as bases de execución do orzamento, e no seu defecto, na forma establecida no artigo 10 destas bases.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación, de conformidade coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O Orzamento municipal conterá a consignación anual que se destinará á concesión destas subvencións. Corresponderá ao alcalde a concesión das subvencións ás que se refire o apartado a), unha vez acreditada a concorrencia das circunstancias mencionadas, e ata o importe consignado.

Corresponderá á Xunta de Goberno Local a concesión directa das subvencións ás que se refiren os apartados b) e c) anteriores, sen prexuízo de que por razóns de urxencia e imperiosa necesidade poida atribuírse, mediante bases específicas que regulen determinadas subvención, tal competencia a outros órganos.

Corresponderá ao pleno a concesión directa das subvencións, en todos os demais casos.



Na resolución do acordo estableceranse as condicións aplicables a estas subvencións.

Artigo 7. Concesión e réxime de concorrencia competitiva

A) Iniciación de oficio:

O procedemento iniciárase de oficio mediante unha convocatoria que terá, como mínimo, o contido seguinte:

- A referencia á publicación da ordenanza específica desta.
- Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
- Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- Expresión de que concesión se efectúa mediante un réxime de concorrencia competitiva.
- Requisitos para solicitar a subvención e a forma de acreditarlos.
- Indicación dos órganos competentes para a instauración e resolución do procedemento.
- Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións do artigo 23.3 da Lei xeral de subvencións.
- Prazo de resolución e notificación.
- Documentos e informes que deben acompañar á petición.
- No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes.
- Indicación de si a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que interpoñer recurso de alzada.
- Criterio de valoración das solicitudes.
- Medio de notificación ou publicación de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

B) Presentación de solicitudes:

- A solicitude dirixida ao alcalde do Concello, presentarase no Rexistro de Entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A solicitude irá acompañada da documentación que se fixe na convocatoria. En todo caso, deberá constar da seguinte documentación:

- Definición do modelo da subvención ou axuda, debidamente razoada e motivada, facendo constar a actividade de utilidade ou interese social que se vai fomentar ou promover e o seu carácter de aberta ao público en xeral, a consecución dun fin público ou a precariedade da súa situación económica na que se xustifique a necesidade da subvención ou axuda.
- Sometemento expreso ás obrigas que comporta o feito de ser beneficiario dunha subvención ou axuda.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Oleiros, nin ser debedor deste por calquera concepto non tributario.
- Comprometerse expresamente a asinar un contrato de contraprestación de actividade con este Concello.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade a desenvolver.
- Importe da subvención ou axuda solicitada, con indicación doutras posibles axudas ou subvencións solicitadas e/ou concedidas.

En cada expediente terá que figurar ademais, o informe do interventor xeral do Concello, referido á existencia de consignación orzamentaria destinada á atención da achega solicitada, así como certificación da convocatoria realizada.

No suposto de que os documentos esixidos estivesen xa en poder do Concello, o solicitante, sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, poderá facer uso do seu dereito a non presentalo, facendo constar a data e o órgano ou dependencia na que fosen presentados ou emitidos.



Se non se reúnen todos os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que o emende nun prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude, coa resolución previa que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

C) Instrución do procedemento:

A instrución do procedemento de concesión de subvención atribuirase ao alcalde ou concelleiro delegado que corresponda segundo a materia de que se trate, tal e como se designe na convocatoria correspondente.

As actividades de instrución comprenderán as seguintes actuacións:

- Peticións de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme aos criterios, formas e prioridades de valoración, establecidos na norma reguladora da subvención.

Esta poderá prever unha fase de pre-avaliación, na que se verifique o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario da subvención.

Unha vez avaliadas as solicitudes, remitirase o expediente ao órgano Colexiado que, en cumprimento do artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, establecerá as bases reguladoras, que emitirán informe sobre as solicitudes.

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puidesen derivarse da capacidade de autoorganización das Administracións Públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano concedente por un órgano Colexiado a través do órgano instrutor. A composición do dito órgano, agás naqueles casos nos que as bases específicas reguladoras da subvención establezan outra distinta, será a mesma que se teña establecido para a mesa de contratación regulada no regulamento orgánico municipal.

Á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada, que deberá notificarse ás partes interesadas na forma que se estableza na convocatoria, cun prazo de dez días para a presentación de alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

A proposta de resolución definitiva deberá conter:

- A relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención.
- A contía da subvención.
- Especificación da avaliación e dos criterios seguidos para efectual.

A proposta de resolución definitiva poderá notificarse aos interesados que foran propostos como beneficiarios na fase de instrución para que, no prazo de 10 días, comuniquen a súa aceptación.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto fronte á Administración, en tanto non se lle notifique a resolución da concesión.

D) Resolución:

Será competencia da Xunta de Goberno Local o outorgamento de todo tipo de subvención e/ou axuda, salvo que para determinadas subvencións as bases específicas establezan un órgano distinto.

Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución será motivada e, en todo caso, deberán quedar acreditados os fundamentos da resolución que se adopte. Asemade, deberá conter o solicitante ou a relación de solicitantes aos que se lles concedeu a subvención e a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo de resolución e notificación é de seis meses, o cal computarase desde a publicación da correspondente convocatoria, a non ser que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.



O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada a solicitude da concesión por silencio administrativo.

Artigo 8. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas da persoa beneficiaria:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoitar o comportamento que fundamentou a concesión da subvención ou axuda.
- b) Xustificar ante o órgano concedente, ou entidade colaboradora no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización íntegra da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou aproveitamento da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, ou a entidade colaboradora no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio de actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, xa sexan procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
- e) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto da subvención. Neste sentido, a entidade perceptora da axuda comprometerase a facer constar na totalidade da publicidade que se realice por calquera medio da actividade ou entidade subvencionada, que a mesma conta con subvención deste Concello ou, no seu caso, o logotipo aprobado pola Corporación Municipal (debéndose remitir tres exemplares ao Concello de Oleiros).
- i) Se se estivese en curso dalgunha das causas de reintegro, deberase proceder ao reintegro da contía recibida.

Artigo 9. Contía

Con carácter xeral, e agás que a ordenanza específica dispoña un límite inferior, as subvencións que outorgue o Concello en réxime de concorrencia competitiva non poderán superar o custo da actuación subvencionada.

A concesión de subvencións polo Concello será compatible con calquera outro tipo de subvención ou axuda doutras administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Nestes casos o importe das subvencións non poderá ser de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade para a que se conceden.

Artigo 10. Xustificación e cobro

Para percibir a subvención será necesario presentar ao Concello, ademais da que se esixa na ordenanza específica correspondente, a seguinte documentación:

- Instancia suscrita polo beneficiario dirixida ao alcalde, na que se xustifique o cumprimento da finalidade, así como a realización do acto ou actividade obxecto de subvención ou axuda e se solicite o pagamento da subvención.
- Certificado bancario no que se sinala o número de conta ao que desexa que se efectúe o pagamento mediante transferencia.
- Memoria da actividade realizada.



- Relación de ingresos e gastos derivados da actividade subvencionada, así como as facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das facturas xustificativas do gasto, as cales conterán a totalidade de requisitos indicados nas Bases de execución do Orzamento xeral deste Concello.
- Certificados acreditativos de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O pagamento realizarase, en xeral, unha vez que se xustifique a realización do acto ou actividade e se acompañen a totalidade de facturas e contas a que fai referencia o apartado anterior, sendo posible anticipar ata o 60 % da subvención ou axuda concedida nos casos en que así se estableza nas bases específicas ou na convocatoria., coa solicitude previa da persoa ou entidade. As subvencións e axudas deberán xustificarse dentro dos dous meses seguintes á realización da actividade subvencionada.

Artigo 11. Reintegro

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do correspondente xuro de mora, desde o momento do pagamento da subvención ou axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, e na contía fixada no artigo 38.2 da Lei xeral de subvencións nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisese.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 38/2003 e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da citada Lei 38/2003.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei 38/2003, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se consigan os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado na base 9) procederá o reintegro do exceso obtido sobre o cento por cento da actividade desenvolvida.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público.

Toda alteración das condicións tomadas en consideración para a concesión das subvencións ou axudas poderá dar lugar á retirada, modificación ou reintegro do importe destas.



Artigo 12. Pagamentos anticipados e abonamentos a conta

As ordenanzas específicas poderán contemplar a realización de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados establecendo as garantías que deberán presentar, nestes casos, os beneficiarios.

Non obstante, con carácter xeral e tal e como se sinala no artigo 10, será posible anticipar ata o 60% da subvención ou da axuda concedida, nos casos en que así se recolla nas bases específicas ou na convocatoria.

Artigo 13. Responsables das infraccións

Son infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Serán responsables das infraccións administrativas en materia de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os entes sen personalidade xurídica (agrupación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión de subvencións), que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións na Lei xeral de subvencións e, en particular, as seguintes:

- Os beneficiarios de subvencións, así como os membros das persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica que se comprometerán a efectuar as actividades que fundamentan a concesión da subvención.
- As entidades colaboradoras.
- O representante legal dos beneficiarios de subvencións que carezan de capacidade de obrar.
- As persoas ou entidades relacionadas co obxecto da subvención ou a súa xustificación, obrigadas a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida.

Artigo 14. Exención da responsabilidade

As accións ou omisións tipificadas non darán lugar á responsabilidade por infracción administrativa en materia de subvencións nos seguintes supostos:

- Cando se realicen por aqueles que carezan de capacidade de obrar.
- Cando concorra forza maior.
- Cando deriven dunha decisión colectiva, para os que salvasen o seu voto ou non asistisen á reunión na que se tomou aquela.

Artigo 15. Infraccións leves

Constitúen infraccións leves os incumprimentos das obrigas recollidas nas bases reguladoras das subvencións e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando non constitúan infraccións graves ou moi graves e non operen como elemento de gradación da sanción. En particular, constitúen infraccións leves as seguintes condutas:

- a) A presentación fóra do prazo das contas xustificativas da aplicación dada aos fondos percibidos.
- b) A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas.
- c) O incumprimento das obrigas formais que, non estando previstas de forma expresa no resto dos parágrafos deste artigo, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención nos termos establecidos regulamentariamente.
- d) O incumprimento de obrigas de índole contable ou rexistral, en particular:
 - A inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente esixidos.
 - O incumprimento da obriga de levar ou conservar a contabilidade, os rexistros legalmente establecidos, os programas e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte e os sistemas de codificación utilizados.
 - A levadía de contabilidades diversas que, referidas a unha mesma actividade e exercicio económico, non permitan coñecer a verdadeira situación da entidade.
 - A utilización de contas cun significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.



- e) O incumprimento das obrigas de conservación de xustificantes ou documentos equivalentes.
- f) O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas na Lei 38/2003.
- g) A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións de control financeiro.

Enténdese que existen estas circunstancias cando o responsable das infraccións administrativas en materia de subvencións, debidamente notificado para o efecto, realizase actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións dos funcionarios municipais no exercicio das funcións de control financeiro.

Entre outras, constitúen resistencia, obstrución, escusa ou negativa as seguintes condutas:

- Non achegar ou non facilitar o exame de documentos, informes, antecedentes, libros rexistros, ficheiros, xustificantes, asentos de contabilidade, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control e calquera outro dato obxecto de comprobación.
 - Non atender algún requirimento.
 - A non comparecencia, salvo causa xustificada, no lugar e no tempo sinalado.
 - Negar ou impedir indebidamente a entrada ou permanencia en locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que existan indicios probatorios para a correcta xustificación dos fondos recibidos polo beneficiario ou a entidade colaboradora, ou da realidade e regularidade da actividade subvencionada.
 - As coaccións ao persoal controlador que realice o control financeiro.
- h) O incumprimento da obriga de colaboración por parte das persoas ou entidades que teñen esa obriga, cando diso se derive a imposibilidade de contrastar a información facilitada polo beneficiario ou a entidade colaboradora.
 - i) As demais condutas tipificadas como infraccións leves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

Artigo 16. Infraccións graves

Constitúen infraccións graves as seguintes condutas:

- a) O incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas públicas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- b) O incumprimento das condicións establecidas, alterando substancialmente os fins para os que a subvención fose concedida.
- c) A falta de xustificación do emprego dado aos fondos recibidos unha vez transcorrido o prazo establecido para a súa presentación.
- d) A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos requiridos nas bases reguladoras da subvención ou ocultando os que a impidiran.
- e) O incumprimento por parte da entidade colaboradora da obriga de verificar, no seu caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, cando diso se derive a obriga de reintegro.
- f) As demais condutas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

Artigo 17. Infraccións moi graves

Constitúen infraccións moi graves, as seguintes condutas:

- a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que o impidisen ou limitasen.
- b) A non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas para os fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control, previstas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) A falta de entrega por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza, aos beneficiarios dos fondos recibidos, de acordo cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención.



- e) As demais condutas tipificadas como infraccións moi graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

Artigo 18. Sancións

As sancións en materia de subvencións e axudas serán acordadas e impostas polo alcalde, e efectuarase mediante o expediente administrativo no que, en todo caso, darase audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando a sanción consista na perda da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais, na prohibición para celebrar contratos con calquera ente público ou na perda da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei, a competencia corresponderá á Xunta de Goberno Local.

Clases de sancións:

1. Sancións por infraccións leves:

- a) Cada infracción leve será sancionada con multa de 75 a 900 euros, salvo o disposto no apartado seguinte.
- b) Serán sancionadas, en cada caso, con multa de 150 a 6.000 euros as seguintes infraccións:
- A inexactitude u omisión dunha o varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente esixidos.
 - O incumprimento da obriga da levadía da contabilidade ou dos rexistros legalmente establecidos.
 - A levadía de contabilidades diversas que, referidas a unha mesma actividade, non permitan coñecer a verdadeira situación da entidade.
 - A utilización de contas con significado distinto do que lles corresponde, segundo a súa natureza, que dificulte a comprobación da realidade das actividades subvencionadas.
 - A falta de achega de probas e documentos requiridos polos órganos de control ou a negativa á súa exhibición.
 - O incumprimento, por parte das entidades colaboradoras, de obrigas establecidas no artigo 15 desta Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - O incumprimento por parte das persoas ou entidades suxeitas á obriga de colaboración e de facilitar a documentación a que se refire o artigo 46 desta Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando diso se derive a imposibilidade de contrastar a información facilitada polo beneficiario ou entidade colaboradora.

2. Sancións por infraccións graves:

As infraccións graves serán sancionadas cunha multa pecuniaria proporcional do tanto ao dobre da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción grave represente máis do 50% da subvención concedida ou das cantidades recibidas polas entidades colaboradoras, e excedese de 30.000 euros, concorrendo algunha das circunstancias previstas nos parágrafos b) e c) do apartado 1 do artigo 60 desta lei, os infractores poderán ser sancionados, ademais, con:

- Perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais da administración ou outros entes públicos.
- Prohibición durante o prazo de ata tres anos, para realizar contratos coa administración ou outros entes públicos.
- Perda, durante un prazo de ata tres anos, da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei.

3. Sancións por infraccións moi graves:



As infraccións moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, ou, no caso de entidades colaboradoras de fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

No obstante, non se sancionarán as infraccións consistentes na aplicación das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención foi concedida e a falta de entrega, cando así se estableza, aos beneficiarios dos fondos recibidos de acordo, polas entidades colaboradoras, cos criterios previstos nas bases reguladoras da subvención, cando os infractores reintegrasen as cantidades e os correspondentes xuros de demora sen previo requirimento.

Cando o importe do prexuízo económico correspondente á infracción moi grave exceda de 30.000 €, concorrendo algunha das circunstancias previstas nos parágrafos b) e c) do apartado 1 do artigo 60 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, os infractores poderán ser sancionados, ademais, con:

- Perda, durante un prazo de ata cinco anos, da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais da administración ou outros entes públicos.
- Prohibición, durante o prazo de ata cinco anos, para levar a cabo contratos coa administración ou outros entes públicos.
- Perda, durante un prazo de ata cinco anos, da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas nesta lei.

A multa pecuniaria será independente da obriga de reintegros contemplada nas bases anteriores, e para o seu cobro resultará igualmente de aplicación o réxime xurídico previsto para os ingresos de dereito público na Lei xeral orzamentaria ou nas normas orzamentarias da Administración local.

As sancións polas infraccións a que se refire este apartado graduaranse atendendo en cada caso concreto:

- A comisión repetida de infraccións en materia de subvencións e axudas.
- A resistencia, negativa ou obstrución ás actuacións de control.
- O emprego de medios fraudulentos na comisión de infraccións en materia de subvencións.
- A ocultación á administración, mediante a falla de presentación da documentación xustificativa ou a presentación de documentación incompleta ou inexacta, dos datos necesarios para a verificación da aplicación dada a subvención recibida.
- O atraso no cumprimento das obrigas formais.

A acción para impoñer as sancións administrativas previstas nestas bases prescribirán aos catro anos desde o momento en que se cometeu a respectiva infracción. As sancións prescribirán no prazo de catro anos que se contarán desde o día seguinte a aquel no que adquire firmeza a resolución pola que se impuxo a acción.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Dado que o obxecto desta normativa é a regulación das subvencións que se concedan para o fomento de actividades que redunden en beneficio dos veciños do termo municipal, esta non será de aplicación directa nos supostos de subvencións de carácter nominal, nas de urxencia social e nas subvencións en materia de obra de infraestrutura municipal. Iso é así polo carácter peculiar das nominais, pola necesidade de paliar situacións de urxencia e por estar xa regulada a súa tramitación nas Bases de execución do Orzamento, no suposto das obras de infraestrutura.

Subsidiariamente se aplicaran as normas sobre prazos e formas de xustificación de subvencións, en cumprimento da finalidade para a que se concederon e a aplicación dos fondos percibidos.



CONVENIO DE CONTRAPRESTACIÓN DE ACTIVIDADES

Oleiros, de de 20....

REUNIDOS

Dunha parte, D./ Dna., en nome e representación do Concello de Oleiros; facultado/a para subscribir o presente convenio polo acordo do Pleno da Corporación de de

E doutra, D./Dna., en representación de, en virtude do seu cargo de

Recoñecéndose ambas as partes capacidade legal para outorgar o presente convenio, para tal efecto,

EXPOÑEN

Que a Xunta de Goberno local en sesión realizada o día ... de de, procedeu a distribuír subvencións correspondentes a diversas entidades e colectivos, entre os que se atopa, a quen correspondeu euros.

Que de conformidade co disposto nas “Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros”, un dos requisitos imprescindibles para ter acceso ás correspondentes subvencións será a sinatura dun contrato de contraprestación de actividades.

En virtude do exposto anteriormente, o Concello de Oleiros e acordan o establecemento do presente convenio de contraprestación de actividades, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira: O importe total da subvención concedida destinarase exclusivamente a

Segunda:....., comprométese a realizar gratuitamente as seguintes contraprestacións ao Concello de Oleiros:.....

Terceira:....., queda obrigado/a ao cumprimento da totalidade de requisitos e obrigas indicadas nas “Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas polo Concello de Oleiros”, que se unen como Anexo nº 1 ao presente convenio.

Cuarta: Con carácter previo á sinatura do presente convenio, deberase achegar certificación acreditativa do acordo adoptado pola Asemblea Xeral de socios (ou de membros, no seu caso) de, polo que se acceda á sinatura do presente convenio; certificación que se une como Anexo nº 2 a este Convenio.

Quinta: A subvención concedida deberá ser xustificada ante o Concello de Oleiros, na forma e prazos indicados nas “Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros”; debéndose, en todo caso, xustificar antes do día 30 de decembro do ano seguinte ao da súa concesión, a execución do proxecto subvencionado, acompañando os recibos e/ou facturas orixinais e contas que conterán a totalidade de requisitos indicados nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio, que se unen como Anexo nº 3 ao presente convenio. Así mesmo deberá acompañarse unha memoria das actividades realizadas.

Sexta: Sen prexuízo dos reintegros e responsabilidades que se puidesen derivar do incumprimento do establecido nas “Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros”; o incumprimento do indicado no presente convenio, en especial:

- a) A non realización das contraprestacións indicadas na cláusula segunda.
- b) O desvío de fondos achegados polo Concello de Oleiros para outros fins distintos dos expresados na cláusula primeira.
- c) A falta de xustificación axeitada das cantidades percibidas; sen prexuízo, no seu caso, dos reintegros e responsabilidades que procedan.

Carretará a exclusión automática de na posible concesión de calquera tipo de subvención ou axuda por parte do Concello de Oleiros, por un período de cinco anos.

En proba de conformidade coa totalidade dos termos recollidos no presente convenio, ambas as partes o asinan e rubrican por triplicado, ante a secretaria da Corporación que dá fe do acto, no lugar e data indicados.



ANEXO II

BASES DE FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aspiración universal dos Dereitos Humanos proporciona, sen dúbida, a máis grande e xeneralizada contribución de fundamento ético para a cooperación internacional. E iso non sería pouco fundamento. Pero ademais, a crecente pobreza dos países subdesenvolvidos, a súa desestruturación interna, a súa quebra cultural e o rapidísimo desequilibrio ecolóxico que padecen, aféctanos gravemente. Por un lado, somos partícipes da responsabilidade do norte na prostración e miseria dos países do sur, pois o intercambio desigual da actual orde económica internacional permitiu a transferencia de bens e capital de forma tal, que os países pobres foron descapitalizados, quebrándose en moitos casos a súa propia base económica.

O nivel de consumo, o poder adquisitivo da moeda, a especialización no sector terciario, o avance da tecnoloxía, non poderían acadar no primeiro mundo as actuais cotas de desenvolvemento sen as materias primas, os recursos materiais, a enerxía, a man de obra barata e a transferencia neta de capital das tres quintas partes do planeta. A fabulosa e inxusta débeda externa que xungue e ata a economía dos países pobres, corresponde unha “débeda interna” que temos que comezar a recoñecer. A cooperación internacional é o inicio da devolución desa débeda social que temos contraída.

A cooperación ao desenvolvemento, como expresión do principio de solidariedade entre os pobos, ten como finalidade o apoio aos países menos favorecidos para o logro do seu desenvolvemento en forma sostida, continua e en harmonía co seu contorno ecolóxico.

Diversos organismos nacionais e internacionais recomendan ás administracións públicas que dediquen unha porcentaxe do seu orzamento con este fin.

O Concello de Oleiros fai seus estes principios coa seguridade de que a súa achega económica estea baseada, e aínda intenta fomentar, o sentimento de solidariedade da cidadanía oleirense.

TÍTULO PRELIMINAR. Obxecto da convocatoria

Artigo 1º

É obxecto das presentes bases a regulación da concesión de axudas de cooperación ao desenvolvemento do Concello de Oleiros.

As axudas concederanse en función de proxectos concretos de cooperación, con cargo ao crédito da aplicación orzamentaria 51.929.489.00

TÍTULO PRIMEIRO. Características dos proxectos

Artigo 2º

1.- Os proxectos presentados caracterizaranse por:

- a) Que se realicen en países non desenvolvidos. A atención prioritaria centrarase en países de América Central, Latinoamérica, Cuba e África (Sáhara Occidental, África subsahariana, etc.), sen que isto impida o financiamento de actuacións noutras áreas do mundo (Asia, especialmente).
- b) Que os seus obxectivos se centren en áreas de saúde, educación, desenvolvemento, atención social, cultural, etc. e en actuacións que revistan certa permanencia ou estabilidade. Valoraranse o número de persoas que se beneficien da axuda.
- c) Que poidan beneficiarse destes a cidadanía en xeral, sen que se discrimine por razóns de raza, confesión relixiosa, sexo, etc.
- d) Que eviten a invasión cultural e respecten a idiosincrasia do pobo beneficiario e o seu medioambiente.



2.- Os proxectos ou unha fase deles desenvolveranse obrigatoriamente ao longo do exercicio en curso e poderán rematarse no seguinte.

TÍTULO SEGUNDO. Beneficiarios da convocatoria

Artigo 3º

O Concello de Oleiros poderá outorgar axudas a:

- Organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD).
- Asociacións, entidades e organizacións con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro (veciñais, ecoloxistas, xuvenís, sindicais, etc.) que estean ou non vinculadas á súa vez a entidades de cooperación ao desenvolvemento.
- ONG de países non industriais do Terceiro Mundo ou de países en vías de desenvolvemento que contén cun interlocutor válido (representante acreditado) ante a Administración municipal.
- Entidades locais de países non industriais do Terceiro Mundo.
- O Fondo Galego de Cooperación.

En todos os casos acreditarase a personalidade xurídica da entidade solicitante.

Artigo 4º

Quedan excluídas destas axudas as entidades gobernamentais de cooperación.

TÍTULO TERCEIRO. Requisitos para a presentación de proxectos

Artigo 5º

Para poder solicitar estas axudas, as asociacións e organizacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a)Estar legalmente constituída e acreditar un mínimo de dous anos de experiencia na execución de programas de cooperación ao desenvolvemento.
- b)Ter entre os seus fins a realización de actividades de cooperación e o fomento da solidariedade entre os pobos.
- c)Dispoñer da infraestrutura suficiente para garantir o cumprimento dos seus obxectivos.
- d)Estar ao corrente das obrigas contidas nos artigos 13 ao 17 das presentes bases, respecto ás entidades que recibiron subvencións en anos anteriores.

TÍTULO CUARTO. Prazos e documentación que se ten que presentar

Artigo 6º

As entidades que participen na presente convocatoria terán que presentar:

- Copia dos Estatutos polos que se rexe o funcionamento da entidade, no seu caso.
- Instancia modelo—tipo (Anexo I) cos datos da entidade peticionaria.
- Proxecto concreto de actuación, indicando o lugar e a área en que se desenvolverá, a poboación á que vai dirixido, con relación de medios, orzamento xeral, cantidade que se solicita e modo de xustificación.
- Resumo do proxecto de actuación (Anexo II da presente convocatoria).
- Declaración na que conste o compromiso de achegar a diferenza directamente ou por financiamento de terceiros, entre o custo total do proxecto aceptado e a axuda ou subvención concedida.
- Breve memoria da experiencia no campo da cooperación con especial referencia ás actividades desenvolvidas nos dous últimos anos, de conformidade co sinalado no artigo 8.
- Certificación da entidade en relación ao cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 5º.

Artigo 7º

Os proxectos e o resto da documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Oleiros a partir da publicación extractada destas bases nun diario dos de maior tirada na comunidade autónoma galega.



Estas estarán a disposición dos/das interesados/as na Alcaldía do Concello ou no enderezo www.oleiros.org.

O prazo para a presentación de proxectos será o establecido na publicación en prensa.

TÍTULO QUINTO. As prioridades na concesión

Artigo 8º

Para a concesión destas axudas teranse en conta os seguintes condicionantes:

En relación á asociación peticionaria:

- a) Ter a capacidade de mobilizar a solidariedade e os recursos privados, así como conseguir subvencións doutros organismos. Para iso, presentará o balance dos dous últimos anos especificando as subvencións recibidas, o seu orixe e a súa contía, así como os recursos propios xerados.
- b) Posuír experiencia contrastada en accións de cooperación ao desenvolvemento.
- c) Ter capacidade para soste as accións subvencionadas. As organizacións deberán achegar un informe e un organigrama dos recursos humanos con que contan, especificando as características da súa vinculación e dedicación, así como as relacións máis significativas que manteñan con outras organizacións locais, estatais ou estranxeiras.

En relación co proxecto:

- a) Que contemplan medidas de discriminación positiva cara aos sectores de poboación máis desfavorecidos.
- b) Que se leve a cabo, sempre que sexa posible, coa participación da poboación afectada polo proxecto. Neste sentido valoraranse os proxectos que, a curto ou medio prazo, teñan previsto a súa continuidade con medios materiais ou humanos propios.
- c) Que adopte modelos de desenvolvemento integral da zona en cuestión e se realice baixo o marco de programas de desenvolvemento comunitario, potenciando o desenvolvemento de organizacións locais.
- d) Que non se orixine ningún prexuízo ecolóxico.
- e) Que sexan proxectos de dobre fluxo, de forma que o beneficio humano e cultural sexa mutuo. Cabe incluso a posibilidade, que deberá reflectir o proxecto, de realizar exposicións ou outras actividades referentes ao obxecto da cooperación en Oleiros.
- f) Que potencie a cultura e os valores étnicos da poboación afectada, así como a riqueza natural e os valores ecolóxicos da zona de actuación.

TÍTULO SEXTO. A concesión de axudas

Artigo 9º

Será Instrutora do expediente a Concelleira delegada de Cooperación.

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:

Presidente: o alcalde

Vocais:

- O/a representante do Concello de Oleiros no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- O concelleiro responsable de Cooperación ou o de Economía e Facenda.
- Un técnico/a designado pola Alcaldía.
- O interventor municipal, ou persoa que a substitúa legalmente

Secretaria: a secretaria municipal ou persoa que a substitúa legalmente.

Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.



As axudas serán concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, que deberá adoptarse no prazo de dous meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude.

Excepcionalmente, e nos casos de catástrofes, calamidade pública ou situacións extremas de determinadas poboacións, a Alcaldía poderá realizar a concesión directa de axudas, co informe previo da comisión de valoración, e proceder ao seu pagamento con carácter anticipado, sen prexuízo da necesidade de xustificación segundo se establece no título sétimo das presentes bases.

Artigo 10º

Unha vez estudados e informados os proxectos recibidos, outorgaranse as axudas que se consideren oportunas, co límite máximo do crédito orzamentario dispoñible, facéndose efectivo de inmediato o pagamento do 60% da cantidade concedida ás asociacións ou entidades beneficiarias. O 40% restante farase efectivo unha vez xustificada a realización total do proxecto.

Se a xustificación non acadase o 100% do proxecto, a axuda liquidarase en proporción aos gastos xustificadas. Nos casos en que a axuda solicitada non cubra o custo total do programa, deberá constar o compromiso por parte do petionario de achegar a diferenza, ben directamente ou por financiamento de terceiros.

Artigo 11º

Poderá dedicarse ata un máximo do 5% do total da axuda concedida a gastos de preparación, secretaría, xestión, etc. Non poderán ser incluídos no obxecto das axudas os desprazamentos de membros das ONGD aos países beneficiados das accións. Non se apoiarán proxectos que no momento da solicitude de axuda estean xa finalizados.

Artigo 12º

O importe das subvencións ou axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, supere o cen por cento do custo total da actividade para a que se concedan.

TÍTULO SÉTIMO. Xustificación e realización dos proxectos

Artigo 13º

En todos os casos xustificarse a axuda recibida coa presentación dunha memoria que describa o traballo realizado e o estado actual do proxecto obxecto de intervención.

Artigo 14º

Xustificaranse os gastos realizados con facturas orixinais, copias contrastadas ou - no seu caso- con documentos que acrediten o uso dos fondos concedidos, antes do remate do exercicio.

A Xunta de Goberno poderá ampliar este prazo, a instancia de parte, en consideración a factores propios do desenvolvemento dos proxectos financiados polo Concello de Oleiros.

Artigo 15º

O non cumprimento da xustificación implicará a súa inhabilitación para a percepción de novas axudas, sen prexuízo das accións legais pertinentes.

Artigo 16º

As actividades que as entidades beneficiarias se comprometan a realizar en Oleiros, tal como se recolle no artigo 2º teranse que executar dentro dun período máximo de doce meses a partir da concesión da axuda. Para iso e para calquera outra actividade de divulgación dos proxectos, o Concello de Oleiros colaborará cos medios de que dispón (publicacións, prensa, etc.)



**Concello de
Oleiros**

BASES DE EXECUCIÓN

Artigo 17º

As organizacións beneficiarias de axudas comprométese a devolver o importe das cantidades recibidas se os gastos non se levasen a cabo por calquera causa ou se modificasen substancialmente os proxectos subvencionados.

FORMULARIO-ANEXO I

ASOCIACION-ENTIDADE –CIDADE QUE SOLICITA A AXUDA:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:	
CORRESPONSAL-CONTACTO EN OLEIROS-GALICIA:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DNI:	
CIF DA ASOCIACIÓN:	
ANO DE CONSTITUCIÓN:	
NÚMERO DE MEMBROS:	
FORMA ADMINISTRATIVA DESTA:	
OBXECTIVOS XERAIS DA ASOCIACIÓN:	
Nº DE REXISTRO DA ASOCIACIÓN (nacional, rexional ou local)	



FORMULARIO-ANEXO II

FICHA IDENTIFICATIVA DO PROXECTO

PRESENTA A PROPOSTA:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	FAX:
1.-PAÍS BENEFICIARIO:	Nº BENEFICIARIOS directos/indirectos
2.-LOCALIZACIÓN NO PAÍS:	
3- SECTOR DE COOPERACIÓN:	
4.- PERÍODO DE EXECUCIÓN: desde //..... ata/...../.....	
5.- TÍTULO DO PROGRAMA OU PROXECTO:	
6.- ORIXE DO PROXECTO:	
7.- INSTITUCIÓN RECEPTORA:	
8.- OBXECTIVOS DO PROXECTO: .../...	
9.- DESCRICIÓN DO PROXECTO: .../...	
10.- ACTIVIDADE E CALENDARIO:	
11.- XUSTIFICACIÓN DE GASTOS:	
12.- CONTRIBUCIÓN DO RECEPTOR:	

Nº DE ANOS DE CONCESIÓN DESTAS AXUDAS DO CONCELLO DE OLEIROS.....

DATOS BANCARIOS COMPLETOS ONDE DESEXA RECIBIR A SUBVENCIÓN NO CASO DE CONCEDERSE (datos do titular, nome completo do banco ou caixa, enderezo completo da sucursal, e código completo da conta(código IBAN).....
.....

..
SINATURA E SELO



ANEXO III

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA ASISTENCIA A COMEDORES ESCOLARES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Oleiros leva varios anos contribuíndo economicamente á financiación do custo que supón para as familias oleirenses a contratación da prestación do servizo de comedor nas escolas onde este non se presta directamente por parte da Administración Autonómica e son as ANPAS as encargadas da súa xestión.

O obxectivo destas axudas é permitir que as familias con menos recursos económicos poidan ver facilitada a compatibilidade do horario escolar dos fillos co horario de traballo dos pais, a través do acceso aos comedores nas escolas, que permiten asegurar a adecuada atención e alimentación dos rapaces mentres os pais desenvolven a súa xornada laboral.

Artigo 1.- Obxecto da subvención

É obxecto destas bases a regulación da concesión de axudas para mantenza en comedores escolares xestionados polas ANPAS de Centros Públicos de Ensino de Oleiros.

As axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 82.3260.48900 ata o límite que se dispoña na convocatoria.

Esta axuda é incompatible con calquera outra procedente de entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

Artigo 2.- Convocatoria

A convocatoria será aprobada pola Alcaldía e publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por conduto da BDNS, de acordo co prescrito pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Asimesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Centro Cultural "A Fábrica" e na páxina web do Concello.

Artigo 3.- Requisitos dos beneficiarios

1. As axudas poderán ser outorgadas aos/ás representantes legais de alumnado matriculado en ditos centros para o curso escolar, que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroados no Concello de Oleiros tanto os solicitantes como o/a alumno/a á data de comezo do curso escolar correspondente á convocatoria.
- b) Estar matriculado o menor para o curso escolar nun centro de ensino público sito no termo municipal de Oleiros e que conte con servizo de comedor xestionado pola ANPA.
- c) Ter obtido no ano anterior ao da convocatoria unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.

Enténdese por *renda per cápita familiar*, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda referido ao ano anterior ao da convocatoria, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os importes da base imponible xeral e da base imponible do aforro que consten na declaración.

A efectos da comprobación da Renda familiar, autorizarase o acceso aos datos tributarios que



- consten na AEAT de todos os membros computables da unidade familiar.
- d) Non estar incurso a persoa solicitante en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
 - e) Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, e coa Seguridade Social.
 - f) Non ser debedor da Facenda Municipal ningún dos membros computables da unidade familiar.
2. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos a), b) ou c) anteriores implicará a desestimación da solicitude. A ausencia dos sinalados nos parágrafos e) ou f) será subsanable antes da concesión, previo requerimento ao efecto.

Artigo 4.- Contía das axudas.

1. A contía exacta que se concederá a cada alumno determinarase en función da renda per cápita obtida pola familia do solicitante no ano anterior á convocatoria, do seguinte xeito:

RENDA PER CAPITA	CANTIDADE A CONCEDER
De 0 a 2.300 euros	700 €
De 2.300,01 a 4.600 euros	380 €
De 4.600,01 a 6.000 euros	260 €

2. En caso de que o beneficiario forme parte dunha familia numerosa o importe que lle correspondese segundo a renda incrementárase nun dez por cen se se trata dunha familia de categoría especial e nun cinco por cen se é de categoría xeral, circunstancia que deberá acreditar no momento da solicitude de axuda coa presentación do carné correspondente.
3. No suposto de que o número de solicitantes que cumpren os requisitos determinase a insuficiencia do importe da convocatoria, serán rexeitadas as solicitudes correspondentes ás familias que acaden unha renda máis elevada-
4. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cuantía que, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 5.- Solicitudes.

1. As solicitudes deberán presentarse ante o rexistro do Concello de Oleiros sito no Centro Cultural "A Fábrica", no formulario normalizado que se publicará ao mesmo tempo que a convocatoria na páxina web municipal e na BDNS.
2. O prazo de presentación de solicitudes será o que se sinale na convocatoria.
3. Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:
 - Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante.
 - Documento acreditativo da conta bancaria onde desexen recibir a axuda (certificado bancario, fotocopia compulsada de libreta de aforro/conta corrente), agás que tivera solicitado a axuda para o curso anterior e non houberse variación nos datos.
 - Documento en vigor acreditativo de familia numerosa, onde figuren todos os membros, de ser o caso.
4. A Administración poderá demandar dos solicitantes a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión da axuda.
5. O empadramento, a matrícula no centro e o estado das débedas coa Facenda Municipal



comprobaranse de oficio.

6. Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano instrutor requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este requerimento efectuarase mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de edictos do Centro Cultural “A Fábrica”, nos centros escolares e na páxina web do Concello.

Artigo 6.- Concesión

- a) Unha vez completadas as solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:

- Presidenta: A Concelleira delegada de Educación.

Suplentes (por este orde):

- A Concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística.
- A Concelleira delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica.

- Vocais: A Concelleira delegada de Cultura, A Concelleira delegada de Deportes e o Técnico do Servizo Municipal de Educación.

Suplente:

- Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

- Secretaria: Unha das auxiliares administrativas da Asesoría Xurídica da área; en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

A Concelleira delegada de Educación será a instrutora do expediente.

O quorum necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

A comisión de valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

- b) Efectuada esta avaliación, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Oleiros, e no do Centro Cultural “A Fábrica”, nos centros escolares e na páxina web do Concello, unha lista coas solicitudes admitidas, as que se propón denegar e por qué motivo, e as desestimadas sen máis trámite, concedéndose un prazo de 10 días para presentar alegacións. Dita relación publicarase unicamente co número do documento de identidade que os beneficiarios aportaran na súa solicitude.
- c) Transcorrido dito prazo e examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar os solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.
- d) As axudas serán concedidas por Resolución da Alcaldía. O acordo deberá adoptarse en tres meses desde que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que



correspondan.

- e) Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- f) A resolución definitiva que se adopte será publicada do mesmo xeito sinalado no parágrafo b). Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen no artigo 45.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- g) Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero mediante orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite polas persoas interesadas, ou o Concello o considere oportuno por dito motivo, aínda que non fose solicitado expresamente.
- h) De acordo co previsto no artigo 20.8.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se efectuará a publicación dos datos dos beneficiarios na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Artigo 7.-Obrigas dos beneficiarios

I.- LIQUIDACIÓN DEL ESTADO DE GASTOS

C.ECON.	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS			COMPROM.	OBLIG.REC. NETAS	REMANENTES CRÉDITO	PAGOS	OBL.PDTE. A 31/12
		INICIALES	MODIFICS.	DEFINITIVOS					
689	Otros gastos en inversiones de bienes patri	0,00	500,00	500,00	124,00	124,00	376,00	124,00	0,00
	Total Artículo: 68	0,00	500,00	500,00	124,00	124,00	376,00	124,00	0,00
	Total Capítulo: 6	5.743.493,00	12.419.455,34	18.162.948,34	7.585.789,46	2.613.694,23	15.549.254,11	2.267.191,07	346.503,16
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.								
75	A Comunidades Autónomas.								
750	A la Administración General de las Comun	0,00	4.009,69	4.009,69	0,00	0,00	4.009,69	0,00	0,00
	Total Artículo: 75	0,00	4.009,69	4.009,69	0,00	0,00	4.009,69	0,00	0,00
	Total Capítulo: 7	0,00	4.009,69	4.009,69	0,00	0,00	4.009,69	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS.								
83	Concesión de préstamos fuera del sector público.								
830	Préstamos a corto plazo. Desarrollo por sec	36.000,00	0,00	36.000,00	6.620,00	6.620,00	29.380,00	6.620,00	0,00
	Total Artículo: 83	36.000,00	0,00	36.000,00	6.620,00	6.620,00	29.380,00	6.620,00	0,00
	Total Capítulo: 8	36.000,00	0,00	36.000,00	6.620,00	6.620,00	29.380,00	6.620,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS.								
91	Amortización de préstamos y de operaciones en euro								
910	Amortización de préstamos a corto plazo d	38.315,00	0,00	38.315,00	0,00	0,00	38.315,00	0,00	0,00
	Total Artículo: 91	38.315,00	0,00	38.315,00	0,00	0,00	38.315,00	0,00	0,00

CONC. OLEIROS

Fecha de Referencia: 30/09/2019

Fecha de Creación: 31/10/2019

LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO DE GASTOS

I.- LIQUIDACIÓN DEL ESTADO DE GASTOS

C.ECON.	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS PRESUPUESTARIOS			COMPROM.	OBLIG.REC. NETAS	REMANENTES CRÉDITO	PAGOS	OBL.PDTE. A 31/12
		INICIALES	MODIFICS.	DEFINITIVOS					
	Total Capítulo: 9	38.315,00	0,00	38.315,00	0,00	0,00	38.315,00	0,00	0,00
	Total Gen.:	30.114.721,00	13.267.477,03	43.382.198,03	17.541.392,48	9.766.922,18	33.615.275,85	9.407.194,37	359.727,81



INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO



CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

INFORME ECONÓMICO FINANCIERO DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020

Jacobo Molina Sáenz, Interventor accidental do Concello de Oleiros, unha vez elaborado o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2020, procede a elaborar este informe económico-financieiro, no que se expoñen as bases empregadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos consignados para atender as obrigacións esixibles coñecidas e dotar os diversos gastos de funcionamento dos servizos.

Este orzamento encadrase dentro do marco xeral 2020-2022 aprobado mediante decreto da alcaldía número 2019000979, de 18 de marzo, e as liñas fundamentais para súa elaboración aprobadas por decreto da alcaldía 2019003672, de 17 de setembro, presentándose nivelados os créditos para ingresos e gastos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- Regras 54 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Artigos 22.2, 90, 93, 104 e 112 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.
- Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, modificado por Real Decreto 158/96, de 2 de febreiro.
- Real Decreto-ley 24/2018, de 21 de decembro, por el que se aprueban medidas urgentes en materia de retribuciones en el ámbito del sector público.
- Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018 de aprobación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e teito de gasto para o período 2019-2021.
- Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo.

INFORME

O artigo 162 do TR aprobado por RDL 2/2004, adaptándose á definición contida no artigo 112.1 da LRBRL, define o orzamento xeral como a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo se poden recoñecer, e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio económico, coincidindo este co ano natural e estará formado polo orzamento da propia entidade e todos os de os organismos e empresas locais dependentes





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

O presente proxecto de orzamento para 2020 ascende a 31.830.400,00 euros, tanto en ingresos como en gastos, polo que presentase inicialmente nivelado de conformidade coa Lei reguladora das facendas locais, texto refundido aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A estrutura de ingresos e gastos está adaptada á Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde Ministerial EHA/3565/2008 de 3 de decembro, que ten o seu fundamento xurídico no artigo 167.1 e disposición adicional 6ª do TRLRFL, RDL 2/2004 de 5 de marzo e concordantes.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, esixe a disposición da información con unha maior correspondencia cos servizos definidos na lei reguladora das Bases de Réxime Local. Queda modificada a clasificación por programas, ordenando os créditos segundo súa finalidade e os obxectivos que se propoñan acadar en:

- Areas de gasto
- Políticas de gasto
- Grupos de programas
- Programas

Esta clasificación parte do principio da importancia das políticas a desenvolver polas distintas administracións e non da función que realiza o gasto, sendo de carácter obrigatorio e pechado (Orde HAP/419/2014)

A aplicación orzamentaria virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica, a nivel de grupo de programa e subconcepto.

A clasificación económica de gastos incorpora o “Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria”, previsto no art.31 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade Financeira, no Capítulo V, “Fondo de Continxencia e outros imprevistos”, Artigo 50 “Dotación ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria” e baixo o concepto 500

O estado de ingresos agrupa os créditos por capítulos, separando as operacións non financeiras (Operacións correntes: capítulos 1 a 5, e Operacións de capital: capítulos 6 e 7) das Operacións financeiras (capítulos 8 e 9).

Clasificacións económicas:

Clasificación económica dos gastos: desagregada en capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

Clasificación económica dos ingresos: desagregada en capítulo, artigo, concepto e subconcepto.

No presente informe trátase de expoñer a suficiencia dos créditos dotados para atender o cumprimento das obrigacións esixibles coñecidas e os gastos para o normal funcionamento dos servizos.

Os ingresos correntes acadan os 27.654.181,24 euros, e os gastos correntes 25.199.600,00 euros, producíndose un aforro bruto de 2.454.581,24 euros, e dado que no exercicio prevese 38.320,00





euros no capítulo 9 de gastos para a posible amortización de débeda financeira, o aforro neto ascende a 2.416.261,24 euros.

Aínda que este tema será obxecto dun informe concreto, sinálase que nos termos das contas SEC2010, inicialmente cumpre co obxectivo de estabilidade establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Conforme ao previsto polo artigo 168.1.e), expóñense de seguido, as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e a situación da débeda, estando xustificada esta nos anexos que conforman o orzamento.

PRIMEIRO- BASES EMPREGADAS PARA A AVALIACION DOS INGRESOS.

Os ingresos previstos por operacións correntes presentan a seguinte distribución por capítulos:

Cap 1 impostos directos	11.093.000,00 €
Cap 2 impostos indirectos	900.000,00 €
Cap 3 taxas e outros ingresos	5.138.401,24 €
Cap 4 transferencias correntes	10.109.180,00 €
Cap 5 ingresos patrimoniais	413.600,00 €
Total ingresos correntes	27.654.181,24 €

As previsións dos recursos por impostos, taxas, prezos públicos e ingresos patrimoniais están adaptadas a súa probable realización tomando a estes efectos como base, os estados da liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2018, o avance da liquidación a 30 de setembro de 2019, o crecemento da poboación do Concello, e as tendencias e estimacións realizadas pola TAE de Inspección fiscal.

Previsións por capítulos, seguindo a estrutura de ingresos recollida na OM EHA/3565/2008.

A) CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importe 2020	Importe 2019	+/- variación	+/- % variación
11.093.000,00	10.614.000,00	+ 479.000,00	+ 4,51%

Este capítulo incrementa para 2020 as previsións orzamentarias con respecto ao exercicio anterior un 4,51% e representa no seu conxunto o 34,85% do total de ingresos e o 40,11% dos ingresos correntes.

Análise por artigos:

Artigo 11 “Impostos sobre o Capital”. Recolle os ingresos polos impostos que gravan a titularidade dun patrimonio ou os incrementos de valor postos de manifesto na transmisión do mesmo, como son o imposto sobre bens inmobles tanto de natureza rústica como urbana, imposto sobre vehículos de tracción mecánica e o imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana. (IBI, IVTM, IVTNU).





Concepto	Importe previsión	Variación s/ex.ant.
Impostos directos s/capital	10.673.000,00	4,70%

Incrementase a previsión de ingresos por contribución urbana na cantidade de 250.000,00 euros, para axustala ás liquidacións de dereitos realizadas en 2018 e 2019, e tendo en conta o incremento dos valores catastrais aprobados polo Ministerio de Facenda para o ano 2020.

En canto ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica incrementase a previsión de 2020 en 130.000 euros segundo a evolución dos dereitos recoñecidos en 2018 e 2019 e tendo en conta a supresión da bonificación para os vehículos de máis de 25 anos de antigüidade aprobada polo Pleno.

Do mesmo xeito, incrementase a previsión de ingreso do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana na cantidade de 100.000 euros, segundo a evolución da tendencia producida nos anos 2017, 2018 e 2019 ante a mellora do mercado inmobiliario.

Cómpre sinalar que os ingresos derivados do presente imposto víronse afectados pola incertidume derivada da sentenza do Tribunal constitucional 59/2017, que declarou inconstitucionais e nulos determinados artigos do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a exacción do imposto.

Posteriormente, o Tribunal Supremo, en sentenza de 9 de xullo de 2018, interpretou a dita declaración de inconstitucionalidade ao considerar que os ditos preceptos son constitucionais e resultan aplicables en todos aqueles supostos nos que o obrigado tributario non acredite que a transmisión da propiedade dos terreos non non puxo de manifesto un incremento do seu valor. Así, corresponde ao obrigado tributario probar a inexistencia de incremento de valor do terreo mediante calquera tipo de proba, que alo menos indiciariamente permita apreciála. E só nos caso nos que o obrigado tributario presente proba de que o terreo no aumentou de valor, deberá ser a Administración a que probe en contra das ditas pretensións para poder aplicar os preceptos do TRLHL que o fallo da STC 59/2017 deixou en vigor en caso de plusvalía.

Ademais, está pendente o lexislador estatal de aprobar unha nova normativa reguladora do imposto; feitos todos estes que poden incidir na execución material dos ingresos derivados do dito imposto.

Artigo 13 “Impostos sobre as actividades económicas” (IAE) Son os derivados do exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

Concepto	Importe previsión	Variación s/ex.ant.
Imp.direct. s/activ.econ.	420.000,00	0,00%

Non experimentan variación algunha respecto dos previstos en 2019.

B) CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Ingresos derivados da realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra suxeita a licenza, conforme establece o Regulamento de disciplina urbanística.





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

Consígnanse no capítulo II do Estado de Ingresos a cantidade de 900.000,00 euros, en base ás liquidacións practicadas durante os anos 2018 e 2019, o que confirma un mantemento das expectativas de crecemento da actividade urbanística.

A previsión de ingresos neste capítulo representa o 2,83% do total de ingresos, e o 3,25% dos ingresos correntes.

C) CAPITULO III.-TAXAS E OUTROS INGRESOS.

Séguese neste capítulo as liñas marcadas en exercicios anteriores, adaptando as previsións de ingresos por taxas, aproveitamentos especiais e recargo de prema.

Prevense ingresos por 5.138.401,24 euros que representan o 16,14 % do total de ingresos e o 18,58% dos ingresos por operacións correntes. En valores absolutos, seu incremento é do 14,15% con respecto a 2019.

Cómpre sinalar que segundo a Orde que regula a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, neste capítulo 3 de Ingresos por taxas, prezos públicos e outros servizos inclúense tamén determinados ingresos que non teñen o carácter de corrente, estando afectados ao financiamento de investimentos de capital como son as contribucións especiais e as cotas de urbanización.

A presión fiscal deste orzamento, é dicir, o que achega cada habitante ao orzamento xeral, determinando esta achega como o cociente entre as previsións de ingresos dos capítulos I, II, e III e o número de habitantes a 1 de xaneiro, acada os 474,88 euros fronte aos 441,95 euros do exercicio anterior, o que implica un aumento da presión fiscal do 7,45%.

A poboación do Concello (datos pendentes de validación polo INE), segundo información facilitada polo departamento de Estatística, a 1 de xaneiro de 2019 foi a seguinte:

Habitantes a 1 de xaneiro de 2019	36.075
-----------------------------------	--------

D) CAPITULO IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os ingresos por este capítulo sitúanse en 10.109.180,00 euros, o que supón un 31,76% do total de ingresos do orzamento, incrementándose un 5,05% respecto ao ano anterior.

A participación nos tributos do Estado, con 7.500.000 de euros é o principal ingreso, seguido do Fondo de Cooperación Local con 1.128.000,00 euros. Entre ambos seguen sendo mais do 85% das transferencias correntes recibidas polo Concello.

As transferencias correspondentes da Deputación Provincial diminúen respecto ao ano anterior pola minoración da achega da Deputación Provincial correspondente ao ano 2020 do Plan único aos Concellos.

O detalle dos ingresos previstos correspondentes ás achegas correntes da Deputación Provincial é o seguinte:





Conc.	Descrición	Prev. 2020
46100	Transferencias correntes da Deputación da Coruña	660.000,00
	Programa da Limpeza de Praias	28.000,00
	Gastos persoal das Oficinas de Turismo	18.000,00
	Mantenemento e reforzo dos servizos de normalización Lingüística	12.000,00
	Rede Cultural da Deputacion	17.000,00
	Contratación de persoal Técnico-Deportivo	15.000,00
	Mantenemento Conservatorios, Escola de Música e Danza (Escola Música)	10.000,00
	Mantenemento Conservatorios, Escola de Música e Danza (Escola Danza)	10.000,00
	Plan Único POS+ 2020. Gasto Corrente.	478.564,01
	Festival de Artes escenicás na Rúa	3.000,00
	Mantemento ou creación de postos persoal Técnico Cultural	10.000,00
	Contratación Persoal atención museos e centros interpretación (Museo Kaydeda)	14.000,00
	Contratación Persoal atención Museos de Interpretación (Aulas do Mar)	9.000,00
	Actividades en materia de medio ambiente	3.000,00
	Contratación Persoal Animación Sociocultural	5.000,00
	Outras subvencións para gastos correntes	27.435,99
46102	Programas de ensino e xuventude	600,00
Total grupo de programa 46		660.600,00

En canto ás transferencias estimadas da Comunidade Autónoma corresponden a programas que xa veñen sendo subvencionados en exercicios anteriores e que teñen prevista a súa continuidade no exercicio 2020, principalmente o Plan concertado de Servizos sociais da Xunta de Galicia.

O detalle dos ingresos previstos correspondentes ás achegas da Xunta de Galicia é o seguinte:

Programa	Descrición	Prev. 2020
45000	Fondo de Cooperación local	1.128.000,00
45002	Plan Concertado Servizos Sociais	165.000,00
45003	Xestión de programas S.Sociais (SAD DEPENDENTES)	360.000,00
45004	Programa de educación familiar	60,00
45005	Plan de igualdade	60,00
45052	Transf.ctes. CC.AA. Subv.Tco Local de emprego	66.000,00
	Subvención Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.	16.000,00
	Subvención 2 Orientadoras profesionais	50.000,00
45053	Transf.ctes. CC.AA. Emprego e desenvolv.local	60,00
45054	Transf.ctes. CC.AA. Proxectos formativos	60,00





Programa	Descrición	Prev. 2020
45080	Outras transferencias - Subvención para Funcionamento Xulgados de Paz - Subvención para o funcionamento da Escola de Música - Subvención para o financiamento de Alfaroiros	22.000,00 4.400,00 11.500,00 6.100,00
451	Transferencias OO AA das CC. AA.	60,00
Total grupo de programa 45		1.741.300,00

E) CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS

Ingresos de natureza non tributaria procedentes de rendas da propiedade e do patrimonio municipal, e os derivados de actividades feitas en réxime de dereito privado.

Neste capítulo, as previsións acadan 413.600,00 euros e corresponden na maior parte as concesións administrativas de locais comerciais e outros aproveitamentos especiais, incrementándose un 43,31% respecto ao ano anterior.

A súa incidencia sobre os ingresos correntes pasa a ser do 1,50% e o 1,30% do total de ingresos.

F) CAPITULO VI.-ENAXENACION DE INVESTIMENTOS REAIS

Ingresos procedentes da venda de bens de capital propiedade do Concello.

Para este exercicio prevese a venda das parcelas pertencentes ao Patrimonio Municipal do Solo que se sinalan a continuación:

Parcelas	Prev. 2020
Parcelas Proxecto de equidistribucion Canide	237.943,54
Parcelas P. Compensacion do Plan Parcial SUD-11 Xaz – Dorneda – Oleiros.	1.630.801,37
Parcela M-6B P.Reparcelación SUD-1 Cividanes. Vivendas en réxime de protección	550.628,49
Parcela R-2 P.Reparcelación POL-31 Rabadeira – Oleiros	208.469,19
Parcela RC5010 POL-16 Corredoira das Viñas . Vivenda Colectiva de Proteccion Oficial	607.683,11
Parcela 3 POL 24 O Paraíso	453.075,55
Ingresos totais cap. 6 de alleamento de investimentos	3.688.601,25

Ascenden estes ingresos a 3.688.601,25 euros, que son o 11,59% do total de ingresos, e financian o 56,26 % do capítulo de investimentos.

G) CAPITULO VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital son ingresos de natureza non tributaria percibidos sen contraprestación directa e destinados na súa totalidade a financiar operacións de capital.





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

En este capítulo, estímase para este orzamento ingresos por 451.617,51 euros, que supoñen a financiación do 6,89% do capítulo 6 de gastos “investimentos reais”.

Neste capítulo recóllese a achega da Deputación da Coruña dentro do Plan Único aos Concellos 2020, achega provincial correspondente ao ano 2019, por importe de 115.816,86 euros.

Inclúe ademais unha achega prevista por parte da Xunta de Galicia para o financiamento da obra de Construcción de beirarrúas entre o cruce de Arillo e Lourido por importe de 100.000 euros.

E por último prevese un ingreso de 235.740,65 euros derivado dos convenios a asinar cos veciños para financiar a execución de obras de ampliación da rede de sumidoiros municipal.

En base ao anterior, os ingresos por transferencia de capital incrementase un 80,65% con relación ao exercicio 2019.

Estes ingresos representan un 3,00% dos totais do orzamento para 2020.

H) CAPITULO VIII.-ACTIVOS FINANCEIROS

Ingresos derivados da xestión ou venda de activos financeiros. Como en exercicios anteriores, no concepto 830.00 “Reintegro de préstamos a c/p” consígnanse 36.000,00 euros.

Este concepto está vinculado á partida de gastos 121.830. Recolle os ingresos procedentes dos reintegros polos anticipos de retribucións ou préstamos persoais concedidos aos traballadores e traballadoras do Concello.

I) CAPITULO IX. PASIVOS FINANCEIROS. PRESTAMOS RECIBIDOS DO EXTERIOR

No proxecto de orzamento de 2020 non se contempla acudir ao endebedamento.

SEGUNDO.- SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES E OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS.

A. CAPITULO I : GASTOS DE PERSOAL

Clasificac. económica de gastos agrupados por artigos-capítulo 1

Artigo	Descrición	Concello
10	Altos cargos	442.340,00
11	Persoal eventual de gabinetes	171.870,00
12	Persoal funcionario	4.059.110,00
13	Persoal laboral	3.369.300,00
14	Outro persoal	12.060,00
15	Incentivos o rendemento	63.580,00
16	Prestacións e gastos sociais a c/empresa	2.688.130,00
TOTAL		10.806.390,00





Clasificación dos gastos agrupados por políticas de gasto. Capítulo 1

Código	Política de gasto	Consignación
13	Seguridade e mobilidade cidadá	2.602.390,00
15	Vivenda e urbanismo	608.170,00
17	Medio ambiente	1.704.230,00
22	Outras prestacións económicas a empregados	135.000,00
23	Servizos sociais e promoción social	469.120,00
24	Fomento do emprego	382.960,00
32	Ensino	498.250,00
33	Cultura	761.180,00
34	Deporte	87.350,00
43	Comercio e turismo	37.460,00
49	Out. actuacións de carácter económico	66.610,00
91	Órganos de Goberno	806.740,00
92	Servizos de carácter xeral	1.680.440,00
93	Admón financeira e tributaria	966.490,00
TOTAL		10.806.390,00

Previsión de gastos salariais para o 2020

Os anexos incorporados no documento orzamentario, segundo dispón o artigo 168.1.c) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, recollen o gasto de persoal para o 2020, e foron elaborados polo departamento de Recursos Humanos, tendo en conta a relación de postos de traballo aprobada polo Pleno do Concello o 29/11/2018, que entrou en vigor con efectos 1 de decembro de 2018, e tendo en conta as modificacións do cadro de persoal e da RPT que se sinalan no dito informe.

O artigo 93 da Lei 7/1985 dispón que os funcionarios da Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, polo que a contía de súas retribucións básicas será a fixada na Lei de presupostos xerais do Estado para cada ano.

Corresponde ao Pleno determinar no presuposto a contía global destinada a asignación de complemento de produtividade.

Tal e como sinala a Técnico de Recursos Humanos, o proxecto de orzamento recolle un incremento das retribucións do 0,25% previsto no Real Decreto-ley 24/2018, de 21 de decembro, por el que se aprueban medidas urgentes en materia de retribuciones en el ámbito del sector público, aplicado desde o 1 de xullo de 2019.

Ademais, prevese un incremento das retribucións do 2,30%, en previsión da aplicación da Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo.





En canto aos **créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións** e, no seu caso, complementos persoais transitorios, o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios da Administración Local, sinala que estes serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída la referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

A cantidade resultante destinarase:

- Ate un máximo do 75 % para complemento específico.
- Ate un máximo do 30 % para complemento de produtividade.
- Ate un máximo do 10 % para gratificaciónes.

Tal e como indica a TAE de Recursos Humanos no seu informe de data 30 de outubro de 2019, o importe do complemento específico excede do límite do 75% establecido no citado Real Decreto 861/1986.

En este capítulo, o total de gastos previstos e de 10.806.390,00 euros, o que supón unha variación sobre o orzamento de 2019 do 5,27%, e representa o 33,95% do gasto total e o 42,88% do gasto corrente.

B. CAPITULO II DO ESTADO DE GASTOS: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Os gastos previstos en este capítulo ascenden a 12.864.940,00 euros, (40,42% do total do orzamento de gastos e o 51,05% dos gastos correntes).

Art.	Descrición	Importe 2020	Importe 2019	% Variac.
20	Alugueres	68.360,00	71.243,00	- 4,05%
21	Reparacións, mantmto e conservación	1.243.940,00	1.010.415,00	23,11%
22	Materiais, subministro e outros	11.486.680,00	11.359.179,00	1,12%
23	Indemnizacións por razón do servicio	65.960,00	107.945,00	- 38,89%
Total		12.864.940,00	12.548.782,00	2,52%

Os gastos en bens correntes e servizos mantén a liña de aforro establecida en exercicios anteriores, tanto no subministro enerxético como no resto de gastos de mantemento das instalacións e servizos municipais, de acordo cunha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, cumprindo co obxectivo de regra de gasto fixado no 2,9% para o ano 2020 polo acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018 de aprobación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e teito de gasto para o período 2019-2021.

A distribución destes gastos seguindo as diferentes políticas de gasto que se estableceron polo Concello, é a seguinte:

Codigo	Política de gasto	Consignación
13	Seguridade e mobilidade cidadá	402.520,00
15	Vivenda e urbanismo	207.900,00





Código	Política de gasto	Consignación
16	Benestar comunitario	3.714.000,00
17	Medio ambiente	2.005.620,00
22	Outras prest.econom. a empregados	25.000,00
23	Servizos sociais e promoción social	1.892.210,00
24	Fomento do emprego	48.830,00
31	Sanidade	11.070,00
32	Ensino	1.263.530,00
33	Cultura	847.270,00
34	Deporte	472.650,00
43	Comercio ,turismo e Pemes	43.900,00
49	Out. actuacións de carácter económico	255.250,00
91	Órganos de goberno	48.360,00
92	Servizos de carácter xeral	1.488.170,00
93	Admón financeira e tributaria	138.660,00
Total		12.864.940,00

O maior importe do gasto corrente segue a ser destinado aos servizos de Benestar Comunitario, que representan o 28,87% do gasto no capítulo II, seguido de Cultura, Deportes e Ensino co 20,08%, Medio Ambiente co 15,59%, e Servizos Sociais e promoción social co 14,71%.

A aplicación de medidas de control da eficiencia e eficacia do gasto son imprescindibles para mellorar a súa xestión, potenciar a inspección fiscal e o autofinanciamento de aqueles servizos que non sendo básicos seguen a ser deficitarios, e un obxectivo fundamental para a súa sostibilidade.

C. CAPITULO III: GASTOS FINANCEIROS

Dotación para facer fronte os intereses e demais gastos derivados das operacións financeiras e débedas contraídas polo Concello.

O Concello de Oleiros, a 31 de decembro do 2019, tiña unha débeda viva por importe de 838.135,20 euros (Débeda a l/p, carecendo de débeda a c/p), sendo cero, os intereses a pagar neste exercicio, debido a que os créditos concertados son a interese cero.

Dotáronse 40.000,00 euros como previsión para o pago de xuros de demora e outros gastos polos expedientes de expropiacións que se poidan resolver e os intereses derivados de sentencias xudiciais firmes, así como 2.000 euros para outros gastos financeiros.

Acádanse neste capítulo 42.000,00 euros, reducíndose un 50,59% respecto do exercicio anterior.

GASTOS FINANCEIROS

Descrición	Importe 2020	Importe 2019	+/-Variacion	(%)
Política económica e fiscal. Xuros de demora	40.000,00	80.000,00	- 40.000,00	- 50,00%
Política económica e fiscal. Outros gtos. Fin.	2.000,00	5.000,00	- 3.000,00	-60,00%
Total gastos financeiros	42.000,00	85.000,00	- 43.000,00	- 50,59%





Interese legal do diñeiro e da mora

A lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 establece:

“Disposición adicional quincuaxésima sétima.

Xuro legal do diñeiro.

Un. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este queda establecido no 3,00 por cento ata o 31 de decembro do ano 2018.

Dous. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será o 3,75 por cento.

Tres. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será o 3,75 por cento.”

Os orzamentos do estado para 2020 na actualidade atópanse pendentes de aprobación.

D. CAPITULO IV DO ESTADO DE GASTOS: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Corresponde aos créditos achegados polo Concello sen contrapartida directa dos axentes preceptores e co obxectivo final de financiar operacións correntes. Inclúense subvencións en especie para a súa entrega aos beneficiarios dunha subvención previamente concedida, distinguíndose por subconceptos as transferencias segundo o destinatario das mesmas

No proxecto de orzamento para 2020 dótanse para este fin 1.436.270,00 euros, un 6,57% mais que no exercicio anterior, e se reparten nos seguintes artigos en función do axente perceptor:

Art.	Denominación	Consignación
42	A Administración do Estado	1.000,00
45	A Comunidade Autónoma	579.200,00
46	A entidades locais	184.060,00
47	A empresas privadas	7.000,00
48	A familias e institucións sen fins de lucro	665.010,00
	Total	1.436.270,00

Atendendo ao seu importe, salientamos as seguintes:

- Transferencias para promoción e desenvolvemento do transporte público” por 200.000,00 euros na aplicación 30.4412.45000.
- Transferencias por asistencia social á Comunidade Autónoma, 379.200,00 euros na partida 70.231.45100. Esta aplicación reflexa un incremento considerable respecto ao orzamento de 2018 para recoller os posibles gastos derivados do novo réxime de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- Transferencias para atencións benéficas por 130.000,00 euros na aplicación 70.231.48000.
- Servizos complementarios de educación. Transferencias APAS colexios: 135.000,00 euros, na aplicación 82.3260.48905
- Transferencias ao Consorcio por servizos agrupados 92.000,00 na aplicación 70.231.46600, e 78.000,00 euros na aplicación 72.311.46600
- Promoción e fomento do deporte, 91.400,00 na partida 81.341.48903





- Dotación o Fondo Municipal de Cooperación, 65.000,00 euros na partida 929.489.00.
- Transferencias para comedores escolares a través de Servizos Sociais por 60.000 na aplicación 70.231.48003
- Promoción cultural, 48.000,00 euros na aplicación 80.3340.48900.
- Transferencias para servizo de comedores escolares a través de ensino, por 40.000,00 euros na aplicación 82.3260.48900.
- Dotación para os gastos de funcionamento dos grupos políticos por 33.000 euros na partida 20.912.489.01
- Bolsas escolares 15.000,00 euros na aplicación 70.231.48002

E. CAPITULO VI DO ESTADO DE GASTOS: INVESTIMENTOS REAIS.

Ascende o orzamento de investimentos a 6.556.480,00 euros, o que supón un incremento do 14,15% sobre a dotación realizada no exercicio anterior.

A) Distribución dos investimentos a realizar polo Concello:

Por áreas de goberno:

Código	Area de goberno	Consignación
10	Presidencia	124.000,00
20	Facenda, contratación e patrimonio	1.580,00
31	Interior, seguridade Cidadá	141.800,00
33	Novas tecnoloxías da información	342.750,00
41	Urbanismo: planeamento	885.460,00
60	Obras públicas	4.279.690,00
61	Servizos municipais	569.500,00
62	Parques e xardíns	115.000,00
80	Cultura e normalización ling.	49.100,00
81	Deportes, formación e meprego, turismo e promoc. Económica	43.000,00
82	Ensino e xuventude	4.600,00
TOTAL		6.556.480,00

Por grupos de programas:

Cód.	Grupo de programa	Consignación
132	Seguridade y O.Público	35.300,00
133	Ordeación do tráfico e estacionamento	30.000,00
134	Mobilidade Urbana	230.000,00
136	Spei. Extinc.inc. y salv.	106.500,00
151	Urbanismo	885.460,00
153	Vías públicas	1.361.500,00
160	Sumidoiros	530.000,00
161	Abastecmto e distrib. Auga potable	247.500,00





Cód.	Grupo de programa	Consignación
165	Alumeado público	426.690,00
170	Administración xeral do medio ambiente	69.500,00
171	Parques e xardíns	522.000,00
241	Fomento do emprego	27.000,00
323	Funcionmto c.doc. Preescolar e primaria	20.000,00
326	Serv. Complementarios de educación	4.600,00
332	Bibliotecas	31.100,00
333	Museos e artes plásticas	6.000,00
334	Promoción cultural	94.000,00
337	Inst. Ocupación do tempo libre	25.000,00
342	Instalacións deportivas	457.000,00
432	Información e promoción turística	4.000,00
492	Xestión do coñecemento	342.750,00
920	Administración xeral	117.000,00
933	Xestión do patrimonio	982.000,00
934	Xestión da débeda e tesouraría	1.580,00
Total		6.556.480,00

B) Fontes de financiamento:

Financian o capítulo de investimentos os seguintes recursos, xa tratados nos seus respectivos apartados:

Fonte de financiamento	Importe	% s/total
Venda chan	3.688.601,25	56,26%
Transferencias e aportacións	755.918,75	11,53%
Aforro neto	2.111.960,00	32,21%
Total	6.556.480,00	

F. CAPITULO VIII. ACTIVOS FINANCIEROS

Concesión de préstamos a curto prazo.

Capítulo dedicado aos anticipos de pagas ao persoal e que esta afectado ao concepto de ingresos 830.00 (reintegros)

Mantense unha previsión para o exercicio por importe de 36.000,00 euros

G. PASIVOS FINANCIEROS

Gasto destinado a amortización de débeda.





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

Recole a dotación do crédito necesario para a amortización da débeda que vence durante o exercicio.

Segundo consta nos anexos do orzamento e o informe emitido pola Tesourería, a débeda viva procedente do PAI 2015 comeza a amortizarse no 2021 e a do PAI 2016 no 2022.

TERCEIRO.- CRITERIOS XERAIS DE XESTIÓN

As disposicións municipais regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e convenios de colaboración ou calquera outra actuación que afecte a gastos ou ingresos municipais presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos nos mesmos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira sinala que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

A vista da análise realizada sobre os estados de gastos e ingresos que compoñen o proxecto de orzamento para o exercicio de 2020 e en consecuencia coas previsións anteriormente expresadas, acádase a efectiva nivelación do orzamento á que fai referencia o art.165.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non presentando este déficit inicial.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Interventor accidental, Jacobo Molina Sáenz.



CONSORCIO AS MARIÑAS

ORZAMENTO 2020



CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTO

Area de gasto 9. Actuaciones de carácter general

920 Administración General

CODIGO ECONOMICO	NATUREZA ECONOMICA DOS GASTOS	€	
120,00	Persoal funcionario, retribucións básicas. Soldos grupo A1	31.231,56 €	
121,00	Persoal funcionario, retribucións complementarias. Compl. Destino	20.800,08 €	
121,01	Persoal funcionario, retribucións complementarias. Compl. Especifico.	16.000,00 €	68.031,64 €
130,00	Personal laboral fijo. Retribuciones básicas	- €	
131,00	Persoal laboral temporal	241.722,55 €	241.722,55 €
143,00	Otro personal	3.727,30 €	3.727,30 €
150,00	Productividade	8.542,00 €	8.542,00 €
160,00	Cotas sociais	72.070,69 €	72.070,69 €
202	Arrendamiento edificios e outras construcións	15.510,00 €	
206	Arrendamiento de equipos para procesos de información	4.965,84 €	20.475,84 €
212	Mantenimento edificios e outras construcións	4.000,00 €	
215	Reparación mobiliario	1.800,00 €	
216	Mantenimento e reparación equipos proceso de información	5.767,72 €	11.567,72 €
220,00	Material de oficina. Ordinario non inventariable	7.200,00 €	
220,01	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	4.000,00 €	
220,02	Material informático non inventariable	12.000,00 €	
221,00	Suministro enerxía eléctrica	16.000,00 €	
222,00	Servizos de telecomunicacións	12.915,00 €	
222,01	Comunicacións postais	22.000,00 €	
223	Transportes	720,00 €	
224	Primas de seguros	2.190,79 €	
226,01	Atencións protocolarias e representativas	4.779,00 €	
226,02	Publicidade e propaganda	15.000,00 €	
226,04	Xurídicos, contenciosos	18.000,00 €	
226,99	Gastos diversos	7.500,00 €	
227,00	Limpieza e aseo	15.379,92 €	
227,06	Estudios e traballos técnicos	- €	
227,99	Otros traballos realizados por outras empresas	14.000,00 €	151.684,71 €
231,20	Locomoción	2.000,00 €	
233	Otras indemnizacións	901,52 €	2.901,52 €
462	Transferencias corrientes a Ayuntamientos	- €	0,00
623	Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje	- €	3.000,00 €
626	Equipos para procesos de información	3.000,00 €	
636	Equipos para procesos de información	- €	
TOTAL		583.723,97 €	

CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTO

Area de gasto 2. Actuaciones de protección y Promoción Social

2300 Administración General Servicios Sociales

CODIGO ECONOMICO	NATUREZA ECONOMICA DOS GASTOS	€	
131	Persoal laboral temporal	192.944,36 €	192.944,36 €
143	Otro personal	2.716,98 €	2.716,98 €
150	Productividade	3.458,00 €	3.458,00 €
160,00	Cotas sociais	60.567,50 €	60.567,50 €
220,00	Material de oficina. Ordinario non inventariable	5.000,00 €	
220,01	Prensa revistas libros y otras publicaciones periódicas	1.200,00 €	
221.04	Vestuario	1.200,00 €	
224	Primas de seguros	3.000,00 €	
226.99	Outros gastos diversos	15.677,24 €	
227,99	Otros trabajos realizados	22.000,00 €	48.077,24 €
231,00	Locomoción	5.000,00 €	5.000,00 €
480	Becas e incentivos a formación de persoas	40.000,00 €	40.000,00 €
TOTAL		352.764,08 €	



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS

2.020

CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTO

1621.- recogida residuos

1622.- gestion rsu

1623.- tratamiento residuos

Area de gasto 1. Servicios públicos básicos

1621 Recogida de residuos

CODIGO ECONOMICO	NATUREZA ECONOMICA DOS GASTOS	€
227.99	Servicio de pre-recollida, recollida e transporte de r.u. (CESPA)	6.323.454,83 €
TOTAL		6.323.454,83 €



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS

2.020

CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTO

1621.- recogida residuos

1622.- gestion rsu

1623,- tratamiento residuos

le gasto 1. Servicios públicos básicos

1623 Tratamiento de residuos

CODIGO ECONOMICO	NATUREZA ECONOMICA DOS GASTOS	€
227.99	Servicio de tratamiento de r.u. (ALBADA)	2.926.454,46 €
227,99	Servicio de eliminación (GESTAN)	1.096.361,04 €
TOTAL		4.022.815,50 €



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS 2.020

CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTO

Area de gasto 1. Servicios públicos básicos

170 Administración general del medio ambiente

CODIGO ECONOMICO	NATUREZA ECONOMICA DOS GASTOS	€
227.99	Servicio de cancería e lacería	300.000,00 €
TOTAL		300.000,00 €



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS

2.020

CLASIFICACION POR PROGRAMAS DE GASTO

Area de gasto 1. Servicios públicos básicos

1622 Gestión de residuos sólidos urbanos

CODIGO ECONOMICO	NATUREZA ECONOMICA DOS GASTOS	€
227.08	Servicios de recadación a favor do Consorcio	315.358,11 €
TOTAL		315.358,11 €

CAPITULO **1 Gastos de Persoal**

CODIGO CONCEPTO	GRUPO DE PROGRAMAS	NATUREZA FUNCIONAL DOS GASTOS		
12000	920	Administración xeral	31.231,56	31.231,56
12100	920	Administración xeral	20.800,08	20.800,08
12101	920	Administración xeral	16.000,00	16.000,00
13000	920	Administración xeral	0,00	0,00
131	920 230 241	Administración xeral Administración Xeral, servizos sociais Fomento del empleo	241.722,55 € 192.944,36 € - €	434.666,91 €
143	920 230 241	Administración xeral Administración Xeral, servizos sociais Fomento del empleo	3.727,30 € 2.716,98 € - €	6.444,28 €
150	230 920	Administración Xeral, servizos sociais Administración xeral	3.458,00 € 8.542,00 €	12.000,00 €
160	920 230 241	Administración xeral Administración Xeral, servizos sociais Fomento del empleo	72.070,69 € 60.567,50 € - €	132.638,19 €
TOTALCAPITULO			653.781,02 €	

CAPITULO **2 Gastos en bens correntes e servizos**

CODIGO CONCEPTO	GRUPO DE PROGRAMAS	NATUREZA FUNCIONAL DOS GASTOS	Creditos €	
20	920	Administración Xeral	20.475,84 €	20.475,84 €
21	920	Administración Xeral	11.567,72 €	11.567,72 €
22	920	Administración Xeral	151.684,71 €	11.161.390,39 €
	230	Administración Xeral Servizos Sociais	48.077,24 €	
	1621	Recollida de residuos	6.323.454,83 €	
	1622	Xestión de residuos sólidos urbanos	315.358,11 €	
	1623	Tratamento de residuos	4.022.815,50 €	
	169	Outros servizos de benestar comunitario	300.000,00 €	
	334	Promoción cultural	- €	
	341	Promoción y fomento del deporte	- €	
	241	Fomento del empleo	- €	
23	920	Administración Xeral	2.901,52 €	7.901,52 €
	230	Administración Xeral, Servizos Sociais	5.000,00 €	
TOTALCAPITULO			11.201.335,47 €	



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS 2020
ESTADO DE GASTOS
CLASIFICACION ECONOMICA

CAPITULO **4 Transferencias corrientes**

CODIGO CONCEPTO	GRUPO DE PROGRAMAS	NATUREZA FUNCIONAL DOS GASTOS	Creditos €
46	162	Transferencias corrientes a ayuntamientos	0,00
	920	Transferencias corrientes a ayuntamientos	0,00
48	230	Administración Xeral, Servicos Sociais	40.000,00 €
TOTALCAPITULO			40.000,00 €



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS 2020
ESTADO DE GASTOS
CLASIFICACION ECONOMICA

CAPITULO **6 Inversiones reales**

CODIGO CONCEPTO	GRUPO DE PROGRAMAS	NATUREZA FUNCIONAL DOS GASTOS	Creditos €
623		Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje	- €
626		Equipos para procesos de información	3.000,00 €
636		Equipos para procesos de información	- €
	920	Administración Xeral	
TOTALCAPITULO			3.000,00 €



ORZAMENTO CONSORCIO AS MARIÑAS
RESUME

2.020

Ingresos

Cap		€		En ppto 2019	
3	Tasas y otros ingresos	11.245.161,62 €		10.596.953,86 €	6,12%
4	Transferencias corrientes	652.764,08 €		595.843,25 €	9,55%
5	Ingresos patrimoniales	190,79 €		1.500,00 €	-87,28%
Total		11.898.116,49 €		11.194.297,11 €	6,29%

Gastos

Cap		€			
1	Gastos de personal	653.781,02 €		648.950,76 €	0,74%
2	Gastos en bienes ctes y servicios	11.201.335,47 €		10.430.991,35 €	7,39%
4	Transferencias corrientes	40.000,00 €		40.000,00 €	0,00%
6	Inversiones reales	3.000,00 €		74.355,00 €	-95,97%
Total		11.898.116,49 €		11.194.297,11 €	6,29%

CAPITULO	ARTICULO	CONCEPTO	SUBCONCEPTO	NATURALEZA E PROCEDENCIA DOS INGRESOS	RECURSOS PRESUPUESTADOS		
					SUBCONCEPTO	ARTICULO	CAPITULO
3	30	302	302.00	TAXAS PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS Tasas pola prestación de servizos públicos básicos Servizo de recollida de basura Servizo de recollida de basura	11.245.161,62 €	11.245.161,62 €	11.245.161,62 €
4	46	462	462.00	TRANSFERENCIAS CORRIENTES De Entidades Locales De Ayuntamientos Transferencias Concellos integrantes Consorcio	652.764,08 €	652.764,08 €	652.764,08 €
5	52	520	520.00	INGRESOS PATRIMONIALES Intereses de depósitos Intereses de depósitos Intereses de depósitos	190,79 €	190,79 €	190,79 €
TOTAL INGRESOS					11.898.116,49 €	11.898.116,49 €	11.898.116,49 €

Previsiones iniciales de ingresos

cap		
3	tasas y otros ingresos	11.245.161,62 €
4	transferencias corrientes	652.764,08 €
5	Ingresos patrimoniales	190,79 €
	total	11.898.116,49 €

Previsiones iniciales de gastos

cap		
1	gastos de personal	653.781,02 €
2	gtos en bs ctes y servicios	11.201.335,47 €
4	Transferencias corrientes	40.000,00 €
6	Inversiones reales	3.000,00 €
	total	11.898.116,49 €

Clasificación económica	302 Taxa recollida e tratamento de residuos urbáns	
Importe:	11.245.161,62 €	1.871.037.461 Pts
Observacións	ingreso por imposición de tasa por recogida y tratamiento de residuos urbanos	

Clasificación económica	462 Transferencias Concellos integrantes Consorcio		
Importe:	652.764,08 €		
Observacións	Aportacións dos Concellos integrantes do Consorcio. (Artigo 26 Estatutos)		
	<i>Concello</i>	<i>Aportación</i>	<i>Porcentaxe</i>
			<i>Población (01/01/18)</i>
	Abegondo	25.959,12 €	3,9768%
	Bergondo	31.423,41 €	4,8139%
	Betanzos	61.476,02 €	9,4178%
	Cambre	117.102,61 €	17,9395%
	Carral	29.957,30 €	4,5893%
	Culleredo	143.843,09 €	22,0360%
	Oleiros	169.249,98 €	25,9282%
	Sada	73.751,24 €	11,2983%
		652.764,08 €	100,00%
			137.144

	Plan Coordinador de Servicios Sociales		Cancería e lacería		
	euros	%	euros	%	2020
Abegondo	25.959,12 €	3,9768%	14.028,72 €	3,9768%	11.930,40 €
Bergondo	31.423,41 €	4,8139%	16.981,71 €	4,8139%	14.441,70 €
Betanzos	61.476,02 €	9,4178%	33.222,62 €	9,4178%	28.253,40 €
Cambre	117.102,61 €	17,9395%	63.284,11 €	17,9395%	53.818,50 €
Carral	29.957,30 €	4,5893%	16.189,40 €	4,5893%	13.767,90 €
Culleredo	143.843,09 €	22,0360%	77.735,09 €	22,0360%	66.108,00 €
Oleiros	169.249,98 €	25,9282%	91.465,38 €	25,9282%	77.784,60 €
Sada	73.751,24 €	11,2983%	39.856,34 €	11,2983%	33.894,90 €
	652.764,08 €		352.764,08 €		300.000,00 €

17386,1677 14441,7

93643,83 77784,6

361165,9506 300000

Que cubre la tasa de residuos sólidos? 11.245.161,62 €

CESPA	6.323.454,83 €
ALBADA	2.926.454,46 €
GESTAN	1.096.361,04 €

Serv. Recaudación 315.358,11 €

Gastos grales Consorcio (€) 583.723,97 €

11.245.352,41 €

Intereses de depósitos **190,79 €**

Comparativa entre años grandes magnitudes:

	2019	2020	diferencias		
Gastos generales Consorcio	657.905,37 €	583.723,97 €	- 74.181,40 €	-12,71%	
Plan Coordinador Servicios Sociales	355.905,38 €	352.764,08 €	- 3.141,30 €	-0,89%	
Servicio de recaudación por tasa	312.713,33 €	315.358,11 €	2.644,78 €	0,84%	
Coste recogida	5.904.760,24 €	6.323.454,83 €	418.694,59 €	6,62%	
Coste tratamiento y eliminación	3.723.074,92 €	4.022.815,50 €	299.740,58 €	7,45%	

INFORME DE INTERVENCIÓN Ó ORZAMENTO DO CONSORCIO AS MARIÑAS. EXERCICIO 2020

I) ANTECEDENTES:

Expediente do Proxecto de orzamento, que está integrado por:

- * Memoria subscripta polo Presidente da Corporación.
- * Bases de Execución do Orzamento para o exercicio de 2020.
- * Liquidación do orzamento do exercicio 2018.
- * Avance da liquidación do orzamento 2019.
- * Estados de Gastos e Ingresos.
- * Anexo de Persoal.
- * Plantilla de Persoal
- * Anexo de Investimentos.
- * Informe económico-financeiro.
- * Estado de previsión da situación e movementos da débeda do Consorcio.
- * Informe sobre beneficios fiscais.
- * Proposta da Presidencia ao Pleno da Corporación.

O Proxecto de Orzamento Xeral do Consorcio de As Mariñas para o exercicio económico de 2020, formado polo Presidente do Consorcio, está integrado polo orzamento único da entidade xa que non hai Organismos Autónomos, nin sociedades mercantís de capital integramente propiedade do Consorcio, este deberá de ser consolidado con do Concello de Oleiros o que estamos adscritos de facto.

Polo tanto, pódese dicir que o expediente está completo e contén toda a documentación preceptiva, de acordo co previsto nos artigos 165 a 168 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e no artigo 18 do RD 500/1990.

II) LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
Esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar, en aplicación do artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria, o límite inicial de gasto non financeiro (Capítulos 1 a 7 de gastos) para o exercicio 2020, que ascende á contía de 11.898.116,49 €, coherente coa regra de gasto e co principio de estabilidade orzamentaria.

SEGUNDO.- Aprobar Inicialmente o Orzamento Xeral do Consorcio As Mariñas para o exercicio económico 2020, segundo os resumos por capítulos que se indican a continuación:

Capítulo	Ingresos	Gastos
1		653.781,02
2		11.201.335,47
3	11.245.161,62	
4	652.764,08	40.000,00
5	190,79	
6		3.000,00
7		
9		
TOTAL	11.898.116,49	11.898.116,49

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente a Plantilla que se acompaña como Anexo ao Proxecto de Orzamento.

CUARTO.- Ordenar a publicación no BOP de A Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións perante o Pleno da Corporación. O Orzamento e a Plantilla consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

QUINTO.- Remitir o orzamento aprobado o Concello de Oleiros co fin de consolidalo co seu propio orzamento.

En Bergondo a 3 de decembro de 2019

O Presidente

José Antonio Santiso Miramontes

EXPEDIENTE DE TRAMITACIÓN





Proposta ao Pleno da Corporación

Asunto: Aprobación inicial do Orzamento xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2020

Ángel García Seoane, alcalde do Concello de Oleiros, propoño ao Pleno da Corporación que, previo o dictame da Comisión informativa que corresponda, adopte o seguinte acordo:

1.- Pola alcaldía da Corporación se teñen redactados os orzamentos xerais da Corporación municipal para o exercicio do 2018, en cumprimento do que dispón o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

2.- Procede polo tanto aprobar de xeito inicial os orzamentos xerais de acordo co que dispón o artigo 168 do TRLRFL citado.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que lle outorgan as normas en vigor, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar de xeito inicial o orzamento xeral da Corporación para o exercicio do 2020, as bases de execución e o respectivo cadro de persoal, así como o resto dos documentos anexos, que ten o seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Capítulo	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	10.806.390,00 €	1	Impostos directos	11.093.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servicios	12.864.940,00 €	2	Impostos indirectos	900.000,00 €
3	Gastos financeiros	42.000,00 €	3	Taxas e outros ingresos	5.138.401,24 €
4	Transferencias correntes	1.436.270,00 €	4	Transferencias correntes	10.109.180,00 €
5	Fondo de Continxencia	50.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	413.600,00 €
Total operacións correntes		25.199.600,00 €	Total operacións correntes		27.654.181,24 €





CONCELLO DE
OLEIROS

> ALCALDÍA

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Capítulo	Descrición	Total
6	Inversións reais	6.556.480,00 €	6	Enaxenación de inversións reais	3.688.601,25 €
7	Transferencias capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	451.617,51 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	38.320,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
Total operacións de capital		6.630.800,00 €	Total operacións de capital		4.176.218,76 €
TOTAL XERAL		31.830.400,00 €	TOTAL XERAL		31.830.400,00 €

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de quince (15) días mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Ángel García Seoane.





Asunto: Orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020

Jacobo Molina Sáenz, Interventor accidental do Concello de Oleiros, en exercicio das funcións contidas no artigo 4.1.b), apartado 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e de conformidade co artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emite o seguinte

INFORME:

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.
- Regras 54 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Artigos 22.2, 90, 93, 104 e 112 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.
- Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, modificado por Real Decreto 158/96, de 2 de febreiro.
- Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, por el que se aproban medidas urgentes en materia de retribucións no el ámbito do sector público.
- Artigos 126, 153 a 157 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, pola que se aproba o texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria.
- Real Decreto 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





ANALISE DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL

En cumprimento do establecido no artigo 168.4. do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 18.4. do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Título VI da precitada Lei, procédese por parte desta Intervención á emisión de informe ao expediente do Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020.

Examinado o contido do precitado expediente e a documentación complementaria, ponse de manifesto o que segue:

1. O proxecto de orzamento xeral recolle ás previsións de gastos e ingresos do Concello de Oleiros para o exercicio 2020.

Inclúese como anexo ao presente orzamento o correspondente ao Consorcio As Mariñas, en virtude da Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, introducida pola Disposición Final 2ª da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, que suxeita os consorcios administrativos ao réxime orzamentario, contabilidade e control da Administración pública á que estean adscritos, e co fin de aumentar a transparencia sobre as contas das Administracións públicas, establece que os consorcios deben formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración territorial á que estean adscritos. Similar regulación fai o artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este respecto cómpre lembrar que, a pesar de que o Consorcio As Mariñas non aprobou a modificación dos seus estatutos, a Intervención Xeral do Estado, en aplicación do artigo 3.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, clasificou ao Consorcio As Mariñas como ente adscrito ao Concello de Oleiros, tal e como consta no Inventario de Entes do Sector Público Local e na Base de Datos Xeral das Entidades Locais. A dita adscrición ao Concello de Oleiros realízase por ser esta a administración que cumpre cos criterios de prioridade establecidos na disposición adicional 20ª da Lei 30/1992, ao ter o maior número de habitantes.

En base ás ditas normas, o Xerente do Consorcio remitiu a esta intervención o orzamento do Consorcio As Mariñas correspondente ao exercicio 2020, para a súa integración no propio do Concello de Oleiros.

2. O Proxecto do Orzamento contén os documentos establecidos nos artigos 165 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), de tal xeito que o orzamento da propia Entidade ten un estado de gastos e ingresos que ascende a cantidade de 31.830.400,00 euros.

O dito orzamento preséntase equilibrado en termos formais no senso de que a totalidade dos ingresos é igual á totalidade dos gastos, presentándose polo tanto **sen déficit contable inicial**, cumprindo así o preceptuado no artigo 165.4 do TRLRFL.





3. Preséntase correctamente a **documentación anexa** contemplada no apartado d) do artigo 166.1 do TRLFL, por canto que figura o estado detallado de previsión e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de endebedamento pendentes de reembolso a 1 de xaneiro de 2020 xunto co ratio da débeda viva do Concello de Oleiros.

4. A **estrutura orzamentaria** axustase con carácter xeral ao establecido na Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

5. En relación coas **Bases de Execución do Orzamento**, podemos afirmar que conteñen as adaptacións das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias propias do Concello de Oleiros, asemade daquelas necesarias para unha adecuada e correcta xestión durante o exercicio económico do ano 2020.

6. Obsérvase, que na elaboración do orzamento tivéronse en conta as previsións legais aplicables, de tal xeito que, tal e como se dispón no informe económico financeiro, acádase a **efectiva nivelación do orzamento** dado que consígnanse as estimacións de ingresos suficientes para atender ás previsións de gastos.

Non obstante, esta intervención entende que é necesario facer as seguintes consideracións:

A) En relación ao **ESTADO DE GASTOS**,

A.1 No capítulo 1 de gastos de persoal,

As estimacións deste capítulo foron realizadas en base ao cadro de persoal remitido polo departamento de persoal, e de acordo á relación de postos de traballo aprobada polo Pleno do Concello o 29/11/2018, que entrou en vigor con efectos 1 de decembro de 2018, e tendo en conta as modificacións do cadro de persoal e da RPT que se sinalan no dito informe.

Así mesmo, increméntanse na porcentaxe do 0,25% establecida no Real Decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicado desde o 1 de xullo de 2019.

Ademais, prevese un incremento das retribucións do 2,30%, en previsión da aplicación da Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, o cal queda supeditado ata a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2020 no que se aprobe o incremento das retribucións do persoal para este ano.

Por outra banda, compre ter en conta o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios da Administración Local,





que sinala que os **créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións** e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída la referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario correspóndanlle polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

A cantidade resultante destinarase:

- a. Ata un máximo do 75 % para complemento específico.
- b. Ata un máximo do 30 % para complemento de produtividade.
- c. Ata un máximo do 10 % para gratificacións.

Tal e como indica a TAE de Recursos Humanos no seu informe de data 30 de outubro de 2019, o importe do complemento específico excede do límite do 75% establecido no citado Real Decreto 861/1986.

Respecto ao cadro de persoal, e segundo o citado informe, realízase a amortización de 15 prazas de operario de limpeza de edificios públicos (vacantes na actualidade), así como a creación de 2 prazas de auxiliar administrativo. A modificación destas prazas deberá ter o seu reflexo na variación dos postos de traballo correspondentes mediante a modificación da Relación de Postos de Traballo municipal.

Ademais, en relación ás dúas prazas de nova creación, compre sinalar que estas non figuran dotadas orzamentariamente no anexo de persoal como persoal funcionario, polas limitacións que establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para a incorporación de novo persoal (aplicables, segundo a xurisprudencia, unicamente aos orzamentos, e non ao cadro de persoal e RPT), que nos derradeiros anos estivo limitada á taxa de reposición de efectivos máis uns incrementos adicionais establecidos para cada ano.

Por este motivo, a convocatoria destas prazas de nova creación debe quedar condicionada á súa inclusión previa na Oferta de Emprego Público, logo de cumprir os requisitos que estableza a Lei de Orzamentos Xerais para 2020 respecto da incorporación de novo persoal.

Non obstante, tendo en conta as necesidades postas de manifesto polos servizos de persoal e contratación, estas dúas prazas figuran consignadas no presente orzamento como persoal laboral temporal, dentro dos supostos establecidos para estes casos pola lei de orzamentos do Estado.

A.2 No capítulo 2 de gastos en bens correntes ou servizos, consignáronse as cantidades necesarias para facer fronte ao longo do exercicio ás obrigas derivadas dos distintos contratos de servizos, subministros, mantemento, asistencia etc.

En relación cos gastos comprendidos neste capítulo, é preciso ter en conta o artigo 32 da LOEPSF, que regula o destino do superávit orzamentario, establece que no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase a reducir o





endebedamento neto. Esta obriga restrinxe á posibilidade de incorporar remanentes de crédito con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, polo que, no caso de que ao peche do exercicio 2019 existan remanentes de crédito que non poidan incorporarse ao orzamento de 2020, deberán imputarse aos créditos iniciais de 2020 os correspondentes gastos.

A este respecto, cómpre ter en conta que a disposición adicional sexta da LOEPSF, introducida pola LO 9/2013, de control da débeda comercial no sector público, e mediante a que se establecían unhas regras especiais para o destino do superávit orzamentario (entre os que se incluía *atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento", e cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pagamento con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior*). Estas medidas, inicialmente aplicables ao orzamento de 2014, foron prorrogadas para os orzamentos de 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019 (Real Decreto-lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para o 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e de las entidades locais para investimentos financeiramente sostibles e se adoptan outras medidas en relación coas funciones do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional). Ao non estar aprobada a Lei de orzamento do Estado para 2020, haberá que agardar a ver a regulación que realice ao respecto.

A.3 En relación aos gastos do **capítulo 6 de investimentos**, debe terse presente o disposto no artigo 173.6 do TRLFL, por canto "a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada en todo caso, á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, no caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros tidos en contas nas previsións iniciais do orzamento a efecto da súa nivelación e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos ditos recursos na forma prevista pola Lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas a realizar".

Por outra banda, cómpre sinalar que o anexo de investimentos finánciase na cantidade de 3.688.601,25 euros con ingresos derivados da venda de solo. O artigo 173.6 do TRLRFL antes citado non resulta aplicable ao proxectos que se financian con venda de solo, polo que é imprescindible que exista unha coordinación entre a execución do gasto público e do ingreso que o financia, aos efectos de non repercutir negativamente na Tesouraría Municipal e cumprir cos obxectivos fixados na lei de estabilidade orzamentaria.

B.- En relación ás PREVISIÓNS DE INGRESOS.

B.1. As previsións polos distintos conceptos incluídos nos capítulos 1 de "Impostos directos", 2 de "impostos indirectos" e 3 de "taxas e outros ingresos" responden bastante ben á tendencia xeneralizada dos derradeiros anos.

Ademais, axústanse ás estimacións realizadas pola TAE de Inspección fiscal. Non obstante, non debemos esquecer que se trata de meras previsións que finalmente poden cumprirse ou non, polo que é necesario realizar un control dos ingresos que efectivamente se





recoñecen ao longo do exercicio, para que, no caso de que estes non acadasen as correspondentes previsións orzamentarias, poidan adoptarse as medidas de diminución dos gastos necesarias para evitar liquidar o orzamento con déficit. Esta obriga ven establecida polo artigo 18 da LOEPSF sinala que “as Administracións Públicas farán un seguimento dos datos da execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria”.

B.2 Respecto dos ingresos do **capítulo 4** por transferencias correntes, reiterar que faise preciso realizar durante a execución do orzamento un control rigoroso da execución real destes ingresos, para que, no caso de que estas previsións non se cumpran, se poida axustar a execución do gasto corrente na contía necesaria para evitar déficits, e dar cumprimento ao establecido no artigo 18 da LOEPSF.

B.3 En canto os ingresos que financian o **capítulo 6 de investimentos**, cun importe de 6.556.480,00 euros para este ano, a distribución é a que segue: 32,21 % con aforro neto, o 56,26 % con venda de solo, e 11,53 % con subvencións do Estado, Xunta e Deputación e achegas de particulares.

En relación aos ingresos afectados, recordar novamente que no caso de axudas e subvencións, a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada á existencia de documentos fehacientes que acrediten compromisos firmes de achega, tal e como prescribe o artigo 173.6 do TRLFL.

7.- Aínda que esta cuestión será obxecto mais detallado nun informe independente, de conformidade coas previsións da lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, cómpre sinalar que o proxecto do Orzamento do Concello de Oleiros para o 2019, **cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto.**

8. As previsións de ingresos e gastos do proxecto de orzamento de 2019 son **conformes ao marco orzamentario para o período 2020-2022** aprobado mediante Decreto da Alcaldía número 2019000979, de 18 de marzo, e as **liñas fundamentais** para súa elaboración aprobadas por decreto da alcaldía 2019003672, de 17 de setembro, unicamente con incrementos do capítulo 6 de alleamento de investimentos reais, ao que lle resulta de aplicación o artigo 173.6 do TRLFL indicado anteriormente.

9. Incúmprese o prazo legalmente establecido para a formulación do citado documento orzamentario que tiña que ser elevado ao Pleno do Concello para a súa aprobación, emenda ou devolución, antes do 15 de outubro do exercicio 2019, segundo o disposto polo artigo 168.4 do citado RDL 2/2004.

10. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase o público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno.





O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O que informo aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo interventor accidental, Jacobo Molina Sáenz.





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2020.

INFORME DE INTERVENCIÓN

En virtude do previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, así como no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, e de conformidade co artigo 4.1.b), apartado 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación ao o proxecto do orzamento do Concello de Oleiros para o ano 2020, emito o seguinte:

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).
- Artigo 16.2 do Real Decreto 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orden Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 e novembro.
- Artigos 54.7 e 146.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Manual de cálculo do déficit de contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado.
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da LOEOSF, publicado pola IGAE, 3ª edición de novembro de 2014.
- Manual SEC 2010 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018 de aprobación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e teito de gasto para o período 2019-2021.

Primeiro.- A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e outras actuacións que afecten a aos gastos e ingresos das Entidades Locais someterase aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 de Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A estes efectos, enténdese por **estabilidade orzamentaria** das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Tal e como establece o artigo 11.3 e 11.4 da LO 2/2012, as Corporacións Locais non poden incorrer en déficit estrutural, definido como o déficit





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, debendo manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Segundo establece o artigo 12 da LO 2/2012, a **variación do gasto** computable non pode superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. A estes efectos, enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiada con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento. O Ministerio de Economía e Competitividade publicará a taxa de referencia de crecemento do PIB para o cálculo da regra de gasto, de acordo co establecido no artigo 12.3 da LO 2/2012.

Ademais, debe de cumprirse co principio de **sustentabilidade financeira**, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

Segundo.- Tal e como establece o artigo 16 do Real Decreto 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, a intervención local elevará ao Pleno un **informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade** da propia entidade local e dos seus organismos autónomos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se proba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Interventor comprobará que os empregos non financeiros non superan a taxa de referencia do PIB, logo de descontar os intereses da débeda, as transferencias finalistas das administracións públicas e as transferencias vinculadas ao sistema de financiamento.

Igualmente, o Interventor avaliará a capacidade para financiar os compromisos presentes e futuros dentro dos límites da déficit e débeda pública, de conformidade co establecido na normativa europea e na Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Terceiro.- Tal e como indiquei anteriormente, o **obxectivo de estabilidade orzamentaria** identifícase coa situación de equilibrio ou superávit estrutural, o cal implica que en cada orzamento os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade de investimento municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense por **diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes** relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.





CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Os axentes que constitúen a Administración Local, segundo establece o artigo 2.1.d) do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional):

- Entidade Local: **Concello de Oleiros**
- Organismos Autónomos: Non existen.
- Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen.

Segundo a información que consta na Base de Datos Xeral de Entidades Locais (BDGEL), están adscritos ao Concello de Oleiros os seguintes entes:

- Consorcio As Mariñas
- Grupo de Acción Local Terra das Mariñas

En relación ao primeiro deles, sinalar que A Disposición Adicional 20ª da Lei 30/1992, introducida pola Disposición Final 2ª da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local, suxeita os consorcios administrativos ao réxime orzamentario, contabilidade e control da Administración pública á que estean adscritos, e co fin de aumentar a transparencia sobre as contas das Administracións públicas, establece que os consorcios deben formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración territorial á que estean adscritos. Similar regulación fai o artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

A este respecto cómpre lembrar que, a pesar de que o Consorcio As Mariñas non aprobou a modificación dos seus estatutos, a Intervención Xeral do Estado, en aplicación do artigo 3.1 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, clasificou ao Consorcio As Mariñas como ente adscrito ao Concello de Oleiros, tal e como consta no Inventario de Entes do Sector Público Local e na Base de Datos Xeral das Entidades Locais. A dita adscrición ao Concello de Oleiros realízase por ser esta a administración que cumpre cos criterios de prioridade establecidos na disposición adicional 20ª da Lei 30/1992, ao ter o maior número de habitantes.

Segundo os estatutos actuais do Consorcio, corresponde ao pleno dese ente a aprobación do orzamento, polo que a verificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto para o conxunto de entidades que conforman do sector administracións públicas desta Corporación realizarase posteriormente.

En relación ao GAL Terra das Mariñas, sinalar que actualmente non desenvolve actividade algunha, estando pendente de aprobarse a liquidación do dito ente.





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 do TRLGEP, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 2010).

➤ Sociedade Mercantil: Non existen.

2. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DAS PREVISIÓNS DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020:

A) ORZAMENTO DE INICIO:

Segundo se desprende do cadro seguinte, a diferenza entre os importes previstos nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, sen realizar ningún axuste, é de **38.320 euros**.

Antes de axustes	Prev. Inic. Ingresos	Créd. Inic. gastos
Capítulo 1	11.093.000,00 €	10.806.390,00 €
Capítulo 2	900.000,00 €	12.864.940,00 €
Capítulo 3	5.138.401,24 €	42.000,00 €
Capítulo 4	10.109.180,00 €	1.436.270,00 €
Capítulo 5	413.600,00 €	50.000,00 €
Capítulo 6	3.688.601,25 €	6.556.480,00 €
Capítulo 7	451.617,51 €	0,00 €
Total Capítulos 1 ao 7	31.794.400,00 €	31.756.080,00 €

Capacidade/Necesidade de financiamento ANTES de axustes: 38.320,00 euros

B) AXUSTES A REALIZAR AO ORZAMENTO DE INGRESOS

Conforme ao Regulamento (CE) 2516/2000, interpretado polo Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, dependente do Ministerio de Economía e Facenda, deben practicarse os seguintes axustes para adaptar a información aos principios contables do Sistema europeo de contas de 2010 (SEC 2010)

Capítulos 1, 2 y 3 do Estado de Ingresos:

O axuste farase polo importe dos cobros dos exercicios corrente e pechados destes capítulos. Se as previsións superan os cobros, o axuste do saldo orzamentario será negativo, é dicir, reduce o saldo orzamentario. No caso contrario, o axuste sería positivo.

Para este axuste tomaremos como estimación de ingreso a porcentaxe media da recadación neta obtida nos exercicios 2017, 2018 e na previsión de 2019.

Deste xeito, o axuste a realizar nas previsións de ingresos pola recadación de corrente é o seguinte:





	Estimación DR	Estimac. Recadac. Liq. Cte	Estimac. Recadac. Liq. Pechados	Estimac. Recadac. Liq. Total	Axuste
Cap 1	11.093.000,00 €	10.280.910,59 €	490.003,41 €	10.770.914,00 €	- 322.086,00 €
Cap 2	900.000,00 €	875.442,40 €	10.788,73 €	886.231,13 €	- 13.768,87 €
Cap 3	5.138.401,24 €	4.725.104,22 €	260.334,40 €	4.985.438,62 €	- 152.962,62 €
	17.131.401,24 €	15.881.457,21 €	761.126,54 €	16.642.583,75 €	- 488.817,49 €

Polo que, aplicando o principio de caixa, resulta un axuste é negativo de **488.817,49** euros, diminuíndo as previsións de ingresos do proxecto do orzamento do exercicio 2020 xa que os cobros de corrente e pechados son inferiores ás previsións iniciais de ingresos.

Capítulo 4 transferencias correntes.

a) Subconcepto 420.00 Participación en tributos del Estado.

Deberá realizarse axuste cando existan diferenzas no momento ou na contía dos importes contabilizados por este concepto. Dado que o Concello de Oleiros utiliza como criterio de contabilización destes ingresos o de caixa, no procede realizar axuste algún.

Outro axuste que procede realizar en esta fase de orzamentación é o derivado do reintegro que debe realizarse durante o 2020 da liquidación negativa correspondente aos exercicios 2008 e 2009 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera incrementando ás previsións de ingreso por este concepto en 2020, no caso de que estas se correspondan cos dereitos recoñecidos netos no exercicio.

Deste xeito, o axuste é o seguinte:

Cap.	Prev. inic	Dev. PTE 2008	Dev. PTE 2009	Axuste	Prev. Axustada
Conc. 420	7.500.000,00 €	21.569,16 €	45.374,88 €	66.944,04 €	7.566.944,04 €

b) Resto de conceptos.

Deberá realizarse axuste no caso de que existan diferenzas de criterio contable entre a entidade pagadora e a perceptora, o cal non se produce.

Deste xeito, neste apartado non corresponde facer ningún axuste.

Capítulo 5 de Ingresos:

As estimacións iniciais por intereses de depósitos ascenden no proxecto do orzamento para o ano 2020 a 2.000 euros, segundo os datos do concepto 52100 do orzamento de ingresos.

Os intereses deberán rexistrarse segundo o criterio de devengo, polo que a dita previsión de ingresos debe de corresponderse cos intereses realmente devengados no 2020, independentemente de se foron cobrados no 2019 ou se se cobrarán no 2021. En todo caso,





entendo que este será un axuste que debe practicarse no momento de calcular a estabilidade derivada da liquidación do orzamento de 2020, e non no momento de aprobación do orzamento.

Capítulo 7 transferencias de capital.

Non procede ningún axuste dado que non existen diferenzas de criterio contable entre a entidade pagadora e a perceptora.

Axuste por devolución de ingresos pendientes de imputar ao orzamento

Non se prevé que a 31 de decembro existan devolucións de ingresos pendentes de materializar, polo que non procede axuste algún.

RESUME DOS AXUSTES DE INGRESOS

Por lo que en conclusión, o axuste a realizar sobre as previsións de ingresos no proxecto do orzamento correspondente ao exercicio 2020 centrariáanse na minoración do saldo orzamentario na cantidade de **488.817,49 euros**, derivada do axuste das previsións de ingresos dos capítulos 1 a 3 do orzamento do ano 2020, en función da porcentaxe media de cobros realizados para estes capítulos durante os 3 últimos exercicios tanto do orzamento corrente e como dos pechados; e incremento do saldo orzamentario na cantidade de **66.944,04 euros**, derivado do axuste das previsións iniciais do concepto 420 polo reintegro da liquidación negativa da PTE correspondente aos exercicios 2008 e 2009.

Logo de aplicar os axustes correspondentes, a situación final a efectos do cálculo da estabilidade orzamentaria, a situación das previsións do orzamento de ingresos, capítulo 1 a 7 quedaría como segue:

Cap.	Prev. inic	Prev. DR	Recadac. Cte	Recadac. Pechados	Axuste cobros	Reintegro PTE 2008, 2009 e 2013	Total PI cap. 1-7 axustado
Cap. 1	11.093.000,00 €	10.910.539,20 €	10.280.910,59 €	490.003,41 €	- 322.086,00 €		10.770.914,00 €
Cap. 2	900.000,00 €	820.304,80 €	875.442,40 €	10.788,73 €	- 13.768,87 €		886.231,13 €
Cap. 3	5.138.401,24 €	4.274.822,67 €	4.725.104,22 €	260.334,40 €	- 152.962,62 €		4.985.438,62 €
Total 1-3	17.131.401,24 €	16.005.666,67 €	15.881.457,21 €	761.126,54 €	- 488.817,49 €	- €	16.642.583,75 €
Cap. 4	10.109.180,00 €	10.233.703,59 €	- €	- €	- €	66.944,04 €	10.176.124,04 €
Cap. 5	413.600,00 €	458.411,29 €	- €	- €	- €		413.600,00 €
Cap. 6	3.688.601,25 €	1.969.613,39 €	- €	- €	- €		3.688.601,25 €
Cap. 7	451.617,51 €	87.013,93 €	- €	- €	- €		451.617,51 €
Total 4-7	14.662.998,76 €	12.748.742,20 €	- €	- €	- €	66.944,04 €	14.729.942,80 €
Total 1-7	31.794.400,00 €	28.754.408,87 €	15.881.457,21 €	761.126,54 €	- 488.817,49 €	66.944,04 €	31.372.526,55 €

C) AXUSTES A REALIZAR SOBRE O ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo 2.- É necesario excluír os gastos das cotas de leasing, xa que segundo criterios de contabilidade nacional considéranse intereses e gastos financeiros. É dicir a parte da cota de





CONCELLO DE
OLEIROS

> ECONOMÍA E FACENDA

leasing financeiro que corresponde á devolución de capital pasaría do Capítulo 2 ao Capítulo 9 do estado de gastos.

No proxecto do orzamento para o ano 2020 non se prevé ningunha operación de arrendamento financeiro con opción de compra, polo que non procede axuste por este concepto.

Capítulo 3.- Os intereses rexístranse segundo o criterio de devengo, polo que o crédito inicial consignado neste capítulo debe de corresponderse cos intereses realmente devengados no 2020, independentemente de se foron abonados no 2019 ou se pagarán no 2021. En todo caso, do mesmo xeito que no estado de ingresos, entendo que este será un axuste que debe practicarse no momento de calcular a estabilidade derivada da liquidación do orzamento de 2020 e non no momento de aprobación do orzamento.

Capítulo 6.- As operacións de leasing implican contabilizar polo principal unha adquisición de activo non financeiro.

- Axuste ao alza polo importe do valor do ben no Capítulo 6 no ano no que se concerte o leasing.
- Axuste á baixa polo importe residual do valor do ben no Capítulo 6 no ano no que se exerza a opción de compra.

Dado que o Concello de Oleiros non prevé para o ano 2020 ningún contrato de arrendamento financeiro con opción de compra, non procede realizar este axuste.

Outros axustes:

Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento

Trátase dun axuste aplicable na fase de liquidación do orzamento. Na fase de orzamentación debería recoller a previsión de saldo entre o gasto que non se poida aplicar ao orzamento durante 2020 e o gasto que se imputará a 2020 procedente do exercicio 2019 e anteriores, a cal non se prevé significativa.

Axuste polo grado de execución do gasto:

A 3ª edición da Guía para a determinación da regra de gasto elaborada polo Ministerio en novembro de 2014 establece que este axuste estimárase por cada Entidade Local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferencias entre as previsións orzamentarias e a execución real.

Deste xeito, tomando a porcentaxe de execución media dos últimos 3 exercicios liquidados, obtéñese o seguinte axuste:

Cap.	Créditos iniciais	Grado exec	Prev. OR	Axustes s/ créd. iniciais
Cap.1	10.806.390,00 €	89,82%	9.706.614,77 €	- 1.099.775,23 €
Cap.2	12.864.940,00 €	81,76%	10.518.203,58 €	- 2.346.736,42 €
Cap.3	42.000,00 €	30,73%	12.907,90 €	- 29.092,10 €





Cap.	Créditos iniciais	Grado exec	Prev. OR	Axustes s/ créd. iniciais
Cap.4	1.436.270,00 €	64,55%	927.065,81 €	- 509.204,19 €
Cap. 5	50.000,00 €	0,00%	- €	- 50.000,00 €
Cap.6	6.556.480,00 €	52,04%	3.411.799,90 €	- 3.144.680,10 €
Cap.7	0,00 €	30,20%	- €	- €
Total 1 a 7	31.756.080,00 €		24.576.591,96 €	- 7.179.488,04 €

Tendo en conta o anterior axuste sobre créditos iniciais do estado de gastos do proxecto do orzamento correspondente ao exercicio 2020, obtemos os seguintes empregos non financeiros axustados:

TOTAL AXUSTE NETO DE GASTOS:

Capítulos	Créditos iniciais	Axustes s/ créditos iniciais	Total Cap. 1 a 7 Axustado
Cap.1	10.806.390,00 €	- 1.099.775,23 €	9.706.614,77 €
Cap.2	12.864.940,00 €	- 2.346.736,42 €	10.518.203,58 €
Cap.3	42.000,00 €	- 29.092,10 €	12.907,90 €
Cap.4	1.436.270,00 €	- 509.204,19 €	927.065,81 €
Cap. 5	50.000,00 €	- 50.000,00 €	0,00 €
Cap.6	6.556.480,00 €	- 3.144.680,10 €	3.411.799,90 €
Cap.7	0,00 €	- €	0,00 €
Total cap. 1 a 7	31.756.080,00 €	- 7.179.488,04 €	24.576.591,96 €

D) CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DO PROXECTO DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2020 DESPOIS DE APLICAR OS AXUSTES DESCRITOS ANTERIORMENTE.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, despois da aplicación dos axustes descritos, é de 6.795.934,59 euros.

Conceptos	Importes
+ Previsións iniciais de ingresos. Capítulos. 1 a 7 do orzamento de 2020	31.794.400,00 €
- Créditos iniciais de gastos. Capítulos 1 a 7 do orzamento de 2020	31.756.080,00 €
TOTAL	38.320,00
AXUSTES	
- Axustes recadación capítulo 1	- 322.086,00 €
- Axustes recadación capítulo 2	- 13.768,87 €
- Axustes recadación capítulo 3	- 152.962,62 €
+ Axuste por liquidación PIE-2008	21.569,16
+ Axuste por liquidación PIE-2009	45.374,88
+/- Axuste por devengo de intereses	- €





Conceptos	Importes
+ Axuste por grao de execución do orzamento	7.179.488,04 €
+/- Axuste por arrendamiento financiero	- €
+/- Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	- €
+/- Ajuste por devoluciones de ingresos pendentes de imputar a presupuesto	- €
Total axustes orzamento 2016	6.757.614,59 €
Ajuste por operaciones internas	- €
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	6.795.934,59 €

Este resultado positivo indica capacidade de financiamento do Concello de Oleiros derivada do proxecto de orzamento para o exercicio 2020, polo que o orzamento consolidado do Concello de Oleiros para o ano 2020 **cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, entendido como a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de conformidade coa definición contida no SEC 2010.

Terceiro.- Análise do cumprimento da regra de gasto

A Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2082/2014, de 7 de novembro, elimina a obrigatoriedade de remitir o informe do interventor sobre o cumprimento da regra de gasto por parte do orzamento aprobado. Non obstante, no presente informe inclúese o dito cálculo, dado que é necesario ademais para determinar o límite de gasto non financeiro do Concello de Oleiros.

O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento o produto interior bruto a medio prazo da economía española.

Para poder valorar o cumprimento da regra de gasto, é necesario obter previamente o importe do gasto computable aprobado para o exercicio precedente. Aos efectos da regra de gasto, enténdese por gasto computable o gasto non financeiro, excluindo os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas.

Segundo acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, o gasto computable do Concello de Oleiros para o exercicio 2020 non pode superar en máis do 2,90 o gasto computable do ano anterior. Sen embargo, este umbral de gasto computable pode variar á alza ou á baixa, no caso de que se aproben cambios normativos que supoñan respectivamente aumentos o diminucións permanentes na recadación, e pola contía equivalente.

O cálculo do gasto computable do **exercicio 2020** é o seguinte:

	CALCULO DA REGRA DE GASTO	Ano 2020
+	Cap. 1 Gastos de Persoal	10.806.390,00 €
+	Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	12.864.940,00 €
+	Cap. 3 Gastos financeiros	42.000,00 €
+	Cap. 4 Transferencias correntes	1.436.270,00 €
+	Cap. 5 Fondo de contingencia	50.000,00 €





+	Cap. 6 Investimentos reais	6.556.480,00 €
+	Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
=	A) EMPREGOS NON FINANCEIROS	31.756.080,00 €
+/-	Axustes SEC 95 do estado de gastos	- 7.679.488,04
	(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	
	(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto	- 7.179.488,04 €
	- Alleamento de terreos e demais invest. Reais	- 500.000,00 €
	+ Achega de capital EDAR BENS (soc. mercantil de mercado. Non administrac. pública)	
+/-	Axustes de consolidación orzamentaria	
=	B) EMPREGOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS	24.076.591,96 €
-	Intereses da débeda	
-	Gastos financiados con fondos finalistas da UE/AAPP	1.491.436,86 €
-	Gastos derivados de Invest. Financ. sostibles	
=	GASTO COMPUTABLE	22.585.215,10 €

O Límite da regra de gasto ao que debe axustarse á liquidación do orzamento de 2020 queda fixado en 22.585.215,10 euros.

Tendo en conta que a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade é do 2,90%, o límite da regra de gasto para 2020 queda establecida en 23.132.221,82 euros, segundo o seguinte cálculo:

Limite do gasto computable exercicio 2019 (segundo PEF)	22.237.338,99 €
Taxa de referencia crecemento do PIB m/p	2,90%
Incremento por aplicación da regra de gasto	644.882,83 €
+ Cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación	250.000,00 €
Límite da regra de gasto 2020	23.132.221,82 €

O gasto computable do proxecto de orzamento de 2020 está por debaixo do límite de gasto aplicable en 2020 na cantidade de **547.006,72** euros, o que representa un decremento do 2,36 %.

Cuarto.- Determinación do límite de gasto non financeiro e cumprimento da regra de gasto do ámbito do Concello de Oleiros para 2020

O artigo 30 da LOEPSF establece que as Corporacións Locais aprobarán, nos seus ámbitos respectivos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto (definida no artigo 12 da dita lei), que marcará el teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Para calculalo pódese partir dos ingresos non financeiros previstos e validar posteriormente o cumprimento da regra de gasto ou á inversa, é dicir, a partir do límite máximo de gasto computable e validar posteriormente a coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado.





Este límite, calculado a partir dos ingresos non financeiros previstos y aplicando a restrición da regra de gasto, permite dar cumprimento aos obxectivos establecidos de estabilidade orzamentaria e de endebedamento. Deste xeito, a obtención do límite de gasto non financeiro responde aos seguintes cálculos:

a) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Deste xeito, a obtención do límite de gasto non financeiro responde aos seguintes cálculos:

Importe	2020
Ingresos non financeiros orzamento 2020	31.794.400,00 €
Obxectivo de déficit	0%
Axustes SEC-2010 orzamento 2020	6.757.614,59 €
1. Ingresos:	
Recadación capítulos 1, 2 e 3 de ingresos	-488.817,49 €
+ Axuste por devolución PIE 2008-2009	66.944,04 €
- Devoluc. Ingresos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €
2. Gastos:	
Inxecución do gasto	7.179.488,04 €
Gasto non financeiro máximo	38.552.014,59 €

b) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto

Pártese do límite do gasto computable para 2019 segundo o Plan Económico Financeiro aprobado, engádense os créditos previstos para o pagamento dos intereses da débeda, os gastos financiados con fondos finalistas, así como os axustes SEC 2010 do orzamento de gastos:

Restrición límite da regra de gasto 2020 (segundo límite de gasto para 2019 previsto no PEF + variac. Permanentes na recadación + 2,9%)	23.132.221,82 €
+ Intereses de la deuda 2020	- €
+ Gastos financiados con fondos finalistas UE/AAPP 2020	1.491.436,86 €
+ / - Axustes SEC de gastos orzamento 2020	7.179.488,04 €
+ Obrigas Recoñecidas derivadas de IFS 2020	0,00 €
Límite de gasto no financeiro coherente coa regra de gasto	31.803.146,72 €

c) Límite de gasto non financeiro

Polo tanto, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Oleiros en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2020 é de 31.803.146,72 euros, o menor dos calculados anteriormente:

Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade	38.552.014,59 €
Gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto	31.803.146,72 €
Límite de gasto non financeiro	31.803.146,72 €





Polo tanto, os gastos non financeiros totais derivados do proxecto de orzamento para o 2020, nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), que ascenden a 31.756.080,00 euros, **cumpren co límite de gasto non financeiro.**

Quinto.- O cumprimento do **principio de sustentabilidade financeira** verificarase comprobando que a capacidade de asumir os compromisos presentes e futuros é compatible cos obxectivos de déficit e débeda pública.

O artigo 13 da LO 2/2012 regula a instrumentación do principio de sustentabilidade financeira, indicando que o volume de débeda pública, definida de acordo co protocolo sobre procedemento de déficit excesivo, do conxunto das Administracións Públicas non poderá superar o 60% do PIB nacional expresado en termos nominais, ou o que se estableza pola normativa europea.

Este límite distribuirase de acordo coas seguintes porcentaxes, expresadas en termos nominais do PIB nacional: 44% para a administración central, 13% para o conxunto das Comunidades Autónomas e 3% para o conxunto das Corporacións Locais. A administración o seu límite de débeda non poderá realizar operacións de endebedamento neto.

Este límite conxunto para todas as Corporacións Locais non se distribúe individualmente para cada entidade, polo que os límites de endebedamento aplicables a cada entidade local, sen embargo, son os determinados no artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, tendo en conta o que establece o artigo 14.3 do RDL 8/2010 no que se refire ás operacións a corto prazo; a disposición final 18ª da Lei 2/2012 no que se refire ás operacións de crédito a longo prazo para financiar investimentos (aforro neto positivo e volume de endebedamento inferior ao 75% dos recursos de carácter ordinario previstos no orzamento), así como a disposición final 31ª da Lei 1/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013.

O volume de débeda viva estimado a 31/12/2019 en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes axustados é o que a continuación de detalla:

+	Ingresos correntes previstos liquidación 2019 (cap. 1-5)	28.254.139,50 €
-	Ingresos afectados a operacións de capital	- €
-	Ingresos extraordinarios dos cap. 1 a 5	- €
=	Total ingresos axustados	28.254.139,50 €
	Débeda viva a 31/12/2019	838.135,20 €
	Débeda formalizada e disposta a 31/12/2019 (c/p)	- €
	Volume de débeda total	838.135,20 €
	Porcentaxe da débeda viva	2,97%

Segundo este nivel de débeda, podemos concluir que O Concello de Oleiros **cumple co principio de sustentabilidade financeira** regulado na L.O. 2/2012.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Interventor accidental, Jacobo Molina Sáenz.



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o ano 2020

ANUNCIO

Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2020, aprobou inicialmente o orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, así como as bases de execución, o cadro de persoal e o resto dos documentos anexos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención Xeral deste Concello polo prazo de quince días hábiles –o cal comezará a contar desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia–, a fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, dirixidas estas ao alcalde desta corporación.

No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia.

Oleiros, 4 de febreiro de 2020.

O alcalde

Ángel García Seoane

2020/862



Oleiros

Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros

Oleiros, 26 de febreiro de 2020

Prezado Alcalde:

Acompañan a este escrito que hoxe presentamos a través do Rexistro Municipal unha relación de propostas que o Bloque Nacionalista Galego de Oleiros quere facer chegar ao goberno municipal en materias como a promoción económica e a dinamización da economía local, a igualdade, a mellora e ampliación dos servizos municipais, a eficiencia enerxética, as políticas de benestar animal, a vivenda, a accesibilidade universal ou a dinamización turística.

Quixémoslas achegar, por escrito, aproveitando que está próximo a concluír o proceso de aprobación do proxecto de orzamentos municipais do noso Concello para o presente ano 2020. Estamos, de feito, en pleno período de exposición pública do dito proxecto e de presentación de alegacións; e se ben non quixemos -conscientemente- darlle ese formato a ningunha destas propostas si que, como xa expuxemos na nosa intervención da sesión plenaria do pasado 30 de xaneiro, no BNG consideramos que todas elas poderían ter cabida en dito orzamento sen colidir cos outros proxectos e previsións que este xa recolle.

No BNG ollamos con preocupación como moitos dos debates que se están a xerar nos últimos tempos na nosa política local pouco ou nada teñen a ver cos intereses e necesidades das nosas veciñas e veciños e como o único que se fai é tratar de trasladar, con formas por certo cada vez menos afortunadas, á institución municipal o clima de confrontación e deterioro que se vive noutros ámbitos, especialmente na política estatal.

Máis que nunca, pensamos, é a hora de demostrar que a política se pode e se debe exercer doutra forma: fuxindo do terreo do ruído ao terreo das propostas; facendo por construír un clima de diálogo e de entendemento, de convivencia, mesmo desde a lexítima discrepancia que uns e outros grupos poidamos ter, porén tendo sempre claro o noso nivel de responsabilidade: a que lle debemos a todas as persoas ás que representamos, votasen pola nosa opción ou non.

Ese sentimento de responsabilidade, ese afán por construír, é o que nos leva a achegar, coa mellor vontade, estas propostas. Para falarmos de calquera delas, agora ou no futuro, quedamos desde xa á túa disposición e á do teu goberno.

Recibe un saúdo,

Fran Rei García
Portavoz municipal do BNG de Oleiros

Algunhas propostas para a dinamización da economía local e o apoio ao comercio de proximidade

- Estudar a posibilidade de activar unha liña de axudas municipais para a instalación de novos comercios.
- Deseño de campañas específicas de divulgación dos comercios existentes no concello ao longo do ano e apoiadas, por exemplo, coa elaboración de materiais específicos como bolsas de papel cofinanciadas entre Concello e comercios, edición dunha publicación periódica onde se recollan novidades como apertura de novos negocios, novidades...
- Iniciativas conxuntas en campañas especiais: Nadal, Namoradas, Pascua, Rebaixas, etc. con actividades paralelas para animar o consumo no comercio local.
- Activar iniciativas de formación para comerciantes: escaparatismo, redes sociais, xestión de PEMES... por exemplo a través do Centro Municipal de Formación.
- Impulso, a través de iniciativas promocionais e de dinamización social, da feira tradicional que se celebra dúas veces ao mes na Praza da Rabadeira e de promoción, apoio e dinamización do Mercado Municipal de Perillo. Estudar a posibilidade de crear feiras de temporada, outlets e outras iniciativas de visibilización do comercio de proximidade, de acordo cos comerciantes, nos núcleos de poboación máis poboado do concello e, singularmente, en Santa Cruz e Santa Cristina.

Algunhas ideas para reforzar a aposta de Oleiros pola preservación do medio ambiente e para desenvolver unha política de activa de benestar animal

- Deseño dun plan forestal que inclúa medidas antiincendios, control de especies invasoras e seguimento á limpeza de fincas privadas, desde as de natureza urbana ás de solo rústico de especial protección.
- Deseño dunha estratexia municipal global de eficiencia enerxética que inclúa medidas concretas sobre a rede de alumado público, dotación de sistemas de xeración enerxética fotovoltaica e/ou térmica ás distintas instalacións e equipamentos de titularidade municipal.
- Deseño dun programa ético de xestión de colonias felinas nas zonas urbanas.
- Desenvolvemento de campañas periódicas para conscientizar sobre o benestar animal (coidados, adopción fronte á opción da compra, etc).
- Habilitar espazos seguros para mascotas (parques, praia) compatíbeis coa preservación do medio natural e coa convivencia coas persoas.

Apostar por un modelo de mobilidade inclusivo, deseñado tamén para as veciñas e veciños de Oleiros con diversidade funcional

- Deseño dun plan municipal de mobilidade que priorice a detección e eliminación das barreiras arquitectónicas nun horizonte temporal non superior aos 4 anos.
- Apostar pola dotación de recursos para garantir todos os dereitos para as persoas con diversidade funcional: cartelaría en braille, lingua signada en eventos públicos municipais (especialmente no destinado a público infantil)...

Un Oleiros na vangarda da igualdade de xénero e das liberdades afectivo-sexuais

- Creación dun CIM e dotación para formación en xénero de funcionariado, empresas, colectivos (especialmente comisións de festas) e persoal que traballe con menores.
- Deseñar desde o Concello un plan de dinamización de actividades dirixidas á visibilización e normalización das persoas lésbicas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

O cooperativismo e a economía social como opcións para a creación de emprego de calidade e a diversificación da economía local

- Estudar o deseño dun plan municipal de apoio á creación e á captación de cooperativas e iniciativas de economía social como alternativas para a empregabilidade e a dinamización e diversificación do tecido económico local, a través de liñas de axudas económicas, cesión temporal de espazos propiedade do concello e recursos do Centro Municipal de Formación.

Vivenda

- Estudar, na liña do xa feito por outros municipios do Estado, a posta en marcha dunha bolsa municipal de vivendas en aluguer.
- Estudar a creación dun servizo ou oficina municipal de rehabilitación de vivendas para funcións de asesoramento, xestión de axudas, planificación de iniciativas e xestión de recursos.

Turismo

- Zonas de estacionamento de autocaravanas ben acondicionadas.
- Estudar as posibilidades legais de establecer unha taxa municipal específica aos apartamentos turísticos, apostando así mesmo por unha regulación municipal específica dos mesmos.

Servizos públicos e atención á cidadanía

- Creación de espazos públicos con wifi gratuíta.
- Creación dunha app móbil municipal para comunicar incidencias.
- Ampliación e mellora do sistema de administración municipal electrónica.

Obras en diferentes parroquias do concello

Liáns

- Acondicionamento do Camiño do Saber de Santa Cruz, desde a pontella do río até o colexio.

Nós

- - Renovación do parque infantil da Praza da Liberdade. Hai reparacións que son urxentes.
- - Casa do Pobo: cambio da porta traseira de acceso ao andar de abaixo e cambio das xanelas da parte alta.
- - Vilanova: construción dunha rotonda no cruzamento San Marcos - Coroto, na Av Salvador Allende.
- - Beirarrúas: mellorar accesibilidade no Seixal. Moitos desniveis que obrigan a persoas con mobilidade reducida a teren que camiñar pola calzada.
- Dar continuación á beirarrúa que vai por Salvador Allende desde Vilanova, pasando polo campo do Atlético e seguindo até a gasoleira da Chasqueira.
- CEIP Juana de Vega:
- Solución para aparcadoiro no exterior do centro (familias que van deixar e recoller as súas crianzas.
- Mesón da Auga:
 - Dúas mesas para merendeiro no parque infantil.
 - Camiño de Manuel Murguía á rúa de Anido.
- Rúa da Seara: medidas para o calmado do tránsito por esta vía, para garantir que se respecten os espazos habilitados para os peóns.
- Asfaltado de rúas: Amizade, Cabaleiros (dar continuidade á rúa até A Seara) e Pardal.
- O Valiño: creación dunha zona de beirarrúas, ou espazos seguros para o tránsito a pé, ao longo da rúa das Fiandeiras, no tramo que comunica as rúas do Valiño e Manuel Murguía.
- Definir un plan de protección integral para o zigurat da Finca Tenreiro.

Iñás

- Deseño dun “plan de coidados” no Polígono para asegurar o bo estado de conservación das súas rúas e espazos públicos.
- Intervención sobre o alumado público na Avenida das Mariñas, desde o límite municipal até o cruzamento coa rúa Mandín, de acordo coa Demarcación de Estradas e o Ministerio de Fomento.
- Transporte público: necesidade dunha conexión eficaz entre a parroquia e o resto do municipio inferior ás dúas horas actuais dos días laborábeis.
- Amaño da ponte de peóns que cruza a Avenida das Mariñas á altura do estanco.
- Revisión de sumidoiros, xa que decotío se enchen, rebordan auga e esta acaba inundando rúas e ocasionando perdas de auga innecesarias.
- Remodelación da Casa do Pobo, dotándoa de novos servizos e prestacións.

Perillo

- Renovación do parque de Cavamontes (xunto á oficina de Correos), coa mellora e ampliación dos xogos infantís xa existentes.
- Eliminación, ou renovación, do areeiro do parque do Carballido, que presenta un estado de grande insalubridade. Reubicación dos xogos infantís que hai alí instalados, inutilizados cada vez que chove.
- Intervención sobre o parque Nelson Mandela (moi urxentemente, a fonte).

Lorbé e Dexo

- Asfaltado e mellora do Camiño do Granxón (Lorbé)
- Beirarrúas en tramos das rúas de Suviña, das Palomas, A Marola, cada vez máis transitadas (futuro acceso ao novo campo de fútbol de Mera).

D. José Bonome González, Portavoz del Grupo Municipal Popular, en nombre de dicho grupo;

PRESENTA LAS SIGUIENTES ALEGACIONES A LOS PRESUPUESTOS DEL AYUNTAMIENTO DE OLEIROS 2020;

Con cargo a las partidas:

1. 61.491.21600
2. 10.920.22001
3. 52.920.22001
4. 10.920.22602
5. 52.920.22602
6. 33.491.22707
7. 10.920.22201

Todas ellas destinadas a publicidad y propaganda del Ayuntamiento de Oleiros, se destinen a las siguientes obras:

1. Parroquia de Nos: Urbanización Calle Seara; Ampliación Saneamiento
2. Parroquia de Oleiros: Cubierta Parque Infantil en Plaza de Galicia
3. Perillo: Cubierta Parque Infantil Beiramar
4. Perillo: Cubierta Parque Infantil Agramar
5. Perillo: Iluminación Parque Nirvana
6. Santa Cruz-Lians: Iluminación Señalización de los pasos de peatones
7. Santa Cruz-Lians: Construcción Parque Biosaludable
8. Santa Cruz-Lians: Mejorar la iluminación y cambiar por LED
9. Serantes: Iluminación General, especialmente en la Plaza de Ana Kiro y en la Plaza de la Bahía
10. Dexo: Alumbrado (Reparación)
11. Aumentar partida destinada a Becas Comedor, para que no se descarte ninguna Beca por falta de fondos.

Oleiros a 24 Febrero de 2020

Fdo: Jose Bonome Gonzalez
PORTAVOZ G.M.P.



Concello de Oleiros

Asunto: Informe relativo á resolución das alegacións presentadas contra a aprobación inicial do Orzamento xeral do Concello para o exercicio 2020, e aprobación definitiva deste.

Jacobo Molina Sáenz, Interventor accidental do Concello de Oleiros, en exercicio das funcións contidas no artigo 4.1.b), apartado 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e de conformidade co artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación ás reclamacións formuladas contra o acordo de 30 de xaneiro de 2020, de aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Oleiros, das Bases de Execución, así como do cadro de persoal para o exercicio 2020, emito o seguinte

INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Artigos 162 a 171 e 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Artigos 2 a 16 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/88, reguladora das facendas locais.
- Artigo 97.5 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2020, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, e de forma conxunta o Cadro de Persoal funcionario, laboral e eventual para o mesmo exercicio.

De acordo co sinalado na normativa aplicable procedeuse á publicación do anuncio correspondente no BOP número 26, do 7 de febreiro de 2020, e no Taboleiro de anuncios do Concello, e á exposición pública do documento orzamentario por un prazo de 15 días hábiles, período comprendido entre o 10 de febreiro e o 2 de marzo de 2020.

Concluído este período, presentáronse, dentro do prazo establecido, as seguintes reclamacións contra o dito acordo provisional:

- Escrito de Fran Rei García, voceiro municipal do BNG de Oleiros, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002793, de 26 de febreiro de 2020.
- Escrito de José Bonome González, voceiro do Grupo Municipal Popular, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002861, de 27 de febreiro de 2020.





Concello de Oleiros

Procede polo tanto a resolución, no prazo dun mes, das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do orzamento municipal para o vindeiro exercicio 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Os escritos presentados durante o período de exposición pública do orzamento consisten na proposta de inclusión de determinados gastos no orzamento aprobado inicialmente, polo que procédese á análise da súa consideración como emendas ao orzamento ou como reclamacións ou alegacións ao mesmo.

▪ Cualificación dos escritos presentados como emendas ao orzamento

Ambos escritos presentados correspóndense cunha **proposta de emenda** aos orzamentos do Concello de Oleiros para 2020.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG de Oleiros achega unha relación de propostas en materia de promoción económica e dinamización da economía local, igualdade, mellora e ampliación dos servizos municipais, eficiencia enerxética, políticas de benestar animal, vivenda, accesibilidade universal ou dinamización turística. Tal e como indica no propio escrito, non se trata propiamente de alegacións ao orzamento, senón de propostas para que orzamento recolla determinados gastos.

Pola súa banda, o voceiro do grupo municipal popular presenta escrito de alegacións ao orzamento consistente na solicitude de destinar o crédito das aplicacións de publicidade e propaganda que se relacionan no escrito a diversas obras de investimento, así como ao incremento do crédito da aplicación destinada a becas de comedor.

A regulación das emendas ao orzamentos municipais ven recollida no artigo 168.4 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, que establece que “sobre la base de los Presupuestos y estados de previsión a que se refieren los apartados anteriores, el Presidente de la entidad formará el Presupuesto general y lo remitirá, informado por la Intervención y con los anexos y documentación complementaria detallados en el art. 166.1 y en el presente artículo, al Pleno de la Corporación, antes del día 15 de octubre para su aprobación, enmienda o devolución.”

En idéntico sentido pronúnciase o art. 18.4 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da citada Lei en materia de orzamentos.

Pola súa banda o artigo 97.5 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento y Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) define a emenda como “la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto”. Estas deben versar sobre o contido do dictame, pudiendo supor a rectificación tanto do fondo como da forma do mesmo.





Concello de Oleiros

Deste xeito, no caso de emendas ao orzamento municipal que pretendan a incorporación de gastos ao mesmo, deben de concretar as partidas que se pretenden modificar, detallar e cuantificar economicamente os gastos a incluír no proxecto, e indicar o seu financiamento, dado que segundo o principio de estabilidade orzamentaria, o orzamento debe de aprobarse sen déficit inicial. No caso de que se propoña a substitución de gastos previstos no orzamento por outros novos, ademáis do anterior, deberán indicarse as aplicacións que se pretenden minorar, xustificando que non afecta ao cumprimento das obrigas esixibles ao Concello, nin á cobertura das necesidades derivadas da prestación dos servizos básicos do Concello.

Ademáis, cómpre ter en conta que no suposto de aprobación do orzamento, a presentación de emendas ten algunhas especialidades respecto ao procedemento xeral, dado que a lexislación de réxime local dinstingue entre a formación e elaboración do orzamento (que corresponde ao Alcalde) e a aprobación do mesmo (que compete ao Pleno da Corporación). As posibilidades do Pleno son únicamente a de aprobar o orzamento, emendalo ou devolveo. No caso de aprobarse emendas, o orzamento non pode aprobarse no mesmo acto, senón que o Alcalde debe de elaborar un novo orzamento e sometelo novamente a informe da intervención, dictame da comisión informativa e aprobación do pleno. Ademáis, neste caso en que se trata da presentación e emendas ao acordó de aprobación definitiva do documento, debería de realizarse novamente o trámite de exposición pública.

Entendo que os escritos refírense máis ben a propostas que deberían ser tido remitidas ao Alcalde antes da elaboración do documento, ou ben como emendas no momento de aprobación inicial do orzamento, pero que non teñen cabida contra o acordo de aprobación definitiva dado que, tal e como sinala o artigo 169.1 do TRLRFL, “El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones”.

Polo tanto, procede a inadmisión dos escritos presentados en canto á súa consideración como propostas ou emendas presentadas ao orzamento.

▪ **Cualificación dos escritos presentados como alegacións ao orzamento**

A continuación procede analizar se o escrito presentado pode ser considerado como alegación ao acordo inicial de aprobación do Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020.

O artigo 170.2 do TRLRFL, establece que “Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.
- b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.





Concello de Oleiros

- c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.”

Examinado o contido das reclamacións formuladas, haberá que determinar, en primeiro lugar, se os fundamentos esgrimido nestas correspóndese cos supostos contemplados no artigo 170.2 do TRLRHL, dado que diso dependerá a cualificación xurídica da reclamación como “admisible” ou non “admisible”, entendendo o funcionario que subscribe a presente que a competencia para a admisión ou non dos escritos presentados como reclamación e sen son encadrables nos supostos legalmente tipificados corresponde en todo caso ao Pleno do Concello.

A estes efectos, cómpre sinalar que os escritos presentados solicita a engádega no orzamento de determinados gastos que non teñen o carácter de “obrigas esixibles” para o Concello; non alegándose tampouco insuficiencia dos gastos orzamentados respecto ás necesidades previstas, polo que non se produce un incumprimento do artigo 170.2. b) nin c) do TRLRFL, e procede polo tanto a inadmisión dos escritos presentados como alegación ao orzamento.

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 169.1 do TRLRFL, **procede que o Pleno do Concello inadmita as seguintes alegacións:**

- Escrito de Fran Rei García, voceiro municipal do BNG de Oleiros, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002793, de 26 de febreiro de 2020.
- Escrito de José Bonome González, voceiro do Grupo Municipal Popular, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002861, de 27 de febreiro de 2020.

Consecuentemente, deberá aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020.

Posteriormente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un resume por capítulos de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral do Concello de Oleiros, tal e como sinala o artigo 169.3 do TRLRFL.

Así mesmo, segundo o artigo 169.4 da citada Lei, logo da súa aprobación remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Interventor accidental, Jacobo Molina Sáenz.





CONCELLO DE OLEIROS

ASUNTO: Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva do Orzamento do Concello de Oleiros, das Bases de Execución e do cadro de persoal para o exercicio 2020.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2020, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, e de forma conxunta o Cadro de Persoal funcionario, laboral e eventual para o mesmo exercicio.

De acordo co sinalado na normativa aplicable procedeuse á publicación do anuncio correspondente no BOP número 26, do 7 de febreiro de 2020, e no Taboleiro de anuncios do Concello, e á exposición pública do documento orzamentario por un prazo de 15 días hábiles, período comprendido entre o 10 de febreiro e o 2 de marzo de 2020.

Concluído este período, presentáronse, dentro do prazo establecido, as seguintes reclamacións contra o dito acordo provisional:

- Escrito de Fran Rei García, voceiro municipal do BNG de Oleiros, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002793, de 26 de febreiro de 2020.
- Escrito de José Bonome González, voceiro do Grupo Municipal Popular, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002861, de 27 de febreiro de 2020.

Procede polo tanto a resolución, no prazo dun mes, das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do orzamento municipal para o vindeiro exercicio 2020.

Polo exposto anteriormente, e en base ao disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e no R.D. 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo VI da citada Lei, **PROPOÑO ao Concello Pleno** que, previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda a adopción do seguinte acordo:

“Concluído o día 2 de marzo de 2020 o período de exposición pública do Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, das Bases de Execución, así como do correspondente cadro de persoal, aprobado inicialmente en sesión plenaria que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2020, e habéndose presentado dúas reclamacións contra o dito acordo provisional, as correspondentes aos seguintes escritos:

- Escrito de Fran Rei García, voceiro municipal do BNG de Oleiros, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002793, de 26 de febreiro de 2020.





**CONCELLO DE
OLEIROS**

- Escrito de José Bonome González, voceiro do Grupo Municipal Popular, presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002861, de 27 de febreiro de 2020.

Unha vez analizado o contido das citadas reclamacións, procede:

Primeiro.- Inadmitir as alegacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do Orzamento do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, interpostas por Fran Rei García, voceiro municipal do BNG de Oleiros (presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002793, de 26 de febreiro de 2020) e por José Bonome González, voceiro do Grupo Municipal Popular (presentado a través do rexistro xeral do Concello de Oleiros con número 2020002861, de 27 de febreiro de 2020), por non producirse ningún dos supostos legalmente tipificados no artigo 168 e 170.2 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, así como as correspondentes Bases de Execución e o cadro de persoal, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do TRLRHL en concordancia co artigo 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DO CONCELLO DE OLEIROS

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	10.806.390,00 €	1	Impostos directos	11.093.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	12.864.940,00 €	2	Impostos indirectos	900.000,00 €
3	Gastos financeiros	42.000,00 €	3	Taxas e outros ingresos	5.138.401,24 €
4	Transferencias correntes	1.436.270,00 €	4	Transferencias correntes	10.109.180,00 €
5	Fondo de Continxencia	50.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	413.600,00 €
6	Inversións reais	6.556.480,00 €	6	Enaxenación de inversións reais	3.688.601,25 €
7	Transferencias de capital	- €	7	Transferencias de capital	451.617,51 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	38.320,00 €	9	Pasivos financeiros	- €
TOTAL XERAL		28.001.130,00 €	TOTAL XERAL		28.001.130,00 €





**CONCELLO DE
OLEIROS**

ORZAMENTO DO CONSORCIO AS MARIÑAS

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	653.781,02 €	1	Impostos directos	0,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	11.201.335,47 €	2	Impostos indirectos	0,00 €
3	Gastos financeiros	0,00 €	3	Taxas e outros ingresos	11.245.161,62 €
4	Transferencias correntes	40.000,00 €	4	Transferencias correntes	652.764,08 €
5	Fondo de Continxencia	0,00 €	5	Ingresos patrimoniais	190,79 €
6	Inversións reais	3.000,00 €	6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €	8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL XERAL		11.898.116,49 €	TOTAL XERAL		11.898.116,49 €

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, resumido por Capítulos, o orzamento xeral, segundo o que establece o artigo 169.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en concordancia co artigo 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

Cuarto.- Proceder á remisión do Orzamento Xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2020 ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas así como ao órgano competente da Xunta de Galicia de acordo co previsto no apartado 4 do artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto.- Conceder o outorgamento de recursos contra o presente acordo que en dereito proceda.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Ángel García Seoane.



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2020

ANUNCIO

Aprobación definitiva do orzamento do Concello de Oleiros, das bases de execución e do cadro de persoal para o exercicio 2020

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria que tivo lugar o 11 de marzo de 2020, aprobou definitivamente o orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, e de forma conxunta o Cadro de Persoal funcionario, laboral e eventual para o mesmo exercicio.

De conformidade co disposto nos artigos 169.3 e 169.5 do TRLRFL, e 20.3 e 20.5 do R.D. 500/1990, faise público o resumo por capítulos dos créditos dos estados de gastos e ingresos do orzamento xeral deste Concello para o exercicio 2020.

ORZAMENTO DO CONCELLO DE OLEIROS

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	10.806.390,00 €	1	Impostos directos	11.093.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	12.864.940,00 €	2	Impostos indirectos	900.000,00 €
3	Gastos financeiros	42.000,00 €	3	Taxas e outros ingresos	5.138.401,24 €
4	Transferencias correntes	1.436.270,00 €	4	Transferencias correntes	10.109.180,00 €
5	Fondo de Continxencia	50.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	413.600,00 €
6	Inversións reais	6.556.480,00 €	6	Enaxenación de inversións reais	3.688.601,25 €
7	Transferencias de capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	451.617,51 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	38.320,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL XERAL		28.001.130,00 €	TOTAL XERAL		28.001.130,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO AS MARIÑAS

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	653.781,02 €	1	Impostos directos	0,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	11.201.335,47 €	2	Impostos indirectos	0,00 €
3	Gastos financeiros	0,00 €	3	Taxas e outros ingresos	11.245.161,62 €
4	Transferencias correntes	40.000,00 €	4	Transferencias correntes	652.764,08 €
5	Fondo de Continxencia	0,00 €	5	Ingresos patrimoniais	190,79 €
6	Inversións reais	3.000,00 €	6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €	8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL XERAL		11.898.116,49 €	TOTAL XERAL		11.898.116,49 €

Así mesmo, procédese á publicación do cadro de persoal do Concello de Oleiros para o exercicio 2020, de conformidade co artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE OLEIROS

1. PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN-GRUPO/SUBGRUPO-PAZAS

EVENTUAL:

Colaborador de área 1: 1

Colaborador de área 2: 1

Colaborador de área 3: 1

Colaborador de área 4: 1

Colaborador de área 5: 3

FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL:

Secretario Xeral: A1-1

Interventor Xeral: A1-1

Tesoureiro: A1-1

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SUBESCALAS:

TÉCNICA: A1-3

ADMINISTRATIVA: C1-12

AUXILIAR: C2- 44

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

SUBESCALA TÉCNICA

CLASE TÉCNICOS SUPERIORES:

Arquitecto: A1-2

Arquiveiro: A1-1

Asesor xurídico actividades, infraccións: A1-1

Asesor xurídico orde pública: A1-1

Asesor xurídico: A1-1

Bibliotecario: A1-1

Enxeñeiro: A1-1

Técnico de contabilidade: A1-1

Técnico de inspección de tributos: A1-1

Técnico de planificación informática: A1-1

Técnico de RRHH: A1-1

Técnico de xestión tributaria: A1-2

Técnico patrimonio contratación: A1-1

CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO:

Arquitecto técnico: A2-3

Enxeñeiro técnico: A2-2

Técnico de control de xestión: A2-1

Traballador social: A2-1

SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS**CLASE COMETIDOS ESPECIAIS:**

Auxiliar notificador: C2-1

Inspector principal: A2-1

Inspector: A2-1 (a extinguir)

Oficial: C1-6

Policía: C1-34 (2 a extinguir)

PERSONAL DE OFICIOS:

Operario de electricidade e alumeado: E (Lei 30/1984)-1

2. PERSOAL LABORAL

Administrativo informático: 2

Administrativo: 2

Animador sociocultural: 1

Animador deportivo: 1

Auxiliar condutor: 1

Auxiliar administrativo: 4

Auxiliar de biblioteca (xornada partida): 9

Auxiliar de biblioteca (media xornada): 4

Axente de emprego e desenvolvemento local: 1

Axente de emerxencias e protección civil: 9

Condutor vehículo de electricidade: 1

Condutor vehículos-padexeiro: 1

Condutor: 3

Conserxe colexios: 5

Conserxe: 5

Coordenador de ensino: 1

Delineante: 3

Deseñador-maquetador: 1

Director centro municipal de formación: 1

Educador familiar: 1

Encargado almacén: 1

Encargado de electricidade: 1

Enxeñeiro técnico informático: 2

Operador de radio: 1

Operador de son: 1

Operario de electricidade e alumeado: 1

Operario de limpeza de edificios públicos: 7

Operario de servizos albanel: 1
Operario de servizos mecánicos: 2
Operario de servizos xerais: 14
Operario de servizos xardiñeiro: 2
Operario limpeza viaria: 2
Operario de servizos carpinteiro: 2
Orientador profesional: 1
Pedagogo: 1
Programador cultural: 1
Sicólogo: 1
Técnico de inserción laboral: 1
Técnico de xestión deportiva: 1
Traballador social: 2
Vixiante de parques: 2

CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO AS MARIÑAS

1. PERSOAL FUNCIONARIO

FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL:

Secretaría: A1-1
Intervención: A1-1

2. PERSOAL LABORAL

Xerente: 1
Xestor económico financeiro: 1
Coordinador/a medioambiental: 1
Técnico/a medioambiental: 1
Técnico/a informático: 1
Auxiliar administrativo/a: 1
Auxiliar administrativo/a: 1
Técnico/a de comunicación e proxectos: 1
Administrativo/a: 2
Preparador/a laboral: 4
Psicólogo/a: 1
Técnico/a de inserción: 1
Asesor/a xurídico/a: 1

En Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde, Ángel García Seoane, con data 11 de marzo de 2020.

2020/2021